

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**3439** *Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

I

O Código penal aprobado mediante a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, é obxecto dunha completa revisión e actualización, na conciencia de que o transcurso do tempo e as novas demandas sociais evidencian a necesidade de levar a cabo determinadas modificacións da nosa norma penal. En xeral, revísase o réxime de penas e a súa aplicación, adóptanse melloras técnicas para ofrecer un sistema penal máis áxil e coherente e introdúcese novas figuras delituosas ou adécuanse os tipos penais xa existentes, co fin de ofrecer unha resposta máis adecuada ás novas formas de delincuencia; da mesma maneira, suprimense aquelas outras infraccións que, pola súa escasa gravidade, non merecen reproche penal. Gran parte da reforma está tamén orientada a cumprir os compromisos internacionais adquiridos por España.

A necesidade de fortalecer a confianza na Administración de xustiza fai preciso pór á súa disposición un sistema legal que garanta resolucións xudiciais previsibles que, ademais, sexan percibidas na sociedade como xustas. Con esta finalidade, seguindo o modelo doutros países da nosa contorna europea, introdúcese a prisión permanente revisable para aqueles delitos de extrema gravidade en que os cidadáns demandaban unha pena proporcional ao feito cometido. Neste mesmo senso, revísanse os delitos de homicidio, asasinato e detención ilegal ou secuestro con desaparición, e amplíanse os marcos penais dentro dos cales os tribunais poderán fixar a pena de maneira máis axustada ás circunstancias do caso concreto.

Xunto con isto, afróntanse dúas reformas que están orientadas a incrementar a eficacia da xustiza penal: dunha parte, modifícase a regulación da suspensión e da substitución das penas privativas de liberdade e introdúcese un novo sistema, caracterizado pola existencia dun único réxime de suspensión que ofrece diversas alternativas, que introduce maior flexibilidade e eficacia.

Doutra parte, suprimense as faltas que historicamente se regulaban no libro III do Código penal, ben que algunhas delas se incorporan ao libro II do Código reguladas como delitos leves. A redución do número de faltas –delitos leves na nova regulación que se introduce– vén orientada polo principio de intervención mínima e debe facilitar unha diminución relevante do número de asuntos menores que, en gran parte, poden encontrar resposta a través do sistema de sancións administrativas e civís.

Acométese unha revisión técnica da regulación do comiso e dalgúns aspectos da parte especial do Código penal, en concreto, dos delitos contra a propiedade, do catálogo de agravantes da estafa, administración desleal, delitos contra a propiedade intelectual e industrial, insolvencias punibles, corrupción privada, malversación, corrupción de axentes públicos estranxeiros, delitos de atentado e desobediencia, alteracións da orde pública, incendios, detención ilegal e intrusión. E tipifícanse novos delitos de matrimonio forzado,

acoso ou asexo, divulgación non autorizada de imaxes ou gravacións íntimas obtidas coa anuencia da persoa afectada e manipulación do funcionamento dos dispositivos de control utilizados para vixiar o cumprimento de penas e medidas cautelares ou de seguranza.

Refórzase a punición dos chamados delitos de corrupción no ámbito da Administración pública. Con carácter xeral, elévanse as penas de inhabilitación previstas para este tipo de delitos e engádese a imposición de penas de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo. Ademais, introdúcense novas figuras delituosas relacionadas co financiamento ilegal de partidos políticos.

Finalmente, boa parte das modificacións levadas a cabo están xustificadas pola necesidade de atender compromisos internacionais. Así, a reforma ocúpase da transposición da Decisión marco 2008/913/XAI, relativa á loita contra determinadas formas e manifestacións de racismo e xenofobia mediante o dereito penal; da Directiva 2009/52/CE, pola que se establecen normas mínimas sobre as sancións e medidas aplicables aos empregadores de nacionais de terceiros países en situación irregular; da Directiva 2011/93/UE, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil; da Directiva 2011/36/UE, relativa á prevención e loita contra o tráfico de seres humanos e á protección das vítimas; da Directiva 2013/40/UE, relativa aos ataques contra os sistemas de información e a interceptación de datos electrónicos cando non se trata dunha comunicación persoal; e da Directiva 2014/42/UE, do 3 de abril, sobre o embargo e o comiso dos instrumentos e do produto do delito na Unión Europea. Así mesmo, modifícase a actual regulación do delito de inmigración ilegal, separando claramente esta figura delituosa do delito de tráfico de seres humanos e axustando tipos e penas ás exixencias derivadas da Directiva 2002/90/CE e da Decisión marco 2002/946/XAI. Tamén se introduce a posibilidade de incluír perfís de condenados na base de datos de ADN, para dar cumprimento ás exixencias do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, feito en Lanzarote o 25 de outubro de 2007. E incorpóranse na nosa normativa penal as condutas descritas no Convenio do Consello de Europa do 28 de abril de 2014, sobre falsificación de produtos médicos e outros delitos similares que supoñen unha ameaza para a saúde pública.

## II

A reforma introduce unha nova pena de prisión permanente revisable, que poderá ser imposta unicamente en supostos de excepcional gravidade –asasinatos especialmente graves, homicidio do xefe do Estado ou do seu herdeiro, de xefes de Estado estranxeiros e nos supostos máis graves de xenocidio ou de crimes de lesa humanidade– nos cales está xustificada unha resposta extraordinaria mediante a imposición dunha pena de prisión de duración indeterminada (prisión permanente), ben que suxeita a un réxime de revisión: despois do cumprimento íntegro dunha parte relevante da condena, cuxa duración depende da cantidade de delitos cometidos e da súa natureza, acreditada a reinserción do penado, este pode obter unha liberdade condicionada ao cumprimento de certas exixencias, en particular, a non cometer novos feitos delituosos.

A prisión permanente revisable, cuxa regulación se anuncia, de ningún modo renuncia á reinserción do penado: unha vez cumprida unha parte mínima da condena, un tribunal colexiado deberá valorar novamente as circunstancias do penado e do delito cometido e poderá revisar a súa situación persoal. A previsión desta revisión xudicial periódica da situación persoal do penado, idónea para poder verificar en cada caso o necesario prognóstico favorable de reinserción social, afasta toda dúbida de inhumanidade desta pena, ao garantir un horizonte de liberdade para o condenado.

Na prisión permanente revisable, cumprida esa primeira parte mínima da pena, se o tribunal considera que non concorren os requisitos necesarios para que o penado poida recuperar a liberdade, fíxase un prazo para levar a cabo unha nova revisión da súa situación; e se, polo contrario, o tribunal valora que cumpre os requisitos necesarios para quedar en liberdade, establece un prazo de liberdade condicional en que se imporán

condicións e medidas de control orientadas tanto a garantir a seguranza da sociedade como a asistir o penado nesta fase final da súa reinserción social.

A pena de prisión permanente revisable non constitúe, por isto, unha sorte de «pena definitiva» en que o Estado se desentende do penado. Ao contrario, trátase dunha institución que compatibiliza a existencia dunha resposta penal axustada á gravidade da culpabilidade coa finalidade de reeducación a que debe ser orientada a execución das penas de prisión.

Trátase, na realidade, dun modelo estendido no dereito comparado europeo que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considerou axustado á Convención europea de dereitos humanos, pois declarou que, cando a lei nacional ofrece a posibilidade de revisión da condena de duración indeterminada con vistas á súa conmutación, remisión, terminación ou liberdade condicional do penado, isto é suficiente para dar satisfacción ao artigo 3 do Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemaña; 13-11-2014, caso Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido).

O Consello de Estado tivo tamén oportunidade de se pronunciar sobre a constitucionalidade das penas de duración indeterminada –pero revisables– ao informar con relación á ratificación por España do Estatuto da Corte Penal Internacional, no cal está prevista a posible imposición dunha pena de prisión permanente.

### III

A reforma leva a cabo unha mellora técnica na regulación da responsabilidade penal das persoas xurídicas, introducida no noso ordenamento xurídico pola Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, coa finalidade de delimitar adecuadamente o contido do «debido control», cuxo quebrantamento permite fundamentar a súa responsabilidade penal.

Con isto ponse fin ás dúbidas interpretativas que suscitara a anterior regulación, que algúns sectores interpretaran como un réxime de responsabilidade vicarial, e séguense certas recomendacións que nese senso foran realizadas por algunhas organizacións internacionais. En todo caso, o alcance das obrigacións que impón ese deber de control condiciónase, de modo xeral, ás dimensións da persoa xurídica.

Así mesmo, esténdese o réxime de responsabilidade penal ás sociedades mercantís estatais que executen políticas públicas ou presten servizos de interese económico xeral, ás cales se lles poderán impor as sancións actualmente previstas nas alíneas a) e g) do número 7 do artigo 33 do Código penal.

### IV

A reforma incorpora tamén unha revisión da regulación da suspensión da execución da pena, que ten como finalidade esencial dotala dunha maior flexibilidade e facilitar unha tramitación máis rápida desta fase inicial da execución das penas de prisión.

A experiencia viña pondo de manifesto que a existencia de antecedentes penais non xustificaba en todos os casos a denegación da suspensión, e que era por isto preferible a introdución dun réxime que permitise aos xuíces e tribunais valorar se os antecedentes penais do condenado teñen, pola súa natureza e circunstancias, relevancia para valorar a súa posible perigosidade e, en consecuencia, se lle pode conceder ou non o beneficio da suspensión; e que o mesmo criterio debía ser aplicado na regulación da revogación da suspensión. A conveniencia de introducir unha maior flexibilidade e discrecionalidade xudicial no réxime da suspensión reforzábbase polo feito de que agora, trasposta plenamente a Decisión marco 2008/675/XAI, se estableza unha plena equivalencia entre os antecedentes correspondentes a condenas impostas polos tribunais españois e as impostas por calquera outro tribunal de Estados membros da Unión Europea.

Ao mesmo tempo, ponse fin á situación actual, na cal a existencia dunha tripla regulación da suspensión (suspensión ordinaria, suspensión para o caso de delinquentes drogodependentes e substitución da pena) dá lugar, en moitas ocasións, a tres decisións sucesivas que son obxecto de reiterados recursos. Mantéñense os diversos supostos de

suspensión e substitución da pena, pero como alternativas ou opcións posibles que ofrece o réxime único de suspensión. Deste modo asegúrase que xuíces e tribunais resolvan sobre se a pena de prisión debe ser executada ou non unha soa vez, o que debe redundar nunha maior celeridade e eficacia na execución das penas.

Con esta mesma finalidade, modifícase o réxime de valoración do cumprimento da responsabilidade civil. O sistema actual de comprobación previa resulta ineficaz e pouco áxil, e dificulta que as decisións sobre a suspensión da pena poidan ser adoptadas no mesmo momento en que se dita sentenza. Por isto, introdúcese un sistema inverso ao actual: o pagamento da responsabilidade civil (e tamén, que se fixese efectivo o comiso acordado polos xuíces ou tribunais) continúa a ser un presuposto da suspensión da execución; pero é a ocultación de bens ou o feito de non fornecer información sobre os dispoñibles ou de non facilitar o comiso acordado o que determina a revogación da suspensión xa acordada.

Como alternativas posibles, dentro do réxime único de suspensión de condena que se establece, mantéñense os supostos de delinquentes que cometen o feito delituoso por causa da súa grave adicción a drogas ou substancias tóxicas e a substitución da pena de prisión por multa ou traballos en beneficio da comunidade. Pero introdúcese algunhas modificacións que tentan facer máis efectivo o sistema e que ofrecen aos xuíces e tribunais unha maior flexibilidade para a resolución xusta das diversas situacións que poidan xurdir.

No caso da suspensión, concédese liberdade aos xuíces e tribunais para resolveren sobre cales son as comprobacións que deben levarse a cabo para acreditar o cumprimento dos requisitos legais. Na suspensión da execución das penas impostas aos delinquentes drogodependentes, condicionada a que non abandonen o tratamento de deshabitación ata a súa finalización, establécese como novidade que non se considerarán abandono as recaídas durante o tratamento se estas non evidencian o seu abandono definitivo.

Por outra parte, o tradicional réxime de substitución da pena pasa a ser regulado como unha modalidade de suspensión en que o xuíz ou tribunal pode acordar a imposición (como substitutivo) dunha pena de multa ou de traballos en beneficio da comunidade. No entanto, a conversión non se produce de forma automática, senón que se ofrece a xuíces ou tribunais a posibilidade de moderaren o seu importe dentro de certos límites. Así mesmo, introdúcese como posible condición da suspensión o cumprimento do acordado entre as partes despois dun proceso de mediación, nos casos en que legalmente sexa posible. O sistema tamén resulta máis áxil no suposto de falta de pagamento da multa substitutiva imposta e, igual que no suposto anterior, será a ocultación de bens ou a falta de fornecemento de información veraz polo penado o que determinará a revogación da suspensión.

Tamén se modifica a regulación da substitución da execución da pena de prisión pola expulsión do territorio nacional. De novo, a reforma combina a procura da eficacia cun escrupuloso respecto dos dereitos individuais: axústase o límite de pena a partir do cal se poderá acordar a expulsión á regulación contida na lexislación de estranxeiría; os xuíces e tribunais deberán establecer, en todo caso, que parte da pena imposta debe ser cumprida efectivamente en prisión, cando se impuxesen penas de máis de tres anos; e a substitución condiciónase, en todos os casos, á proporcionalidade da medida. A substitución das penas de prisión pola medida de expulsión do territorio nacional no caso de delitos cometidos por un cidadán europeo establécese con carácter excepcional, reservándoo para aqueles supostos en que o seu autor representa unha ameaza grave para a orde pública ou a seguranza pública, en atención aos criterios recollidos na Directiva 2004/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros, así como na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que deberán ser tidos en conta polos xuíces e tribunais na interpretación e aplicación do precepto correspondente.

Finalmente, deben destacarse algunhas melloras técnicas na regulación. Así, precísase cal é o momento de inicio dos prazos de suspensión. Tamén se impón a xuíces

e tribunais o deber de resolver en sentenza sobre a posible suspensión da execución sempre que isto resulte posible. Cando a decisión non se poida adoptar en sentenza, artículase un trámite de audiencia para as partes. Este mesmo trámite incorpórase antes de resolver sobre a modificación das condicións ou a súa revogación, ben que neste último suposto queda salvagardada a posibilidade de que o xuíz revogue inmediatamente ante casos de risco de fuga, perigo para a vítima ou reiteración delituosa.

## V

A nova regulación mantén, sen modificacións, os supostos de concesión de liberdade condicional da lexislación anterior. Introdúcense, no entanto, tres modificacións de extraordinaria relevancia.

En primeiro lugar, inclúese un novo suposto privilexiado de acceso á liberdade condicional que será aplicable aos penados primarios, é dicir, a aqueles que cumpren a súa primeira condena en prisión e que fosen condenados a unha pena curta de prisión. Nestes casos, adiantase a posibilidade de obter a liberdade condicional ao cumpriren a metade da condena. Esta modificación reflicte o sentido xeral da reforma no sistema de penas: introdúcense mecanismos e institucións que pretenden ofrecer unha resposta contundente aos delinquentes multirreincidentes; e, dun modo coherente, ofrécense novas posibilidades de obter a liberdade aos penados primarios que presentan un pronóstico favorable de reinserción.

En segundo lugar, a liberdade condicional pasa a ser regulada como unha modalidade de suspensión da execución do resto da pena. Ao contrario do que viña sucedendo ata agora, o tempo en liberdade condicional non se computará como tempo de cumprimento de condena, senón que a concesión da liberdade condicional determinará a suspensión da execución do resto da pena durante un determinado período de tempo: se, durante ese tempo, o penado non reincidir e cumprir as condicións impostas, declararase extinguida a pena pendente de cumprimento; polo contrario, se durante ese período de liberdade condicional (ou de suspensión da execución do resto da pena) cometer un novo delito ou incumpre gravemente as condicións impostas, a liberdade será revogada e deberá cumprir toda a pena que restaba. Por esta razón, o réxime da liberdade condicional pasa a estar regulado, en gran parte, por remisión á regulación da suspensión da execución da pena.

E, finalmente, introdúcese a regulación do réxime de revisión da prisión permanente revisable como un suposto de liberdade condicional ou de suspensión da execución da pena. Se o tribunal conceder a liberdade, fixa un prazo de «suspensión» da execución durante o cal o penado queda suxeito a condicións: o incumprimento destas ou a comisión de novos delitos determina –durante este período de suspensión– a revogación daquela e o reingreso do penado en prisión. Para a revisión da prisión establécese un dobre réxime. Cumprida unha parte da condena que oscila entre vinte e cinco e trinta e cinco anos de condena, o tribunal deberá revisar de oficio se a prisión debe ser mantida cada dous anos; e farao tamén sempre que o penado o solicite, ben que despois da desestimación dunha petición poderá fixar un prazo máximo dun ano dentro do cal non se cursarán novas solicitudes.

## VI

A nova regulación equipara os antecedentes penais españois aos correspondentes a condenas impostas por tribunais doutros Estados membros da Unión Europea, para os efectos de resolver sobre a concorrencia da agravante de reincidencia ou a suspensión da execución da pena, conforme a Decisión marco 2008/675/XAI, ou a súa posible revogación.

Ao mesmo tempo, esta consideración dos antecedentes penais doutros Estados membros en procedementos nacionais, así como o envío a outros Estados membros das condenas impostas en España, baseadas no intercambio de antecedentes penais entre os Estados membros da Unión Europea –impulsado pola Decisión marco 2008/315/XAI,

relativa á organización e ao contido do intercambio de información dos rexistros de antecedentes penais entre os Estados membros e a Decisión 2009/316/XAI do Consello, do 6 de abril de 2009, pola que se establece o Sistema europeo de información de antecedentes penais (ECRIS)–, poñen de manifesto a necesidade de simplificar o procedemento de cancelación dos antecedentes penais, evitando que, transcorridos os prazos previstos no artigo 136 do Código penal, figuren vixentes no Rexistro Central de Penados condenas que deban ser canceladas.

Coa reforma modifícase o artigo 136 do Código penal para facilitar o procedemento de cancelación dos antecedentes penais, suprimindo a existencia do informe do xuíz ou tribunal sentenciador e o requisito da constancia do pagamento da responsabilidade civil ou a insolvencia do penado. Ao mesmo tempo revísanse os prazos previstos para a cancelación dos delitos de maior gravidade, que se elevan ata os dez anos.

Finalmente, inclúese unha regulación da cancelación para os antecedentes das persoas xurídicas que poidan resultar penalmente responsables e das consecuencias accesorias impostas.

## VII

Exclúense do cómputo do prazo de prescrición das penas o tempo de execución doutra pena da mesma natureza e o tempo de suspensión da condena xa imposta.

As penas da mesma natureza –en particular, as penas privativas de liberdade– cúmprense de forma sucesiva por orde de gravidade (artigo 75 do Código penal), polo que resulta conveniente excluír expresamente, na regulación do prazo de prescrición da pena pendente de cumprimento, o tempo durante o cal o penado está cumprindo outra pena da mesma natureza que forzosamente ten que ser cumprida en primeiro lugar.

De igual modo, parece conveniente que a interpretación habitual segundo a cal o período de tempo de suspensión da pena non se computa como prazo de prescrición dela teña un reflexo expreso na lei.

Introdúcense algunhas correccións técnicas no artigo 130 do Código penal coa finalidade de regular adecuadamente o réxime de extinción da responsabilidade penal nos casos de suspensión da execución da pena e de regular a eficacia do perdón nos casos dos delitos leves perseguibles unicamente por instancia do agraviado.

## VIII

A regulación do comiso é obxecto dunha ambiciosa revisión que introduce importantes modificacións que teñen como obxecto facilitar instrumentos legais que sexan máis eficaces na recuperación e na xestión económica de activos procedentes do delito.

A reforma toma en consideración a Directiva europea 2014/42/UE, do 3 de abril, sobre o embargo e o comiso dos instrumentos e do produto do delito na Unión Europea.

As novidades afectan, especialmente, tres cuestións: o comiso sen sentenza, o comiso ampliado e o comiso de bens de terceiros.

Tradicionalmente o comiso do produto do delito estivo vinculado á existencia dunha condena previa (penal) polo delito cometido. Con este punto de partida, afirmárase que un comiso sen condena é necesariamente contrario ao dereito á presunción de inocencia, pois autoriza o comiso de efectos procedentes dun delito que non foi probado e polo cal non se impuxo ningunha condena. No entanto, tal interpretación soamente vén determinada por unha análise do comiso apegada á súa regulación tradicional e descoñece que, como afirmou o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, o comiso sen condena non ten unha natureza propiamente penal, pois non ten como fundamento a imposición dunha sanción axustada á culpabilidade polo feito, senón que «é máis comparable á restitución do enriquecemento inxusto que a unha multa imposta baixo a lei penal» pois «dado que o comiso se limita ao enriquecemento (ilícito) real do beneficiado pola comisión dun delito, isto non pon de manifesto que se trate dun réxime de sanción» (Decisión 696/2005, Dassa Foundation vs. Liechtenstein).

O comiso sen sentenza xa estaba regulado no número 4 do vixente artigo 127, mais resultaba oportuno aproveitar a reforma para introducir algunhas melloras técnicas na súa regulación e introducir as normas procesuais necesarias para facer posible a súa aplicación.

Fronte ao comiso directo e o comiso por substitución, o comiso ampliado caracterízase, precisamente, porque os bens ou efectos comisados proveñen doutras actividades ilícitas do suxeito condenado, distintas aos feitos polos cales se condena e que non foron obxecto dunha proba plena. Por esa razón, o comiso ampliado non se fundamenta na acreditación plena da conexión causal entre a actividade delituosa e o enriquecemento, senón na constatación polo xuíz, sobre a base de indicios fundados e obxectivos, de que existiron outra ou outras actividades delituosas, distintas a aquelas polas cales se condena o suxeito, das cales deriva o patrimonio que se pretende comisar. Véxase que a existencia dunha proba plena determinaríase non o comiso dos bens ou efectos senón a condena por aquelas outras actividades delituosas de que razoablemente proveñen.

O comiso ampliado non é unha sanción penal senón que se trata dunha institución por medio da cal se pon fin á situación patrimonial ilícita a que deu lugar a actividade delituosa. O seu fundamento ten, por isto, unha natureza máis ben civil e patrimonial, próxima á de figuras como o enriquecemento inxusto. O feito de que a normativa da Unión Europea se refira expresamente á posibilidade de que os tribunais poidan decidir o comiso ampliado sobre a base de indicios, especialmente a desproporción entre os ingresos lícitos do suxeito e o patrimonio dispoñible, e, mesmo, a través de procedementos de natureza non penal, confirma a anterior interpretación.

O comiso ampliado xa foi introducido no noso dereito pola Lei orgánica 5/2010 para os delitos de terrorismo e os cometidos por grupos ou organizacións criminais, e agora esténdese a outros supostos en que é frecuente que se produza unha actividade delituosa sostida no tempo da cal poden derivar importantes beneficios económicos (branqueo e receptación, tráfico de seres humanos, prostitución, explotación e abuso de menores, falsificación de moeda, insolvencias punibles, delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social, corrupción no sector privado, delitos informáticos, suborno, malversación ou delitos patrimoniais en casos de continuidade delituosa ou multirreincidencia). O comiso ampliado permitirá aos xuíces e tribunais, nos supostos de condenas por delitos que normalmente xeran unha fonte permanente de ingresos, como ocorre co tráfico de drogas, terrorismo ou blanqueo de capitais, ordenar o comiso de bens e efectos do condenado procedentes doutras actividades delituosas, sempre que existan indicios obxectivos fundados da procedencia ilícita dos efectos comisados. A regulación introduce así unha figura que se encontra xa recollida polo dereito comparado e que será de aplicación xeneralizada no ámbito da Unión Europea como consecuencia da mencionada directiva.

Coa finalidade de facilitar a aplicación desta figura, óptase por incluír un catálogo aberto de indicios que –entre outros posibles– deberán ser valorados polos xuíces e tribunais para resolver sobre o comiso: a xa mencionada desproporción entre o patrimonio do suxeito responsable dalgún dos delitos contidos no catálogo e os seus medios de vida lícitos; a ocultación intencionada do seu patrimonio mediante a utilización de persoas físicas ou xurídicas ou entes sen personalidade xurídica interpostos, ou mediante o recurso a paraísos fiscais; ou a súa transferencia mediante operacións que dificulten a súa localización ou seguimento e que carezan de xustificación económica.

A regulación, polo demais, é, como se afirmou na xurisprudencia constitucional comparada, axustada aos principios de culpabilidade e presunción de inocencia, pois non persegue reprochar ao condenado a realización dun feito ilícito, o que sería propio dunha pena, senón conseguir fins ordenadores do patrimonio e de corrección dunha situación patrimonial ilícita derivada dun enriquecemento inxusto de orixe delituosa; e o comiso ampliado non presupón nin leva unida unha declaración de culpabilidade pola actividade delituosa desenvolvida polo suxeito, pois o comiso nin presupón tal declaración de culpabilidade nin é unha pena. A regulación prevé, por isto, que se posteriormente o

condenado o for por feitos delituosos similares cometidos con anterioridade, o xuíz ou tribunal debe valorar o alcance do comiso anterior acordado ao resolver sobre o comiso no novo procedemento.

En non poucas ocasións, os bens e efectos procedentes de actividades delituosas son transferidos polos seus autores a terceiras persoas. A regulación do comiso de bens en poder de terceiros xa estaba prevista na nosa lexislación, ben que a reforma introduce algunhas melloras técnicas orientadas a incrementar a eficacia e seguranza xurídica na aplicación desta regulación.

Coa finalidade de incrementar a eficacia da nova regulación, recóllese expresamente a posibilidade de que, en todos aqueles supostos en que o comiso dos bens ou efectos procedentes do delito non resulta posible en todo ou en parte (porque non é posible localizalos, se encontran fóra do alcance dos tribunais, foron destruídos, diminuíuse o seu valor con relación ao que tiñan cando foron incorporados ao patrimonio do suxeito, ou por calquera outra circunstancia), o xuíz ou tribunal poida, mediante a estimación e valoración da actividade desenvolvida, determinar unha cantidade ata cuxo importe quedará autorizado o comiso de bens. Así mesmo, para mellorar a xestión dos activos intervidos, revísase a regulación contida na Lei de axuízamento criminal e créase unha oficina de recuperación e xestión de activos á cal corresponderá realizar as actuacións necesarias para xestionar, do modo economicamente máis eficaz, a conservación, realización ou utilización dos bens intervidos. A reforma pon fin ao dobre réxime de comiso (segundo que se tratase de delitos contra a saúde pública ou doutros de diferente natureza) que existía ata agora.

## IX

Coa finalidade de incorporar as previsións do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, feito en Lanzarote o 25 de outubro de 2007, ratificado por España o 22 de xullo de 2010, e a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, debe incorporarse a regulación da inclusión de perfís de condenados na base de datos de ADN.

A Lei orgánica 10/2007, do 8 de outubro, reguladora da base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN, dispón que se inscribirán na base de datos policial os datos identificativos extraídos a partir do ADN de mostras ou fluídos que, no marco dunha investigación criminal, se encontrasen ou se obtivesen a partir da análise das mostras biolóxicas do sospeitoso, detido ou imputado.

Por isto, actualmente só son inscritos en España os perfís xenéticos dos sospeitosos, detidos ou imputados por determinados delitos, e isto non garante que accedan á base de datos os perfís dos que resulten condenados por delitos de especial gravidade.

O que se propón é prever, nos supostos de delitos graves contra a vida, a integridade física, a liberdade ou a liberdade ou indemnidade sexual, cando ademais o tribunal confirma a existencia dun risco relevante de reiteración delituosa, a anotación dos perfís xenéticos de condenados na base de datos policial. A regulación proposta inclúe ese dobre requisito (comisión dun delito grave contra a vida, integridade física ou liberdade sexual e risco de reiteración delituosa), conforme as exixencias derivadas da xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos nesta materia.

Por tanto, mediante a incorporación dentro do título VI, que regula as consecuencias accesorias dun novo artigo 129 bis, dáse cumprimento ao previsto no Convenio de Lanzarote e aproxímase a nosa lexislación á dos países da nosa contorna.

## X

A reforma prevé a imposición dunha pena de prisión permanente revisable para os asasinatos especialmente graves, que son agora definidos no artigo 140 do Código penal: asasinato de menores de dezaseis anos ou de persoas especialmente vulnerables; asasinatos subseguintes a un delito contra a liberdade sexual; asasinatos cometidos no seo dunha organización criminal; e asasinatos reiterados ou cometidos en serie.



Revisase a definición de asasinato (non agravado), que pasa a incluír os supostos en que se causa a morte doutra persoa para facilitar a comisión doutro delito ou evitar que se descubra. E amplíase o marco penal dentro do cal os tribunais deben fixar a pena xusta, aínda que se mantén a imposición desta na súa metade superior nos casos de concurrencia de varias das circunstancias que cualifican o asasinato.

Estas mesmas circunstancias, por coherencia, pasan a ser tamén circunstancias que cualifican o delito de homicidio. Ao mesmo tempo, prevíuse tamén a agravación do homicidio de autoridades, funcionarios e axentes da autoridade –cando son vítimas deste delito no exercicio das súas funcións ou con ocasión delas– coa finalidade, especialmente, de reforzar a protección dos axentes das Forzas e Corpos de Seguranza.

## XI

Revisase a pena con que se castiga o delito de detención ilegal ou secuestro con desaparición, coa finalidade de garantir, nestes casos de extraordinaria gravidade, unha resposta penal axustada á gravidade da culpabilidade polo feito. E engádense, ademais, dous supostos agravados aplicables nos casos en que a vítima sexa menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección, ou nos cales o delito se cometese cunha finalidade sexual ou ben o autor actuase posteriormente con esa finalidade.

## XII

Introdúcense modificacións nos delitos contra a liberdade sexual para levar a cabo a transposición da Directiva 2011/93/UE, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil e pola cal se substitúe a Decisión marco 2004/68/XAI do Consello. A citada directiva obriga os Estados membros a endurecer as sancións penais en materia de loita contra os abusos sexuais, a explotación sexual de menores e a pornografía infantil, que, sen dúbida, constitúen graves violacións dos dereitos fundamentais e, en particular, dos dereitos do neno á protección e aos cuidados necesarios para o seu benestar, tal e como establecen a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos do neno de 1989 e a Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea.

Como novidade máis importante, elévase a idade do consentimento sexual aos dezaseis anos. A directiva define a «idade de consentimento sexual» como a «idade por debaixo da cal, de conformidade co dereito nacional, está prohibido realizar actos de carácter sexual cun menor.». Na actualidade, a idade prevista no Código penal era de trece anos e resultaba moi inferior á dos restantes países europeos –onde a idade mínima se sitúa arredor dos quince ou dezaseis anos– e unha das máis baixas do mundo. Por isto, o Comité da Organización das Nacións Unidas sobre Dereitos do Neno suxeriu unha reforma do Código penal español para elevar a idade do consentimento sexual e adecuarse ás disposicións da Convención sobre os dereitos da infancia e, así, mellorar a protección que España ofrece aos menores, sobre todo na loita contra a prostitución infantil.

Desta maneira, a realización de actos de carácter sexual con menores de dezaseis anos será considerada, en todo caso, como un feito delituoso, salvo que se trate de relacións consentidas cunha persoa próxima ao menor por idade e grao de desenvolvemento ou madurez. E establécense agravacións se, ademais, concorre violencia ou intimidación, ou se os abusos consisten en acceso carnal por vía vaginal, anal ou bucal, ou introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías. No caso dos menores de idade –de menos de dezaoito anos– pero maiores de dezaseis anos, constituirá abuso sexual a realización de actos sexuais con intervención de engano ou abusando dunha posición recoñecida de confianza, autoridade ou influencia sobre a vítima.

Por outra parte, tipifícase expresamente a conduta de facer presenciarse a un menor de dezaseis anos actos ou abusos sexuais sobre outras persoas e prevéase a imposición, nestes casos, de penas de ata tres anos de prisión.

Nos delitos contra a prostitución, establécese unha separación máis nítida entre os comportamentos cuxa vítima é unha persoa adulta daqueles outros que afectan menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección. Neste segundo caso, elévanse as penas previstas co fin de harmonizar as lexislacións europeas e introdúcense novas agravantes para combater os supostos máis lesivos de prostitución infantil.

Modifícase o artigo 187 co obxectivo de perseguir con maior eficacia quen se lucre da explotación da prostitución allea. Con este fin, sanciónase separadamente o lucro da prostitución cando concorran determinadas condutas que evidencien unha situación de explotación, dado que a xurisprudencia do Tribunal Supremo exixira uns requisitos para a apreciación da existencia desta situación similares aos que se aplican no ámbito de actividades laborais regulamentadas, o que imposibilitaba na práctica a súa persecución penal.

Préstase especial atención ao castigo da pornografía infantil. En primeiro lugar, ofrécese unha definición legal de pornografía infantil tomada da Directiva 2011/93/UE, que abrangue non só o material que representa un menor ou persoa con discapacidade participando nunha conduta sexual, senón tamén as imaxes realistas de menores participando en condutas sexualmente explícitas, aínda que non reflectan unha realidade sucedida.

En relación coa pornografía infantil, castíganse os actos de produción e difusión, e mesmo a asistencia consciente a espectáculos exhibicionistas ou pornográficos en que participen menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección. Tamén se castiga o mero uso ou a adquisición de pornografía infantil e inclúese un novo número para sancionar quen acceda conscientemente a este tipo de pornografía por medio das tecnoloxías da información e a comunicación, no entendemento de que as novas tecnoloxías constitúen unha vía principal de acceso aos soportes da pornografía. Por esta mesma razón, facúltanse expresamente os xuíces e tribunais para que poidan ordenar a adopción de medidas necesarias para a retirada das páxinas web da internet que conteñan ou difundan pornografía infantil ou, se for o caso, para bloquear o acceso a esas páxinas.

A protección dos menores contra os abusos cometidos a través da internet ou outros medios de telecomunicación, debido á facilidade de acceso e o anonimato que proporcionan, complétase cun novo número no artigo 183 ter do Código penal destinado a sancionar o que, a través de medios tecnolóxicos, contacte cun menor de quince anos e realice actos dirixidos a engadalo para que lle facilite material pornográfico ou lle mostre imaxes pornográficas.

### XIII

Modifícanse os delitos relativos á intromisión na intimidade dos cidadáns co fin de solucionar os problemas de falta de tipicidade dalgúns condutas. O vixente artigo 197 considera como delito, por un lado, apoderarse de cartas, papeis, mensaxes de correo electrónico ou calquera outro documento de natureza persoal da vítima e, por outro lado, a interceptación de calquera tipo de comunicación da vítima, sexa cal for a natureza e a vía da comunicación interceptada. Ambas as condutas exixen a falta de consentimento da vítima.

Os supostos a que agora se ofrece resposta son aqueles outros en que as imaxes ou gravacións doutra persoa se obteñen co seu consentimento, pero son despois divulgados contra a súa vontade, cando a imaxe ou gravación se producise nun ámbito persoal e a súa difusión, sen o consentimento da persoa afectada, lesione gravemente a súa intimidade.

A reforma leva a cabo a transposición da Directiva 2013/40/UE, do 12 de agosto, relativa aos ataques contra os sistemas de información e a interceptación de datos electrónicos cando non se trata dunha comunicación persoal.

As modificacións propostas pretenden superar as limitacións da regulación vixente para ofrecer resposta á delincuencia informática no sentido da normativa europea.

De acordo coa abordaxe recollida na directiva, introdúcese unha separación nítida entre os supostos de revelación de datos que afectan directamente a intimidade persoal e o acceso a outros datos ou informacións que poden afectar a privacidade pero que non están referidos directamente á intimidade persoal: non é o mesmo o acceso á lista persoal de contactos que obter datos relativos á versión de software empregado ou á situación dos portos de entrada a un sistema. Por isto, óptase por unha tipificación separada e diferenciada do mero acceso aos sistemas informáticos.

Coa mesma abordaxe, e de acordo coas exixencias da directiva, inclúese a tipificación da interceptación de transmisións entre sistemas, cando non se trata de transmisións persoais: a interceptación de comunicacións persoais xa estaba tipificada no Código penal; agora trátase de tipificar as transmisións automáticas –non persoais– entre equipamentos.

Tipifícase a facilitación ou a produción de programas informáticos ou equipamentos especificamente deseñados ou adaptados para a comisión destes delitos.

Regúlanse separadamente, dun modo que permite ofrecer diferentes niveis de resposta á diferente gravidade dos feitos, os supostos de danos informáticos e as interferencias nos sistemas de información.

Finalmente, nestes delitos prevese a responsabilidade das persoas xurídicas.

#### XIV

A revisión da regulación dos delitos contra a propiedade e o patrimonio ten como obxectivo esencial ofrecer resposta aos problemas que ocasiona a multirreincidencia e a criminalidade grave.

Con esta finalidade suprímese a falta de furto e introdúcese un suposto agravado aplicable á delincuencia habitual. Os supostos de menor gravidade, que anteriormente se sancionaban como falta, regúlanse agora como delitos leves; pero exclúese a consideración como leves de todos aqueles delitos en que concorra algunha circunstancia de agravación –en particular, a comisión reiterada de delitos contra a propiedade e o patrimonio–. Deste modo, soluciónanse os problemas que ocasionaba a multirreincidencia: os delincuentes habituais anteriormente eran condenados por meras faltas, pero con esta modificación poderán ser condenados como autores dun tipo agravado castigado con penas dun a tres anos de prisión.

En calquera caso, por razóns de seguranza xurídica e da maior precisión posible na descrición penal, mantense o límite cuantitativo para unha clara delimitación entre o novo delito leve de furto e o tipo básico.

Modifícase o catálogo de agravantes específicas do furto, tamén aplicables aos delitos de roubo con forza nas cousas, e inclúense os supostos de aproveitamento da situación de desamparo da vítima, multirreincidencia delituosa, utilización de menores de dezaseis anos e comisión do delito por membro dunha organización ou grupo criminal, dedicados á comisión de delitos da mesma natureza. Tamén se ofrece resposta ao grave problema que provocan actualmente os delitos cometidos en explotacións agrarias ou gandeiras con causación de prexuízos relevantes aos seus titulares; trátase de infraccións cometidas en explotacións nas cales dificilmente é posible adoptar medidas eficaces de protección, circunstancia que é aproveitada para a comisión destes delitos e que causan aos seus propietarios un prexuízo extraordinariamente elevado, moi superior ao que corresponde á mera valoración dos produtos subtraídos, e son causa dunha grave sensación de desprotección e inseguranza para os que os sofren.

Así mesmo, debido ao grave problema xerado pola subtracción de fío de cobre das redes de servizo público e interese xeral, tamén se considerou conveniente incorporar unha agravación cando os delitos de furto ou roubo afecten conducións de fornecemento

eléctrico ou de telecomunicacións. Esta mesma agravación prevese para as conducións ou infraestruturas de hidrocarburos.

E, do mesmo modo, incluíuse un tipo agravado no delito de receptación, cando se trate de bens ou efectos de especial protección ou cuxa subtracción dá lugar a un delito contra o patrimonio de maior gravidade. Con isto preténdese desincentivar tanto a subtracción de tales bens como a súa venda ou tráfico ilícito.

Modifícase a definición de roubo con forza, que pasa a incluír os supostos en que a forza se utiliza para abandonar o lugar co botín (o problema habitual xurdía nos supostos de desactivación dos sistemas de alarma desde o interior do lugar). E inclúese un novo suposto agravado de roubo con forza determinado polo modo de comisión (furos de paredes, rotura de escaparates con automóbil) ou a gravidade dos danos causados.

Regúlase como suposto agravado o roubo con violencia cometido en establecemento aberto ao público, que anteriormente non existía.

O catálogo de supostos agravados de estafa regulado no artigo 250 do Código penal é revisado para incorporar, igual que no furto, unha referencia aos supostos de multirreincidencia. Engádese, así mesmo, unha referencia aos supostos en que o delito se comete dun modo que chega a afectar un elevado número de persoas.

#### XV

A rúbrica da sección 2.<sup>a</sup> do capítulo VI do título XIII do libro II pasa a denominarse «Da administración desleal» e créase unha sección 2.<sup>a</sup> bis no mesmo capítulo para integrar os delitos de apropiación indebida baixo a rúbrica «Da apropiación indebida».

O Código penal de 1995 optara por tipificar a administración desleal como un delito societario, a pesar de que se trata na realidade dun delito patrimonial que pode ter por suxeito pasivo calquera persoa.

A reforma introduce unha regulación moderna da administración desleal, que non é só societaria, entre os delitos patrimoniais, próxima á existente nas distintas lexislacións europeas. O seu desprazamento desde os delitos societarios aos delitos patrimoniais, que é onde debe estar a administración desleal de patrimonio alleo, é exixido pola natureza daquel delito, un delito contra o patrimonio, no cal, por tanto, pode ser vítima calquera, non só unha sociedade. Razóns, pois, de sistemática exixían tal decisión. A través deste delito téntase protexer o patrimonio en xeral, o patrimonio de todo aquel, sexa unha persoa individual ou unha sociedade, que confire a outro a administración do seu patrimonio ou daquel cuxo patrimonio foi posto baixo a administración doutro, por decisión legal ou da autoridade, sancionando as extralimitacións no exercicio das facultades de disposición sobre ese patrimonio alleo e salvaguardando así que o administrador desempeñe o seu cargo coa dilixencia dun ordenado empresario e coa lealdade dun fiel representante, en interese do seu administrado.

A reforma aprovéitase tamén para delimitar con maior clareza os tipos penais de administración desleal e apropiación indebida. Quen incorpora ao seu patrimonio, ou de calquera modo exerce facultades dominicais sobre unha cousa moble que recibiu con obrigação de restituíla, comete un delito de apropiación indebida. Pero quen recibe como administrador facultades de disposición sobre diñeiro, valores ou outras cousas xenéricas funxibles non está obrigado a devolver as mesmas cousas recibidas, senón outro tanto da mesma calidade e especie; por isto, quen recibe doutra persoa diñeiro ou valores con facultades para administralos e realiza actuacións para as cales non fora autorizado, prexudicando deste modo o patrimonio administrado, comete un delito de administración desleal.

Esta nova regulación da administración desleal motiva, pola súa vez, a revisión da regulación da apropiación indebida e dos delitos de malversación.

Os delitos de apropiación indebida seguen regulados nunha sección diferente e quedan xa fóra do seu ámbito a administración desleal por distracción de diñeiro, que pasa a formar parte do tipo penal autónomo da administración desleal, o que fai necesaria unha revisión da súa regulación, que se aproveita para simplificar a normativa anterior: diferénciase agora con clareza segundo que se trate dun suposto de apropiación con

quebrantamento da relación de confianza co propietario da cousa, suposto que continúa a estar castigado coa pena equivalente á da administración desleal e a estafa; ou de supostos de apropiación de cousas mobles alleas sen quebrantamento do deber de custodia, como é o caso da apropiación de cousa perdida non susceptible de ocupación, onde se mantén a actual agravación da pena aplicable nos casos de apropiación de cousas de valor artístico, histórico, cultural ou científico, e o caso da apropiación de cousas recibidas por erro.

A malversación constitúe en realidade unha modalidade de administración desleal que, non obstante, se mantíña historicamente referida no noso dereito basicamente a supostos de subtracción dos fondos públicos e, en moita menor medida, á posible desviación do seu destino.

A reforma introduce unha nova tipificación da malversación como un suposto de administración desleal de fondos públicos. Deste modo inclúense dentro do ámbito da norma, xunto coas condutas de desviación e subtracción dos fondos públicos, outros supostos de xestión desleal con prexuízo para o patrimonio público. Igual que no caso dos particulares, a apropiación indebida de bens por parte do funcionario é sancionada cunha pena equivalente á da xestión desleal.

Inclúese un suposto agravado que é aplicable en todos os casos de causación dun prexuízo ao patrimonio público superior a 50.000 euros, e prevese unha agravación maior da pena (que permite alcanzar penas de ata doce anos de prisión), nos casos de especial gravidade.

Para os casos de menor gravidade, nos cales a entidade do prexuízo patrimonial non exceda 4.000 euros, mantense un tipo atenuado para o cal está previsto un marco penal amplo que permita aos tribunais axustar a pena ás circunstancias do caso e, en calquera caso, a imposición de penas superiores ás actualmente previstas.

## XVI

Lévase a cabo unha revisión técnica dos delitos de insolvencia punible que parte da necesidade de establecer unha clara separación entre as condutas de obstaculización ou frustración da execución, ás cales tradicionalmente se entendeu referido o delito de ocultación de bens, e os delitos de insolvencia ou bancarrota. Estes grupos de delitos pasan a estar regulados en capítulos diferenciados.

Dentro dos delitos de frustración da execución inclúense, xunto a ocultación de bens, dúas novas figuras delituosas que están chamadas a completar a tutela penal dos procedementos de execución e, con isto, do crédito, e que son habituais no dereito comparado: dunha parte, tipifícase a ocultación de bens nun procedemento xudicial ou administrativo de execución; e doutra, a utilización non autorizada polo depositario de bens embargados pola autoridade.

A nova regulación dos delitos de concurso punible ou insolvencia conxuga unha dobre necesidade: a de facilitar unha resposta penal adecuada aos supostos de realización de actuacións contrarias ao deber de dilixencia na xestión de asuntos económicos que se producen no contexto dunha situación de crise económica do suxeito ou empresa e que poñen en perigo os intereses dos acredores e a orde socioeconómica, ou son directamente causais da situación de concurso; e a de ofrecer suficiente certeza e seguranza na determinación das condutas punibles, é dicir, aquelas contrarias ao deber de dilixencia na xestión dos asuntos económicos que constitúen un risco non permitido.

O novo delito de concurso punible ou bancarrota configúrase como un delito de perigo, ben que vinculado á situación de crise (á insolvencia actual ou inminente do debedor) e perseguible unicamente cando se declara efectivamente o concurso ou se produce un sobresemento de pagamentos; e mantense a tipificación expresa da causación da insolvencia polo debedor.

A norma delimita, coa finalidade de garantir un grao de seguranza e certeza axustado ás exixencias derivadas do principio de legalidade, as condutas prohibidas por medio das cales pode ser cometido o delito. Para isto, tipifica un conxunto de accións contrarias ao deber de dilixencia na xestión de asuntos económicos mediante as cales se reduce

indebidamente o patrimonio que é garantía do cumprimento das obrigacións, ou se dificulta ou imposibilita o coñecemento polo acreedor da verdadeira situación económica do debedor.

A nova regulación complétase coa previsión dun tipo agravado aplicable nos supostos en que se causan prexuízos económicos de especial gravidade ou en que a maior parte do crédito defraudado corresponde a débedas fronte á Facenda pública e a Seguridade Social. De igual forma, amplíase a protección dos acredores mediante a tipificación de accións non xustificadas de favorecemento a acredores determinados levadas a cabo antes da declaración do concurso, pero cando o debedor se encontraba xa nunha situación de insolvencia actual ou inminente.

## XVII

Os delitos contra a propiedade intelectual, que foron modificados con ocasión da reforma operada pola Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modificou a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, e que introduciu entón unha importante mellora técnica da súa tipificación, de acordo coa realidade social, a configuración dos tipos delituosos e a súa repercusión na vida económica e social, son obxecto tamén de revisión nesta reforma, a fin de ofrecer unha adecuada protección xurídico-penal, aínda que sen esquecer que a Lei de propiedade intelectual é o instrumento de protección natural nesta materia e que é absolutamente necesario lograr un certo equilibrio entre esa protección da propiedade intelectual e a que tamén deriva do lícito uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

En primeiro lugar, resulta necesario axustar a resposta penal á valoración da gravidade da infracción cometida e, con esa finalidade, fíxase un marco penal amplo que ofrece ao xuíz unha marxe adecuada para axustar a pena á gravidade da conduta. En todo caso, prevese a imposición dunha penalidade menor nos supostos de distribución ambulante ou meramente ocasional, e exclúese a imposición de penas de prisión nos supostos de escasa gravidade, en atención ás características do culpable e á reducida contía do beneficio. Os supostos de almacenamento, importación e exportación castíganse, nos seus respectivos casos, coas mesmas penas.

En segundo lugar, á conduta típica actual consistente en reproducir, plaxiar, distribuír ou comunicar publicamente, engádese, para reforzar así a protección que se quere brindar, a de explotar economicamente de calquera outro modo unha obra ou prestación protexida sen a autorización dos titulares dos dereitos da propiedade intelectual, e substitúese, ademais, o elemento subxectivo «ánimo de lucro» polo de «ánimo de obter un beneficio económico directo ou indirecto», co que se pretende abranger condutas en que non se chega a producir un lucro directo, pero si un beneficio indirecto. Tipifícanse expresamente condutas por medio das cales se levan a cabo infraccións dos dereitos de propiedade intelectual das cales derivan graves prexuízos: a facilitación da realización das condutas anteriores mediante a supresión ou neutralización das medidas tecnolóxicas utilizadas para evitalo; a elusión ou facilitación da elusión das medidas tecnolóxicas de protección da propiedade intelectual levada a cabo coa finalidade de facilitar a terceiros o acceso non autorizado a elas, cando esta conduta se executa con intención de obter un beneficio económico directo ou indirecto; e, finalmente, a facilitación do acceso ou localización de obras ou prestacións protexidas ofrecidas na internet en forma non autorizada. Nestes casos, a orde de retirada das obras ou prestacións obxecto da infracción disposta pola autoridade xudicial estará referida tanto aos arquivos que conteñan as obras ou prestacións protexidas como ás ligazóns ou outros medios de localización.

O anterior non afecta os que desenvolvan actividades de mera intermediación técnica, como pode ser, entre outras, unha actividade neutral de motor de procura de contidos ou que meramente liguen ocasionalmente tales contidos de terceiros.

A revisión da regulación vixente contén tamén a mellora técnica da tipificación da fabricación e posta en circulación dos medios destinados a facilitar a neutralización das medidas de protección da propiedade intelectual, ou a súa posesión con finalidade

comercial, axustando a terminoloxía empregada á máis ampla reflectida na Directiva 2001/29/CE, así como da regulación dos supostos agravados.

Este mesmo esquema de regulación, que prevé un réxime gradual de responsabilidade penal en función da gravidade da conduta, é tamén trasladado aos delitos contra a propiedade industrial.

#### XVIII

Créase, dentro do capítulo XI do título XIII do libro II do Código penal, unha nova sección referida aos «delitos de corrupción nos negocios», no cal se inclúen os delitos de pagamento de subornos para obter vantaxes competitivas (trátase de corrupción no sector privado ou da corrupción dun axente público estranxeiro).

Esta modificación aprovéitase tamén para introducir algunhas melloras técnicas na regulación destes delitos que teñen por obxecto garantir a aplicación destes preceptos en todos os casos en que, mediante o pagamento de subornos, en beneficio propio ou de terceiro, se obteñen posicións de vantaxe nas relacións económicas. No caso da regulación do suborno transnacional, modifícase o seu marco penal e soluciónanse as dificultades que puider producir a concorrencia desta norma coas que regulan o suborno no Código penal. Con esta finalidade, precísase que a norma soamente deixará de ser aplicada cando os feitos poidan ser castigados cunha pena máis grave noutro precepto do Código, ben que se dispón que, en todo caso, se imporá a pena de prohibición de contratar co sector público e de recibir subvencións ou axudas públicas, beneficios ou incentivos fiscais, ou de intervir en transaccións comerciais de transcendencia pública.

A regulación complétase coa inclusión dun tipo agravado aplicable nos casos de especial transcendencia e, no caso do suborno, a remisión á nova definición funcional de funcionario público introducida no novo artigo 427.

#### XIX

Introdúcense determinadas modificacións para reforzar a punición dos chamados delitos contra a corrupción no ámbito da Administración pública.

Dunha parte, establécese unha previsión especial en materia de liberdade condicional: poderá denegarse cando o penado eludise o cumprimento das responsabilidades pecuniarias ou a reparación do dano económico causado á Administración a que fose condenado. Con isto preténdese que os condenados a penas privativas de liberdade por delitos contra a Administración pública, cando se acredítase unha subtracción de fondos públicos ou un dano económico á Administración, non poidan acceder ao beneficio da liberdade condicional se non procederon á correspondente reparación económica.

Por outro lado, revísanse as penas previstas para todos os delitos relacionados coa corrupción no ámbito da Administración pública, co fin de elevar as condenas previstas na actualidade. En primeiro lugar, a reforma leva a cabo o aumento xeneralizado das penas de inhabilitación especial para emprego ou cargo público. Así sucede nos delitos de prevaricación administrativa, infidelidade na custodia de documentos e revelación de segredos, suborno, tráfico de influencias, na apropiación indebida e administración desleal cometida por funcionario público, fraudes e exaccións ilegais, entre outros. E en segundo lugar, nos delitos máis graves, en que xa se prevé a posible imposición dunha pena de inhabilitación especial para cargo ou emprego público, engádese a imposición adicional (non alternativa) doutra pena de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo. A inhabilitación especial para cargo público atinxe unicamente ao que desempeña ao cometer o delito. Deste modo impídese que o condenado polo delito de corrupción poida optar durante o tempo da condena a un cargo electivo. Así se estableceu, entre outros, nos delitos de suborno, prevaricación de funcionario público ou tráfico de influencias.

Ademais, amplíanse os prazos de prescrición nos supostos máis graves, nos cales se prevé que a inhabilitación teña unha duración máxima de, ao menos, dez anos. Para estes efectos, modifícase o réxime do artigo 131 e elévase o prazo de prescrición nos

seguintes delitos: prevaricación administrativa, fraudes e exaccións ilegais, negociacións e actividades prohibidas aos funcionarios e abusos no exercicio da súa función, e prevaricación xudicial.

Finalmente, a reforma introduce un novo título XIII bis coa rúbrica «Dos delitos de financiamento ilegal dos partidos políticos», integrado polos dous novos artigos 304 bis e 304 ter, que dá resposta penal á necesidade de definir un tipo penal específico para estes actos delituosos, xa que na vixente lexislación española non existe un delito concreto que estea tipificado como delito de financiamento ilegal de partidos políticos. Con esta modificación castigaranse aquelas persoas que acepten e reciban doazóns ilegais ou que participen en estruturas ou organizacións cuxo principal obxecto sexa o de financiar ilegalmente un partido político.

## XX

Os incendios forestais continúan a ser un dos problemas máis importantes que afectan os nosos montes. Segundo os datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, os incendios forestais de maior gravidade teñen unha causa intencionada e, en moitos casos, ocasionan importantes danos ao patrimonio natural e a bens públicos ou privados, ou xeran situacións de perigo para a integridade física das persoas que poden provocar a perda de vidas, o que os converte en delitos de suma gravidade. Precisamente por isto, en setembro de 2009 o Parlamento Europeo elaborou unha resolución en que pide aos Estados membros que endurezan e apliquen sancións penais aos actos delituosos que danen o ambiente e as impoñan, en particular, aos que provoquen incendios forestais.

Por tales razóns, dentro dos delitos contra a seguranza colectiva modifícanse os relativos a incendios forestais para ofrecer unha resposta penal máis adecuada aos incendios de maior gravidade. Mantense o tipo básico, pero nos supostos agravados do artigo 353 prevese unha sanción autónoma e desvinculada do concepto de pena na súa metade superior, que se eleva ata os seis anos de prisión. E recóllense novas agravantes nos casos especialmente lesivos para o ambiente ou xeradores dun perigo elevado. Ademais, cando os incendios afecten espazos naturais protexidos castigaranse do mesmo modo que os delitos contra o ambiente, o que significa que os seus autores poderán ser castigados coa pena superior en grao. Por último, contense unha remisión aos artigos 338 a 340 do Código penal para solucionar os problemas de reparación do dano causado polo incendio e permitir a imposición de medidas encamiñadas a restaurar o ecosistema forestal danado e a protección dos espazos naturais.

Por outra parte, en atención á complexidade inherente a este tipo de delitos e á necesidade de levar a cabo unha investigación o máis áxil posible, considerouse conveniente que a instrución e o axuízamento dos incendios forestais se encomende a tribunais profesionais, o que deixa sen efecto a competencia do tribunal do xurado que establece a Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado.

## XXI

O artigo 637 do Código penal vixente ata agora recollía condutas que deben ser tipificadas como delito, e non como unha simple falta, pois non cabe dúbida de que é necesario protexer a confianza que determinados símbolos, uniformes ou insignias xeran, e o seu uso indebido debe ser sancionado penalmente. Por isto, suprímese a falta e tipifícase esa conduta como delito dentro dos tipos penais de usurpación de funcións públicas e de intrusión.

Ao mesmo tempo, modifícase a regulación da intrusión profesional: increméntanse as penas de multa previstas no tipo básico e mellórase a redacción actual destes delitos incluíndo dentro do suposto agravado aqueles en que o culpable exerce actos propios dunha determinada profesión, non só cando se atribúe publicamente a condición de profesional, senón tamén cando realiza tales actos nun local ou establecemento aberto ao público en que se anuncia a prestación de servizos propios daquela profesión. Con



isto preténdese facer fronte a casos de intrusión que non están expresamente previstos na lexislación actual, pero que son frecuentes na práctica e supoñen unha evidente fraude que debe sancionarse.

## XXII

En materia de violencia de xénero e doméstica, lévanse a cabo algunhas modificacións para reforzar a protección especial que actualmente dispensa o Código penal para as vítimas deste tipo de delito.

En primeiro lugar, incorpórase o xénero como motivo de discriminación na agravante 4.<sup>a</sup> do artigo 22. A razón para isto é que o xénero, entendido de conformidade co Convenio n.º 210 do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, aprobado en Istambul polo Comité de Ministros do Consello de Europa o 7 de abril de 2011, como «os papeis, comportamentos ou actividades e atribucións socialmente construídos que unha sociedade concreta considera propios de mulleres ou de homes», pode constituír un fundamento de accións discriminatorias diferente do que abrangue a referencia ao sexo.

Ademais, amplíase o ámbito da medida de liberdade vixiada. Esta medida, que foi introducida no Código penal mediante a reforma operada pola Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, tamén se poderá impor en todos os delitos contra a vida, e nos delitos de malos tratos e lesións cando se trate de vítimas de violencia de xénero e doméstica.

Por outro lado, a desaparición das faltas, e a adecuación dos tipos penais que isto comporta, non impide manter a diferenciación no tratamento dos delitos relacionados coa violencia de xénero e doméstica, co fin de manter un nivel de protección máis elevado. Deste modo, aínda que a nova categoría de delitos leves requira, con carácter xeral, da denuncia previa do prexudicado, este requisito de perseguibilidade non se vai exixir nas infraccións relacionadas coa violencia de xénero e doméstica. Tampouco se exixirá denuncia nestes casos para a persecución do novo delito de acoso.

Outra previsión destacable nesta materia é a corrección que se introduce en materia de imposición de penas de multa, co fin de que non xere consecuencias negativas no ámbito familiar. Con carácter xeral, só será posible a imposición de penas de multa neste tipo de delitos cando conste acreditado que entre agresor e vítima non existen relacións económicas derivadas dunha relación conxugal, de convivencia ou filiación, ou existencia dunha descendencia común.

Finalmente, en relación cos dispositivos telemáticos para controlar as medidas cautelares e as penas de afastamento en materia de violencia de xénero, estanse a producir problemas sobre a cualificación penal de certas condutas do imputado ou penado tendentes a facelos ineficaces, ás cales se alude na Circular 6/2011, da Fiscalía Xeral do Estado, sobre criterios para a unidade de actuación especializada do Ministerio Fiscal en relación coa violencia sobre a muller. Por isto, considérase adecuado tipificar expresamente estas condutas dentro dos delitos de quebrantamento, a fin de evitar que queden impunes os actos tendentes a alterar ou impedir o correcto funcionamento deses dispositivos.

## XXIII

Introdúcese unha nova definición do atentado que inclúe todos os supostos de acometemento, agresión, emprego de violencia ou ameazas graves de violencia sobre o axente, pero na cal non se equipara o emprego de violencia sobre o axente coa acción de resistencia meramente pasiva, que continúa sancionándose coa pena correspondente aos supostos de desobediencia grave. Os supostos de desobediencia leve deixan de estar sancionados penalmente e serán corrixidos administrativamente.

En relación coas faltas de consideración e respecto á autoridade no exercicio das súas funcións, pasan a estar no segundo parágrafo do artigo 556 do Código penal, como delito leve.

Como novidade, reflíctese de maneira explícita que, en todo caso, se considerarán actos de atentado os que se cometan contra funcionarios de sanidade e educación no exercicio das súas funcións ou con ocasión delas, dando así visibilidade ao que, por outra parte, xa viña recollendo a xurisprudencia maioritaria.

Os delitos de atentado poden ser cometidos por medio de condutas moi diferentes cuxa gravidade pode ser moi desigual. Por esta razón, óptase por modificar as penas con que se castigan estes delitos reducindo o límite inferior da pena que pode ser imposta. E, por outro lado, ofrécese unha resposta contundente a todos aqueles supostos de atentado en que concorren circunstancias das cales deriva a súa especial reprochabilidade: utilización de armas ou obxectos perigosos; lanzamento de obxectos contundentes, líquidos inflamables ou corrosivos; acometemento cun vehículo de motor, ou cando os feitos se leven a cabo con ocasión dun motín, resistencia ou incidente colectivo no interior dun centro penitenciario.

Inclúense como suxeitos protexidos, xunto cos cidadáns que acoden en auxilio dos axentes da autoridade, os membros dos equipos de asistencia e rescate que acoden a prestar auxilio a outro nun accidente ou nunha calamidade pública. Nestes casos está prevista agora a imposición da mesma pena que cando os feitos se cometen sobre unha autoridade, axente ou funcionario. Esta agravación do marco penal ten unha dobre xustificación: a diminución da pena mínima con que se castigan estes delitos e a consideración de que quen acode en auxilio dunha autoridade, axente ou funcionario, ou asume en determinadas condicións o desempeño de funcións públicas ou de grande relevancia social debe recibir unha protección equivalente á daqueles que interveñen con carácter oficial.

#### XXIV

A anterior regulación da alteración da orde pública –de orixe oitocentista– non definía o delito senón que xuxtapuña unha serie de condutas punibles, o que xeraba problemas de tipicidade, nalgúns casos, e concursais noutros. Estes problemas soluciónanse mediante a definición de «alteración da orde pública» a partir da referencia ao suxeito plural e á realización de actos de violencia sobre cousas e persoas. Tamén se sanciona expresamente a conduta daqueles que non participan directamente nos actos de violencia pero incitan outros ou reforzan a súa disposición a levalos a cabo. Inclúese unha regra concursal que prevé a imposición conxunta das penas correspondentes á alteración e das que correspondan aos concretos actos de violencia ou de causación de danos que se executasen.

Tipifícanse, como supostos agravados, os de porte de armas, exhibición de armas de fogo simuladas, realización de accións violentas especialmente perigosas para a vida ou a integridade das persoas ou comisión de actos de pillaxe. E régúlase como suposto atenuado a entrada en locais e establecementos dun modo que altere a súa normal actividade, cando non se chegasen a producir actos de violencia ou ameazas, conduta que a regulación anterior equiparaba ás desordes violentas.

Tamén se introduce un novo tipo penal, isto é, a difusión de mensaxes que inciten á comisión dalgún dos delitos agravados de alteración da orde pública. Deste modo, evítase a sanción xeral da mera realización de comentarios que poidan incitar dun modo máis ou menos indirecto ás desordes públicas e só se sancionan os actos de incitación a desordes especialmente graves cuxa delimitación non presenta dificultades.

Ademais, revísase a redacción do actual artigo 561 (aviso falso de bomba) para incluír os supostos de activación mediante noticias falsas dos servizos sanitarios ou de emerxencia.

#### XXV

A reforma operada no Código penal pola Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, introduciu o delito de tráfico de seres humanos no actual artigo 177 bis. Este delito tipificouse con anterioridade á Directiva 2011/36/UE, do 5 de abril de 2011, relativa á

prevención e loita contra o tráfico de seres humanos e á protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/XAI do Consello. Aínda que a reforma do ano 2010 tivo en conta o proxecto que finalmente se materializou na citada directiva, existen varias cuestións que non foron reflectidas na redacción actual e que é preciso incluír para unha completa transposición da normativa europea.

En concreto, dentro das formas de comisión do delito inclúese a entrega ou recepción de pagamentos para obter o consentimento da persoa que controla as vítimas ou o tráfico coa finalidade de concertar matrimonios forzados. Tamén se tipifica a explotación coa finalidade de que as vítimas cometan actos delituosos para os explotadores. Delimítase o concepto de vulnerabilidade, conforme o texto da Directiva europea e agrávase a pena para os supostos de creación de perigo de causación de lesións graves.

Por outra parte, tamén resulta necesario revisar a regulación dos delitos de inmigración ilegal tipificados no artigo 318 bis. Estes delitos introducíronse con anterioridade a que fose tipificado separadamente o tráfico de seres humanos para a súa explotación, de maneira que ofrecían resposta penal ás condutas máis graves que actualmente sanciona o artigo 177 bis. No entanto, despois da tipificación separada do delito de tráfico de seres humanos, mantívose a mesma penalidade extraordinariamente agravada e, en moitos casos, desproporcionada, para todos os supostos de delitos de inmigración ilegal. Por isto se facía necesario revisar a regulación do artigo 318 bis cunha dobre finalidade: dunha parte, para definir con clareza as condutas constitutivas de inmigración ilegal conforme os criterios da normativa da Unión Europea, é dicir, dun modo diferenciado do tráfico de seres humanos, como establece a Directiva 2002/90/CE; e, doutra, para axustar as penas conforme o disposto na Decisión marco 2002/946/XAI, que unicamente prevé para os supostos básicos a imposición de penas máximas dunha duración mínima dun ano de prisión e reserva as penas máis graves para os supostos de criminalidade organizada e de posta en perigo da vida ou a integridade do inmigrante. Deste modo, delimítase con precisión o ámbito das condutas punibles e a imposición obrigatoria de penas de prisión queda reservada para os supostos especialmente graves. En todo caso, exclúese a sanción penal nos casos de actuacións orientadas por motivacións humanitarias.

A reforma culmina tamén a transposición efectiva da Directiva 2009/52/CE, pola que se establecen as normas mínimas sobre as sancións e medidas aplicables aos empregadores de nacionais de terceiros países en situación irregular.

## XXVI

Modifícase a regulación das condutas de incitación ao odio e á violencia por un dobre motivo: dunha parte, a Sentenza do Tribunal Constitucional 235/2007, do 7 de novembro, impón unha interpretación do delito de negación do xenocidio que limite a súa aplicación aos supostos en que esta conduta constitúa unha incitación ao odio ou hostilidade contra minorías; e doutra, trátase de condutas que deben ser obxecto dunha nova regulación axustada á Decisión marco 2008/913/XAI, que debe ser trasposta ao noso ordenamento xurídico.

Regúlanse conxuntamente, e dun modo axustado á exigencia da Decisión marco 2008/913/XAI, máis amplo que o actual, os antigos artigos 510 e 607 do Código penal. O cambio de sitio do artigo 607 vén xustificado polo propio texto da Decisión marco e polo feito de que o Tribunal Constitucional impuxo que a negación do xenocidio soamente pode ser delituosa como forma de incitación ao odio ou á hostilidade. De igual forma, a Decisión marco impón a tipificación da negación do xenocidio na medida en que se trate dunha forma de incitación ao odio contra minorías.

A nova regulación tipifica dous grupos de condutas: dunha parte, e cunha penalidade maior, as accións de incitación ao odio ou a violencia contra grupos ou individuos por motivos racistas, antisemitas ou outros relativos á súa ideoloxía, relixión, etnia ou pertenza a outros grupos minoritarios, así como os actos de negación ou enaltecedemento dos delitos de xenocidio, lesa humanidade ou contra as persoas ou bens protexidos en caso de conflito armado que fosen cometidos contra eses grupos, cando isto promova ou

favoreza un clima de violencia, hostilidade ou odio contra eles; e doutra parte, os actos de humillación ou menosprezo contra eles e o enalteceamento ou xustificación dos delitos cometidos contra os mesmos grupos ou os seus integrantes cunha motivación discriminatoria, sen prexuízo do seu castigo máis grave cando se trate de accións de incitación ao odio ou á hostilidade contra eles, ou de condutas idóneas para favorecer un clima de violencia.

Así mesmo, prevese unha agravación da pena para os supostos de comisión destes delitos a través da internet ou outros medios de comunicación social, así como para os supostos en que se trate de condutas que, polas súas circunstancias ou polo contexto en que se produzan, resulten idóneas para alterar a paz pública ou menoscabar gravemente o sentimento de seguranza dos integrantes dos grupos afectados.

Inclúense medidas para a destrución dos documentos, arquivos ou materiais por medio dos cales se cometese o delito, ou para impedir o acceso a eles.

Finalmente, prevese a agravación das penas no caso de existencia de organizacións delituosas e inclúese a regulación da responsabilidade penal das persoas xurídicas.

#### XXVII

As persoas con discapacidade deben ser obxecto dunha protección penal reforzada en atención á súa especial vulnerabilidade. As normas do Código penal que serven para este fin deben ser adecuadas á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, feita en Nova York o 13 de decembro de 2006, que pretende previr as condutas discriminatorias que poidan impedirles o disfrute dos seus dereitos en igualdade de condicións. Cómpre levar a cabo unha adecuación da referida convención ao noso Código penal, e isto exige unha actualización dos termos empregados para referirse ás persoas con discapacidade. O texto orixinal do Código penal refírese impropriamente a «minusvalidez» ou a «incapaces», unha terminoloxía xa superada no noso ordenamento xurídico con anterioridade á Convención, desde a aprobación da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e que debe substituírse polos termos máis adecuados de «discapacidade» e de «persoa con discapacidade necesitada dunha especial protección».

Para tal fin, modifícase o artigo 25 para actualizar tales termos e ofrecer unha definición máis precisa das persoas que constitúen obxecto dunha especial protección penal. Tal modificación encóntrase en plena consonancia co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que establece na súa disposición adicional oitava que as referencias que nos textos normativos se efectúan a «minusválidos» e a «persoas con minusvalidez», se entenderán realizadas a «persoas con discapacidade». E para maior clareza e reforzo desta previsión, coa reforma decídese incorporar un punto para que todas as referencias feitas no Código penal ao termo «minusvalidez» se substitúan polo termo «discapacidade», e que o termo «incapaz» se substitúa polo de «persoa con discapacidade necesitada de especial protección».

De igual modo, dáse un mellor tratamento á esterilización acordada por órgano xudicial, que se circunscribe a supostos excepcionais en que se produza grave conflito de bens xurídicos protexidos. O novo artigo 156 remítese ás leis procesuais civís, que regularán os supostos de esterilización da forma máis adecuada e garantista para os dereitos das persoas afectadas. Ata se ditar esta nova normativa, manterase a vixencia da actual regulación que recolle o Código.

#### XXVIII

Tipifícase o matrimonio forzado para cumprir cos compromisos internacionais subscritos por España no relativo á persecución dos delitos que atentan contra os dereitos humanos.

Así, a propia Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra o tráfico de seres humanos e á protección das vítimas, inclúe o matrimonio forzado entre as condutas que poden dar lugar a unha explotación de persoas. Igualmente, a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de Nacións Unidas, ratificada por España, establece no seu artigo 16 que «os Estados parte adoptarán todas as medidas adecuadas para eliminar a discriminación contra a muller en todos os asuntos relacionados co matrimonio e coas relacións familiares e, en particular, asegurarán en condicións de igualdade entre homes e mulleres: a) o mesmo dereito para contraer matrimonio; b) o mesmo dereito para elixir libremente cónxuxe e contraer matrimonio só polo seu libre albedrío e o seu pleno consentimento».

Resultaba oportuna, por todo o anterior, a tipificación específica deste delito, que xa está regulado noutros países da nosa contorna como Francia, Dinamarca, Reino Unido, Alemaña ou Noruega. Tratándose dun comportamento coactivo, considerouse oportuno tipificalo como un suposto de coaccións cando se compela outra persoa a contraer matrimonio. E tamén se castiga quen utilice medios coactivos para forzar outro a abandonar o territorio español ou a non regresar a el con esa mesma finalidade de obrígallo a contraer matrimonio.

#### XXIX

Tamén dentro dos delitos contra a liberdade, introdúcese un novo tipo penal de acoso que está destinado a ofrecer resposta a condutas de indubidable gravidade que, en moitas ocasións, non podían ser cualificadas como coaccións ou ameazas. Trátase de todos aqueles supostos en que, sen chegar a producirse necesariamente o anuncio explícito ou non da intención de causar algún mal (ameazas) ou o emprego directo de violencia para coartar a liberdade da vítima (coaccións), se producen condutas reiteradas por medio das cales se menoscaba gravemente a liberdade e sentimento de seguranza da vítima, que se somete a persecucións ou vixilancias constantes, chamadas reiteradas, ou outros actos continuos de asedio.

#### XXX

Aprovéitase a reforma para introducir determinadas correccións ao texto vixente.

Inclúense as armas nucleares e radiolóxicas dentro da tipificación penal dos delitos de tenza e depósito de armas, municións ou explosivos contida no capítulo V do título XXII.

Elimínase a referencia en pesetas que aínda se mantíña na redacción do vixente artigo 265, que é actualizada á cantidade de 1.000 euros.

Corríxese a omisión, no artigo 306, da imposición –como está previsto no resto dos delitos contra a Facenda pública– da pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social.

E, finalmente, corríxense as referencias aos suxeitos pasivos dos delitos relativos á Coroa.

#### XXXI

Na actualidade debe primarse a racionalización do uso do servizo público de xustiza para reducir a elevada litixiosidade que recae sobre xulgados e tribunais, con medidas dirixidas a favorecer unha resposta xudicial eficaz e áxil aos conflitos que poidan xurdir. Ao mesmo tempo, o dereito penal debe ser reservado para a solución dos conflitos de especial gravidade.

Unha boa parte dos operadores xurídicos vén reclamando a supresión das infraccións penais constitutivas de falta pola notoria desproporción que existe entre os bens xurídicos que protexen e o investimento en tempo e medios que require o seu axuízamento, pero

tamén pola dubidosa necesidade de que condutas carentes en moitos casos de gravidade suficiente deban ser obxecto dun reproche penal. En tal senso tense pronunciando a Fiscalía Xeral do Estado, que avoga por que as actuais infraccións consideradas como faltas penais queden á marxe do Código penal pola súa escasa gravidade. E tamén o Consello Xeral do Poder Xudicial, que de forma recente propuxo despenalizar certos comportamentos tipificados como faltas penais como medida adecuada para reducir os elevados niveis de litixiosidade, que son especialmente altos na orde xurisdiccional penal.

No noso dereito non existe unha diferenza cualitativa entre delitos e faltas. As diferenzas son puramente formais, polo carácter que a lei outorga a unha ou outra infracción, ou cuantitativas en atención ao tipo de pena que se lles impón. A tipificación de determinadas condutas como faltas penais obedece a simples razóns de política criminal que no momento actual carecen de suficiente xustificación. E apréciase unha certa distorsión na comparación co dereito administrativo sancionador, que en moitos casos ofrece unha resposta sancionadora máis contundente que a prevista no Código penal para condutas teoricamente máis graves. De aí que a reforma leve a cabo unha supresión definitiva do catálogo de faltas regulado no libro III do Código penal e tipifique como delito leve aquelas infraccións que se considera necesario manter.

A supresión das infraccións constitutivas de falta introduce coherencia no sistema sancionador no seu conxunto, pois unha boa parte delas describen condutas sancionadas de forma máis grave no ámbito administrativo; noutras ocasións, trátase de infraccións que son corrixidas de forma máis adecuada noutros ámbitos, como as faltas contra as relacións familiares que teñen unha resposta máis apropiada no dereito de familia e, nalgúns casos, regulan condutas que, en realidade, son constitutivas de delito ou deberían ser reguladas de forma expresa como delito.

Esta modificación non supón necesariamente unha agravación das condutas nin das penas actualmente aplicables ás faltas. Algúns comportamentos tipificados ata agora como falta desaparecen do Código penal e recondúcense cara á vía administrativa ou á vía civil, e deixan de sancionarse no ámbito penal. Só se manteñen aquelas infraccións merecentes de suficiente reproche punitivo como para poder incluílas no catálogo de delitos, que se configuran na súa maioría como delitos leves castigados con penas de multa. A pretensión é clara: reservar ao ámbito penal o tratamento das condutas máis graves da sociedade, que por isto deben merecer un tratamento acorde coa súa consideración.

A nova categoría de delitos leves permite subsumir aquelas condutas constitutivas de falta que se considera necesario manter. Pero tamén se logra un tratamento diferenciado destas infraccións para evitar que se deriven consecuencias negativas non desexadas. A diferenza do que se establece para delitos graves e menos graves, a condición de delito leve atribúese cando a pena prevista, pola súa extensión, poida considerarse como leve e como menos grave. Con isto evítase que a ampla marxe establecida para a pena nalgún suposto poida dar lugar á súa consideración como delito menos grave. Ademais, o prazo de prescrición destas infraccións establécese nun ano, e equipárase así ás inxurias e calumnias como delitos tradicionalmente considerados de menor entidade para estes efectos. E establécese expresamente que a existencia de antecedentes penais pola comisión de delitos leves non permitirá apreciar a agravante de reincidencia.

En xeral, recórrase á imposición de penas de multa, que se consideran máis adecuadas para sancionar infraccións de escasa entidade, e ademais cunha ampla marxe de apreciación para que o xuíz ou tribunal poida valorar a gravidade da conduta. Non obstante, recórrase á imposición de penas de traballos en beneficio da comunidade e da localización permanente cando se trata de delitos de violencia de xénero e doméstica, co fin de evitar os efectos negativos que para a propia vítima pode carretar a imposición dunha pena de multa.

A reforma supón a derogación completa do libro III do código penal, de forma que desaparece a infracción penal constitutiva de falta. Isto exige adecuar un gran número de artigos que fan referencia á dualidade delito ou falta, simplemente para eliminar esa mención ás faltas penais. De aí a extensión da reforma que se acomete, que en moitos

casos consiste nunha mera adecuación da regulación á supresión do sistema dualista, como sucede con boa parte dos artigos da parte xeral do Código penal, ou con outros preceptos da parte especial como os relativos ás asociacións ilícitas, á prevaricación xudicial ou á imputación de delitos, ou tamén o castigo da receptación en faltas, que coa reforma queda derogado.

Canto á supresión das faltas contra as persoas que recollía o título I do libro III do Código penal, na súa maioría trátase de condutas tipificadas xa como delitos, que poden incluírse en cada un deles como subtipo atenuado aplicable aos supostos en que as circunstancias do feito evidencian unha menor gravidade.

Así, desaparecen as faltas de lesións, que se incorporan no catálogo de delitos leves. As lesións de menor gravidade, que non requiren tratamento médico ou cirúrxico, sancionáronse no tipo atenuado do número 2 do artigo 147. Tipifícase tamén como delito leve «quen golpee ou maltrate de obra outro sen lle causar lesión», isto é, a falta do actual número 2 do artigo 617, que se agrava no caso de vítimas vulnerables polo artigo 153, igual que as lesións leves do número 2 do artigo 147.

En atención á escasa gravidade das lesións e dos malos tratos de obra, só van ser perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal. Con isto evítase a situación actual, na cal un simple parte médico de lesións de escasa entidade obriga o xuíz de instrución a iniciar todo un proceso xudicial e a citar o lesionado para que acuda obrigatoriamente ao xulgado a fin de facerlle o ofrecemento de accións como prexudicado, cos inconvenientes que isto lle ocasiona. Parece máis adecuado que só se actúe cando o prexudicado interpoña denuncia. Ora ben, nos casos de violencia de xénero non se exixirá denuncia previa para perseguir as lesións de menor gravidade e o maltrato de obra.

Canto ao homicidio e lesións imprudentes, considérase oportuno reconducir as actuais faltas de homicidio e lesións por imprudencia leve cara á vía xurisdiccional civil, de modo que só serán constitutivos de delito de homicidio e as lesións graves por imprudencia grave (número 1 do artigo 142 e número 1 do artigo 152), así como o delito de homicidio e lesións graves por imprudencia menos grave, que entrarán a formar parte do catálogo de delitos leves (número 2 do artigo 142 e número 2 do artigo 152 do Código penal). Recóllese así unha modulación da imprudencia delituosa entre grave e menos grave, o que dará lugar a unha mellor graduación da responsabilidade penal en función da conduta merecente de reproche, pero ao mesmo tempo permitirá recoñecer supostos de imprudencia leve que deben quedar fóra do Código penal. Non toda actuación culposa da cal deriva un resultado danoso debe dar lugar a responsabilidade penal, senón que o principio de intervención mínima e a consideración do sistema punitivo como última ratio determinan que na esfera penal deban entrar exclusivamente os supostos graves de imprudencia que outro tipo de condutas culposas se reconduzan á vía civil, na súa modalidade de responsabilidade extracontractual ou aquiliana dos artigos 1902 e seguintes do Código civil, á cal deberá acudir quen pretenda exixir responsabilidade por culpa de tal entidade.

Suprímense as faltas de abandono previstas no número 1 do artigo 618 e no artigo 619 do Código penal. Os supostos graves de abandono dun menor desamparado ou dunha persoa con discapacidade necesitada de especial protección poden subsumirse no delito de omisión do deber de socorro. E o mesmo sucede coa conduta do artigo 619 –denegación de asistencia a persoas desvalidas de idade avanzada–, que constitúe ben un suposto de omisión do deber de socorro ben un delito de resultado, cando é cometido por quen, como garante, está obrigado a garantir a asistencia ao ancián.

Tamén se derrogan o número 2 do artigo 618 e o artigo 622 do Código penal sen incluír novas sancións delituosas, pois as condutas máis graves de incumprimento de deberes familiares están xa tipificadas como delito nos artigos 226 e seguintes. E os incumprimentos graves de convenios ou sentenzas poden dar lugar a responsabilidade por desobediencia. Os casos de mera obstaculización, cumprimento defectuoso ou incumprimentos sen a gravidade suficiente teñen un réxime sancionador no artigo 776 da Lei de axuízamento civil.

As ameazas e coaccións de carácter leve sanciónanse como subtipo atenuado en cada un dos respectivos delitos e mantense a existencia da súa persecución só por instancia de parte. No entanto, as injurias leves e as vexacións inxustas, salvo cando se cometen contra algunha das persoas a que se refire o número 2 do artigo 173, quedan á marxe do ámbito penal por tratarse de ofensas de carácter privado cuxa reparación pode exixirse na vía xurisdiccional civil ou mediante os actos de conciliación. A intención, por tanto, é que só se deriven á vía penal aquelas condutas que teñan verdadeira entidade e relevancia, cando, ademais, non existan medios alternativos para a solución do conflito.

No caso das infraccións contra o patrimonio, a derogación das faltas supón a incorporación de novos tipos atenuados nos correspondentes delitos de referencia, mantendo o criterio cuantitativo para sancionar as infraccións de menor gravidade.

Desaparecen as faltas consistentes no deslucimento de bens mobles e inmobles do artigo 626, así como a causación de danos de escasa entidade en bens de valor cultural, que poden reconducirse ao delito de danos ou outras figuras delituosas cando revistan certa entidade, ou acudir a un resarcimento civil; no caso de bens de dominio público, tamén pode acudir á sanción administrativa.

Canto ás faltas contra os intereses xerais, recondúcense a figuras atenuadas de delito os supostos de uso de moeda falsa (artigo 386) ou a distribución ou utilización de selos de correos ou efectos timbrados falsos (artigo 389). E suprímense as faltas actualmente tipificadas no artigo 630, número 1 do artigo 631 e número 1 do artigo 632, pois trátase de condutas que xa son obxecto de corrección suficiente –e máis adecuada– no dereito administrativo sancionador e que poden ser en todo caso obxecto de sanción penal nos casos máis graves en que chegan a causarse danos.

Non se aprecian razóns suficientes para xustificar o mantemento das infraccións penais previstas no artigo 630 e no número 1 do artigo 631, xa que pode acudir á sanción administrativa ou a outros delitos se finalmente se causan danos. No entanto, si parece conveniente manter como infracción penal o abandono de animais domésticos que castiga o número 2 do artigo 631, que pasa a constituír un tipo atenuado do maltrato de animais do artigo 337 bis do Código penal. A reforma aproveita, neste punto, para reforzar a protección dos animais mediante unha definición dos que son obxecto do delito que incrementa a seguranza na aplicación da norma, e unha revisión das condutas punibles, incluíndo a explotación sexual de animais, e das sancións aplicables. Como novidade importante, ademais das correspondentes penas de prisión ou multa en función da gravidade, prevese a posibilidade de impor as penas de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenza de animais.

Polo que se refire ás faltas contra a orde pública, os supostos de alteracións relevantes están xa castigados como delito, igual que os supostos de atentado, resistencia e desobediencia. Derívase á vía administrativa a realización de actividades sen seguro obrigatorio. Non obstante, mantense o castigo penal para quen se mantiver nun domicilio social ou local fóra das horas de apertura, como subtipo atenuado do artigo 203; ou o uso de uniforme ou a atribución pública da condición de profesional, que se tipifica nun novo artigo 402 bis dentro da mellora dos tipos penais de usurpación de funcións públicas e de intrusión.

A reforma complétase cunha revisión da regulación do xuízo de faltas que contén a Lei de axuízamento criminal, que continuará sendo aplicable aos delitos leves. No caso das infraccións de menor gravidade (os delitos leves), existen habitualmente condutas que resultan típicas pero que non teñen unha gravidade que xustifique a apertura dun proceso e a imposición dunha sanción de natureza penal, e en cuxa sanción penal tampouco existe un verdadeiro interese público. Para estes casos introdúcese, cunha orientación que é habitual no dereito comparado, un criterio de oportunidade que permitirá aos xuíces, por petición do Ministerio Fiscal, valorada a escasa entidade do feito e a falta de interese público, sobreser estes procedementos.

Con esta modificación introdúcese un instrumento que permite aos xuíces e tribunais prescindir da sanción penal das condutas de escasísima gravidade, co que se consegue



unha realización efectiva do principio de intervención mínima, que orienta a reforma do Código penal neste punto; e, ao mesmo tempo, conséguese descargar os tribunais da tramitación de asuntos menores carentes de verdadeira relevancia que conxestionan a súa actividade e reducen os recursos dispoñibles para o esclarecemento, persecución e sanción das condutas realmente graves.

Finalmente, co fin de evitar os problemas de transitoriedade derivados da aplicación inmediata dos novos delitos leves, incluíronse normas para adaptar a vixente Lei de axuizamento criminal. Desta forma, os delitos leves tramitaranse conforme o procedemento previsto no libro VI da vixente Lei de axuizamento criminal, que se adecua á nova categoría delituosa, mantendo os xulgados de instrución e os xulgados de violencia de xénero a competencia para o coñecemento e resolución destes delitos. Tamén se regula a situación transitoria dos xuízos de faltas iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Un. Modifícase o número 1 do artigo 1, que queda redactado como segue:

«1. Non será castigada ningunha acción nin omisión que non estea prevista como delito por lei anterior á súa perpetración.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 2, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Non será castigado ningún delito con pena que non estea prevista por lei anterior á súa perpetración. Carecerán, igualmente, de efecto retroactivo as leis que establezan medidas de seguranza.»

Tres. Modifícase o artigo 7, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Para os efectos de determinar a lei penal aplicable no tempo, os delitos considéranse cometidos no momento en que o suxeito executa a acción ou omite o acto que estaba obrigado a realizar.»

Catro. Modifícase o artigo 9, que queda redactado como segue:

«As disposicións deste título aplicaranse aos delitos que se achen penados por leis especiais. As restantes disposicións deste código aplicaranse como supletorias no non previsto expresamente por aquelas.»

Cinco. Modifícase a rúbrica do libro I, que pasa a denominarse:

«Disposicións xerais sobre os delitos, as persoas responsables, as penas, as medidas de seguranza e as demais consecuencias da infracción penal.»

Seis. Modifícase a rúbrica do capítulo I do título I do libro I, que pasa a denominarse:

«Dos delitos»

Sete. Modifícase o artigo 10, que queda redactado como segue:

«Son delitos as accións e omisións dolosas ou imprudentes penadas pola lei.»

Oito. Modifícase o artigo 11, que queda redactado como segue:

«Os delitos que consistan na produción dun resultado só se entenderán cometidos por omisión cando a non evitación deste, ao infrinxir un especial deber xurídico do autor, equivalla, segundo o sentido do texto da lei, á súa causación. Para tal efecto equiparase a omisión á acción:

- a) Cando exista unha específica obrigação legal ou contractual de actuar.
- b) Cando o omitente crease unha ocasión de risco para o ben xuridicamente protexido mediante unha acción ou omisión precedente.»

Nove. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 13, que terán a seguinte redacción:

- «3. Son delitos leves as infraccións que a lei castiga con pena leve.
4. Cando a pena, pola súa extensión, poida incluírse a un tempo entre as mencionadas nos dous primeiros números deste artigo, o delito considerárase, en todo caso, como grave. Cando a pena, pola súa extensión, poida considerarse como leve e como menos grave, o delito considerárase, en todo caso, como leve.»

Dez. Modifícase o artigo 15, que queda redactado como segue:

«Son punibles o delito consumado e a tentativa de delito.»

Once. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 16, coa seguinte redacción:

«2. Quedará exento de responsabilidade penal polo delito intentado quen evite voluntariamente a consumación do delito, ben desistindo da execución xa iniciada, ben impedindo a produción do resultado, sen prexuízo da responsabilidade en que poida ter incorrido polos actos executados, se estes son xa constitutivos doutro delito.

3. Cando nun feito interveñan varios suxeitos, quedarán exentos de responsabilidade penal aquel ou aqueles que desistan da execución xa iniciada e impidan ou tenten impedir, seria, firme e decididamente, a consumación, sen prexuízo da responsabilidade en que poidan ter incorrido polos actos executados, se estes son xa constitutivos doutro delito.»

Doce. Modifícase o artigo 17, que queda redactado como segue:

«1. A conspiración existe cando dúas ou máis persoas se concertan para a execución dun delito e resolven executalo.

2. A proposición existe cando quen resolveu cometer un delito invita outra ou outras persoas a participar nel.

3. A conspiración e a proposición para delinquir só se castigarán nos casos especialmente previstos na lei.»

Trece. Modifícase o punto primeiro do ordinal 4.<sup>o</sup> do artigo 20, que queda redactado como segue:

«Primeiro. Agresión ilexítima. En caso de defensa dos bens, reputárase agresión ilexítima o ataque contra eles que constituía delito e os poña en grave perigo de deterioración ou perda inminentes. En caso de defensa da morada ou as súas dependencias, reputárase agresión ilexítima a entrada indebida naquela ou estas.»

Catorce. Modifícanse as circunstancias 4.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> do artigo 22, que quedan redactadas do seguinte modo:

«4.<sup>a</sup> Cometer o delito por motivos racistas, antisemitas ou outra clase de discriminación referente á ideoloxía, relixión ou crenzas da vítima, a etnia, raza ou nación a que pertenza, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, razóns de xénero, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade.»

«8.<sup>a</sup> Ser reincidente.

Hai reincidencia cando, ao delinquir, o culpable xa foi condenado executoriamente por un delito comprendido no mesmo título deste código, sempre que sexa da mesma natureza.

Para os efectos deste ordinal non se computarán os antecedentes penais cancelados ou que deberon selo, nin os que correspondan a delitos leves.

As condenas firmes de xuíces ou tribunais impostas noutros Estados da Unión Europea producirán os efectos de reincidencia, salvo que o antecedente penal fose cancelado ou poida selo conforme o dereito español.»

Quince. Modifícase o artigo 25, que queda redactado do seguinte modo:

«Para os efectos deste código enténdese por discapacidade aquela situación en que se encontra unha persoa con deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais de carácter permanente que, ao interactuaren con diversas barreiras, poidan limitar ou impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais.

Así mesmo, para os efectos deste código, entenderase por persoa con discapacidade necesitada de especial protección aquela persoa con discapacidade que, teña ou non xudicialmente modificada a súa capacidade de obrar, requira de asistencia ou apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica e para a toma de decisións respecto da súa persoa, dos seus dereitos ou intereses por causa das súas deficiencias intelectuais ou mentais de carácter permanente.»

Dezaseis. Modifícase a rúbrica do título II do libro I, que pasa a denominarse:

«Das persoas criminalmente responsables dos delitos»

Dezasete. Modifícase o artigo 27, que queda redactado como segue:

«Son responsables criminalmente dos delitos os autores e os cómplices.»

Dezaoito. Modifícase o número 1 do artigo 30, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Nos delitos que se cometan utilizando medios ou soportes de difusión mecánicos non responderán criminalmente nin os cómplices nin os que os tiveren favorecido persoal ou realmente.»

Dezanove. Modifícase o artigo 31, que queda redactado como segue:

«Quen actúe como administrador de feito ou de dereito dunha persoa xurídica, ou en nome ou representación legal ou voluntaria doutro, responderá persoalmente, aínda que non concorran nel as condicións, calidades ou relacións que a correspondente figura de delito requira para poder ser suxeito activo del, se tales circunstancias se deren na entidade ou persoa en cuxo nome ou representación obre.»

Vinte. Modifícase o artigo 31 bis, que queda redactado como segue:

«1. Nos supostos previstos neste código, as persoas xurídicas serán penalmente responsables:

a) Dos delitos cometidos en nome ou por conta delas, e no seu beneficio directo ou indirecto, polos seus representantes legais ou por aqueles que, actuando individualmente ou como integrantes dun órgano da persoa xurídica, están autorizados para tomar decisións en nome da persoa xurídica ou teñen facultades de organización e control dentro dela.

b) Dos delitos cometidos, no exercicio de actividades sociais e por conta e en beneficio directo ou indirecto delas, polos que, estando sometidos á autoridade das persoas físicas mencionadas no parágrafo anterior, puideron realizar os feitos por ter aqueles incumprido gravemente os deberes de supervisión, vixilancia e control da súa actividade, atendendo ás circunstancias concretas do caso.

2. Se o delito for cometido polas persoas indicadas na alínea a) do número anterior, a persoa xurídica quedará exenta de responsabilidade se se cumpren as seguintes condicións:

1.<sup>a</sup> o órgano de administración adoptou e executou con eficacia, antes da comisión do delito, modelos de organización e xestión que inclúen as medidas de vixilancia e control idóneas para previr delitos da mesma natureza ou para reducir de forma significativa o risco da súa comisión;

2.<sup>a</sup> a supervisión do funcionamento e do cumprimento do modelo de prevención implantado foi confiada a un órgano da persoa xurídica con poderes autónomos de iniciativa e de control ou que teña encomendada legalmente a función de supervisar a eficacia dos controis internos da persoa xurídica;

3.<sup>a</sup> os autores individuais cometeron o delito eludindo fraudulentamente os modelos de organización e de prevención e

4.<sup>a</sup> non se produciu unha omisión ou un exercicio insuficiente das súas funcións de supervisión, vixilancia e control por parte do órgano a que se refire a condición 2.<sup>a</sup>

Nos casos en que as anteriores circunstancias só poidan ser obxecto de acreditación parcial, esta circunstancia será valorada para os efectos de atenuación da pena.

3. Nas persoas xurídicas de pequenas dimensións, as funcións de supervisión a que se refire a condición 2.<sup>a</sup> do número 2 poderán ser asumidas directamente polo órgano de administración. Para estes efectos, son persoas xurídicas de pequenas dimensións aquelas que, segundo a lexislación aplicable, estean autorizadas para presentar conta de perdas e ganancias abreviada.

4. Se o delito for cometido polas persoas indicadas na alínea b) do número 1, a persoa xurídica quedará exenta de responsabilidade se, antes da comisión do delito, adoptou e executou eficazmente un modelo de organización e xestión que resulte adecuado para previr delitos da natureza do que foi cometido ou para reducir de forma significativa o risco da súa comisión.

Neste caso resultará igualmente aplicable a atenuación prevista no parágrafo segundo do número 2 deste artigo.

5. Os modelos de organización e xestión a que se refiren a condición 1.<sup>a</sup> do número 2 e o número anterior deberán cumprir os seguintes requisitos:

1.º Identificarán as actividades en cuxo ámbito poidan ser cometidos os delitos que deben ser previstos.

2.º Establecerán os protocolos ou procedementos que concreten o proceso de formación da vontade da persoa xurídica, de adopción de decisións e de execución destas con relación a aqueles.

3.º Disporán de modelos de xestión dos recursos financeiros adecuados para impedir a comisión dos delitos que deben ser previstos.

4.º Imporán a obrigaçión de informar de posibles riscos e incumprimentos ao organismo encargado de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención.

5.º Establecerán un sistema disciplinario que sancione adecuadamente o incumprimento das medidas que estableza o modelo.

6.º Realizarán unha verificación periódica do modelo e da súa eventual modificación cando se poñan de manifesto infraccións relevantes das súas

disposicións, ou cando se produzan cambios na organización, na estrutura de control ou na actividade desenvolvida que os fagan necesarios.»

Vinte e un. Introdúcese un novo artigo 31 ter, co seguinte contido:

«1. A responsabilidade penal das persoas xurídicas será exigible sempre que se constate a comisión dun delito que tivese que ser cometido por quen exerza os cargos ou funcións aludidas no artigo anterior, mesmo que a persoa física concreta responsable non fose individualizada ou non fose posible dirixir o procedemento contra ela. Cando como consecuencia dos mesmos feitos se impuxer a ambas a pena de multa, os xuíces ou tribunais modularán as respectivas contías, de modo que a suma resultante non sexa desproporcionada en relación coa gravidade daqueles.

2. A concorrencia, nas persoas que materialmente realizasen os feitos ou nas que os fixesen posibles por non teren exercido o debido control, de circunstancias que afecten a culpabilidade do acusado ou agraven a súa responsabilidade, ou o feito de que tales persoas falecesen ou se subtraesen á acción da xustiza, non excluírá nin modificará a responsabilidade penal das persoas xurídicas, sen prexuízo do que se dispón no artigo seguinte.»

Vinte e dous. Introdúcese un novo artigo 31 quáter, co seguinte contido:

«Só se poderán considerar circunstancias atenuantes da responsabilidade penal das persoas xurídicas ter realizado, con posterioridade á comisión do delito e a través dos seus representantes legais, as seguintes actividades:

a) Ter procedido, antes de coñecer que o procedemento xudicial se dirixe contra ela, a confesar a infracción ás autoridades.

b) Ter colaborado na investigación do feito presentando probas, en calquera momento do proceso, que fosen novas e decisivas para esclarecer as responsabilidades penais dimanantes dos feitos.

c) Ter procedido en calquera momento do procedemento e con anterioridade ao xuízo oral a reparar ou diminuír o dano causado polo delito.

d) Ter establecido, antes do comezo do xuízo oral, medidas eficaces para previr e descubrir os delitos que no futuro se poidan cometer cos medios ou baixo a cobertura da persoa xurídica.»

Vinte e tres. Introdúcese un novo artigo 31 quinquies, co seguinte contido:

«1. As disposicións relativas á responsabilidade penal das persoas xurídicas non serán aplicables ao Estado, ás administracións públicas territoriais e institucionais, aos organismos reguladores, ás axencias e entidades públicas empresariais, ás organizacións internacionais de dereito público nin a aquelas outras que exerzan potestades públicas de soberanía ou administrativas.

2. No caso das sociedades mercantís públicas que executen políticas públicas ou presten servizos de interese económico xeral, soamente lles poderán ser impostas as penas previstas nas alíneas a) e g) do número 7 do artigo 33. Esta limitación non será aplicable cando o xuíz ou tribunal aprecie que se trata dunha forma xurídica creada polos seus promotores, fundadores, administradores ou representantes co propósito de eludir unha eventual responsabilidade penal.»

Vinte e catro. Modifícanse os números 2, 3 e 4 do artigo 33, que quedan redactados como segue:

«2. Son penas graves:

a) A prisión permanente revisable.

b) A prisión superior a cinco anos.

- c) A inhabilitación absoluta.
  - d) As inhabilitacións especiais por tempo superior a cinco anos.
  - e) A suspensión de emprego ou cargo público por tempo superior a cinco anos.
  - f) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a oito anos.
  - g) A privación do dereito á tenza e porte de armas por tempo superior a oito anos.
  - h) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, por tempo superior a cinco anos.
  - i) A prohibición de aproximarse á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal por tempo superior a cinco anos.
  - j) A prohibición de comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal por tempo superior a cinco anos.
  - k) A privación da patria potestade.
3. Son penas menos graves:
- a) A prisión de tres meses ata cinco anos.
  - b) As inhabilitacións especiais ata cinco anos.
  - c) A suspensión de emprego ou cargo público ata cinco anos.
  - d) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores dun ano e un día a oito anos.
  - e) A privación do dereito á tenza e porte de armas dun ano e un día a oito anos.
  - f) Inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenza de animais dun ano e un día a cinco anos.
  - g) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles por tempo de seis meses a cinco anos.
  - h) A prohibición de aproximarse á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, por tempo de seis meses a cinco anos.
  - i) A prohibición de comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal por tempo de seis meses a cinco anos.
  - j) A multa de máis de tres meses.
  - k) A multa proporcional, calquera que for a súa contía, salvo o disposto no número 7 deste artigo.
  - l) Os traballos en beneficio da comunidade de trinta e un días a un ano.
4. Son penas leves:
- a) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de tres meses a un ano.
  - b) A privación do dereito á tenza e porte de armas de tres meses a un ano.
  - c) A inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenza de animais de tres meses a un ano.
  - d) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles por tempo inferior a seis meses.
  - e) A prohibición de aproximarse á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal por tempo dun mes a menos de seis meses.
  - f) A prohibición de comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal por tempo dun mes a menos de seis meses.
  - g) A multa de ata tres meses.

- h) A localización permanente dun día a tres meses.
- i) Os traballos en beneficio da comunidade dun a trinta días.»

Vinte e cinco. Modifícase o artigo 35, que queda redactado como segue:

«Son penas privativas de liberdade a prisión permanente revisable, a prisión, a localización permanente e a responsabilidade persoal subsidiaria por falta de pagamento de multa. O seu cumprimento, así como os beneficios penitenciarios que supoñan acurtamento da condena, axustaranse ao disposto nas leis e neste código.»

Vinte e seis. Modifícanse os números 1 e 2 e introdúcese un novo número 3 no artigo 36, que queda redactado como segue:

«1. A pena de prisión permanente será revisada de conformidade co disposto no artigo 92.

A clasificación do condenado no terceiro grao deberá ser autorizada polo tribunal despois de prognóstico individualizado e favorable de reinserción social, oídos o Ministerio Fiscal e as institucións penitenciarias, e non poderá efectuarse:

- a) Ata o cumprimento de vinte anos de prisión efectiva, no caso de que o penado o fose por un delito do capítulo VII do título XXII do libro II deste código.
- b) Ata o cumprimento de quince anos de prisión efectiva, no resto dos casos.

Nestes supostos, o penado non poderá desfrutar de permisos de saída ata que teña cumprido un mínimo de doce anos de prisión, no caso previsto na alínea a), e oito anos de prisión, no previsto na alínea b).

2. A pena de prisión terá unha duración mínima de tres meses e máxima de vinte anos, salvo o que excepcionalmente dispoñan outros preceptos do presente código.

Cando a duración da pena de prisión imposta sexa superior a cinco anos, o xuíz ou tribunal poderá ordenar que a clasificación do condenado no terceiro grao de tratamento penitenciario non se efectúe ata o cumprimento da metade da pena imposta.

En calquera caso, cando a duración da pena de prisión imposta sexa superior a cinco anos e se trate dos delitos enumerados a seguir, a clasificación do condenado no terceiro grao de tratamento penitenciario non se poderá efectuar ata o cumprimento da metade da pena:

- a) Delitos referentes a organizacións e grupos terroristas e delitos de terrorismo do capítulo VII do título XXII do libro II deste código.
- b) Delitos cometidos no seo dunha organización ou grupo criminal.
- c) Delitos do artigo 183.
- d) Delitos do capítulo V do título VIII do libro II deste código, cando a vítima sexa menor de trece anos.

O xuíz de vixilancia, despois de prognóstico individualizado e favorable de reinserción social e valorando, se for o caso, as circunstancias persoais do reo e a evolución do tratamento reeducador, poderá acordar razoadamente, oídos o Ministerio Fiscal, as institucións penitenciarias e as demais partes, a aplicación do réxime xeral de cumprimento, salvo nos supostos contidos no parágrafo anterior.

3. En todo caso, o tribunal ou o xuíz de vixilancia penitenciaria, segundo corresponda, poderá acordar, precedendo informe do Ministerio Fiscal, das institucións penitenciarias e das demais partes, a progresión a terceiro grao por motivos humanitarios e de dignidade persoal de penados enfermos moi graves con padecementos incurables e dos septuaxenarios valorando, especialmente, a súa escasa perigosidade.»

Vinte e sete. Modifícase o artigo 39, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Son penas privativas de dereitos:

- a) A inhabilitación absoluta.
- b) As de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión, oficio, industria ou comercio, ou outras actividades determinadas neste código, ou dos dereitos de patria potestade, tutela, garda ou curatela, tenza de animais, dereito de sufraxio pasivo ou de calquera outro dereito.
- c) A suspensión de emprego ou cargo público.
- d) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.
- e) A privación do dereito á tenza e porte de armas.
- f) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou de acudir a eles.
- g) A prohibición de aproximarse á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou o tribunal.
- h) A prohibición de comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.
- i) Os traballos en beneficio da comunidade.
- j) A privación da patria potestade.»

Vinte e oito. Modifícase o número 1 do artigo 48, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles impide ao penado residir ou acudir ao lugar en que cometese o delito, ou a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, se foren distintos. Nos casos en que exista declarada unha discapacidade intelectual ou unha discapacidade que teña a súa orixe nun trastorno mental, estudarase o caso concreto a fin de resolver tendo presentes os bens xurídicos protexibles e o interese superior da persoa con discapacidade que, se for o caso, deberá contar cos medios de acompañamento e apoio precisos para o cumprimento da medida.»

Vinte e nove. Modifícase o número 1 do artigo 53, que queda redactado como segue:

«1. Se o condenado non satisfixer, voluntariamente ou por vía de constrinximento, a multa imposta, quedará suxeito a unha responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas diarias non satisfeitas, que, tratándose de delitos leves, poderá cumprirse mediante localización permanente. Neste caso, non rexerá a limitación que na súa duración establece o número 1 do artigo 37.

Tamén poderá o xuíz ou tribunal, logo de conformidade do penado, acordar que a responsabilidade subsidiaria se cumpra mediante traballos en beneficio da comunidade. Neste caso, cada día de privación de liberdade equivalerá a unha xornada de traballo.»

Trinta. Modifícase o artigo 57, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Os xuíces ou tribunais, nos delitos de homicidio, aborto, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, tráfico de seres humanos, contra a liberdade e indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, a honra, o patrimonio e a orde socioeconómica, atendendo á gravidade dos feitos ou ao perigo que o delincente represente, poderán acordar nas súas sentenzas a imposición dunha ou varias das prohibicións determinadas no artigo 48, por un tempo que non excederá dez anos se o delito for grave, ou de cinco se for menos grave.

Non obstante o anterior, se o condenado o for a pena de prisión e o xuíz ou tribunal acordar a imposición dunha ou varias das ditas prohibicións, farao por un



tempo superior entre un e dez anos ao da duración da pena de prisión imposta na sentenza, se o delito for grave, e entre un e cinco anos, se for menos grave. Neste suposto, a pena de prisión e as prohibicións antes citadas serán cumpridas necesariamente polo condenado de forma simultánea.

2. Nos supostos dos delitos mencionados no primeiro parágrafo do número 1 deste artigo cometidos contra quen sexa ou fose o cónxuxe, ou sobre persoa que estea ou estivese ligada ao condenado por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivente, ou sobre os menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección que con el convivan ou que se achen suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivente, ou sobre persoa amparada en calquera outra relación pola cal se encontre integrada no núcleo da súa convivencia familiar, así como sobre as persoas que pola súa especial vulnerabilidade se encontran sometidas á súa custodia ou garda en centros públicos ou privados, acordarase, en todo caso, a aplicación da pena prevista no número 2 do artigo 48 por un tempo que non excederá dez anos se o delito for grave, ou cinco se for menos grave, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do número anterior.

3. Tamén se poderán impor as prohibicións establecidas no artigo 48, por un período de tempo que non excederá seis meses, pola comisión dos delitos mencionados no primeiro parágrafo do número 1 deste artigo que teñan a consideración de delitos leves.»

Trinta e un. Modifícase o número 2 do artigo 66, que queda redactado como segue:

«2. Nos delitos leves e nos delitos imprudentes, os xuíces ou tribunais aplicarán as penas ao seu prudente arbitrio, sen se suxeitaren ás regras prescritas no número anterior.»

Trinta e dous. Modifícase a regra 2.<sup>a</sup> do artigo 66 bis, que queda redactada como segue:

«2.<sup>a</sup> Cando as penas previstas nas alíneas c) a g) do número 7 do artigo 33 se impoñan cunha duración limitada, esta non poderá exceder a duración máxima da pena privativa de liberdade prevista para o caso de que o delito sexa cometido por persoa física.

Para a imposición das sancións previstas nas alíneas c) a g) por un prazo superior a dous anos será necesario que se dea algunha das dúas circunstancias seguintes:

- a) Que a persoa xurídica sexa reincidente.
- b) Que a persoa xurídica se utilice instrumentalmente para a comisión de ilícitos penais. Entenderase que se está ante este último suposto sempre que a actividade legal da persoa xurídica sexa menos relevante que a súa actividade ilegal.

Cando a responsabilidade da persoa xurídica, nos casos previstos na alínea b) do número 1 do artigo 31 bis, derive dun incumprimento dos deberes de supervisión, vixilancia e control que non teña carácter grave, estas penas terán en todo caso unha duración máxima de dous anos.

Para a imposición con carácter permanente das sancións previstas nas alíneas b) e e), e para a imposición por un prazo superior a cinco anos das previstas nas alíneas e) e f) do número 7 do artigo 33, será necesario que se dea algunha das dúas circunstancias seguintes:

- a) Que se estea ante o suposto de feito previsto na regra 5.<sup>a</sup> do número 1 do artigo 66.

b) Que a persoa xurídica se utilice instrumentalmente para a comisión de ilícitos penais. Entenderase que se está ante este último suposto sempre que a actividade legal da persoa xurídica sexa menos relevante que a súa actividade ilegal.»

Trinta e tres. Engádesse un número 4 ao artigo 70 coa seguinte redacción:

«4. A pena inferior en grao á de prisión permanente é a pena de prisión de vinte a trinta anos.»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 71, que queda redactado como segue:

«1. Na determinación da pena inferior en grao, os xuíces ou tribunais non quedarán limitados polas contías mínimas sinaladas na lei a cada clase de pena, senón que poderán reducilas na forma que resulte da aplicación da regra correspondente.

2. Non obstante, cando por aplicación das regras anteriores proceda impor unha pena de prisión inferior a tres meses, esta será en todo caso substituída por multa, traballos en beneficio da comunidade ou localización permanente, aínda que a lei non prevexa estas penas para o delito de que se trate, substituíndo cada día de prisión por dúas cotas de multa ou por unha xornada de traballo ou por un día de localización permanente.»

Trinta e cinco. Introdúcese unha nova alínea e) no número 1 e modifícase o número 2 do artigo 76, coa seguinte redacción:

«e) Cando o suxeito fose condenado por dous ou máis delitos e, ao menos, un deles estea castigado pola lei con pena de prisión permanente revisable, observarase o disposto nos artigos 92 e 78 bis.»

«2. A limitación aplicarase aínda que as penas se impuxesen en distintos procesos cando o fosen por feitos cometidos antes da data en que foron axuizados os que, sendo obxecto de acumulación, o fosen en primeiro lugar.»

Trinta e seis. Modifícase o artigo 77, que queda redactado como segue:

«1. O disposto nos dous artigos anteriores non é aplicable no caso de que un só feito constituía dous ou máis delitos, ou cando un deles sexa medio necesario para cometer o outro.

2. No primeiro caso, aplicarase na súa metade superior a pena prevista para a infracción máis grave, sen que poida exceder a que represente a suma das que correspondería aplicar se se penasen separadamente as infraccións. Cando a pena así computada exceda este límite, sancionaranse as infraccións por separado.

3. No segundo, imporase unha pena superior á que correspondería, no caso concreto, pola infracción máis grave, e que non poderá exceder a suma das penas concretas que fosen impostas separadamente por cada un dos delitos. Dentro destes límites, o xuíz ou tribunal individualizará a pena conforme os criterios expresados no artigo 66. En todo caso, a pena imposta non poderá exceder o límite de duración previsto no artigo anterior.»

Trinta e sete. Suprímese o número 3 do artigo 78 e modifícase o seu número 2, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. Nestes casos, o xuíz de vixilancia, despois de prognóstico individualizado e favorable de reinserción social e valorando, se for o caso, as circunstancias persoais do reo e a evolución do tratamento reeducador, poderá acordar razoadamente, oídos o Ministerio Fiscal, as institucións penitenciarias e as demais partes, a aplicación do réxime xeral de cumprimento.

Se se tratar de delitos referentes a organizacións e grupos terroristas e delitos de terrorismo do capítulo VII do título XXII do libro II deste código, ou cometidos no seo de organizacións criminais, e atendendo á suma total das penas impostas, a anterior posibilidade só será aplicable:

- a) Ao terceiro grao penitenciario, cando quede por cumprir unha quinta parte do límite máximo de cumprimento da condena.
- b) Á liberdade condicional, cando quede por cumprir unha oitava parte do límite máximo de cumprimento da condena.»

Trinta e oito. Introdúcese un novo artigo 78 bis, coa seguinte redacción:

«1. Cando o suxeito fose condenado por dous ou máis delitos e, ao menos, un deles estea castigado pola lei con pena de prisión permanente revisable, a progresión a terceiro grao requirirá do cumprimento:

- a) Dun mínimo de dezaioito anos de prisión, cando o penado o fose por varios delitos, un deles estea castigado con pena de prisión permanente revisable e o resto das penas impostas sumen un total que exceda cinco anos.
- b) Dun mínimo de vinte anos de prisión, cando o penado o fose por varios delitos, un deles estea castigado cunha pena de prisión permanente revisable e o resto das penas impostas sumen un total que exceda quince anos.
- c) Dun mínimo de vinte e dous anos de prisión, cando o penado o fose por varios delitos e dous ou máis deles estean castigados cunha pena de prisión permanente revisable, ou ben un deles estea castigado cunha pena de prisión permanente revisable e o resto de penas impostas sumen un total de vinte e cinco anos ou máis.

2. Nestes casos, a suspensión da execución do resto da pena requirirá que o penado extinguiuse:

- a) Un mínimo de vinte e cinco anos de prisión, nos supostos a que se refiren as alíneas a) e b) do número anterior.
- b) Un mínimo de trinta anos de prisión no da alínea c) do número anterior.

3. Se se tratar de delitos referentes a organizacións e grupos terroristas e delitos de terrorismo do capítulo VII do título XXII do libro II deste código, ou cometidos no seo de organizacións criminais, os límites mínimos de cumprimento para o acceso ao terceiro grao de clasificación serán de vinte e catro anos de prisión, nos supostos a que se refiren as alíneas a) e b) do primeiro número, e de trinta e dous anos de prisión no da alínea c) do primeiro número.

Nestes casos, a suspensión da execución do resto da pena requirirá que o penado extinguiuse un mínimo de vinte e oito anos de prisión, nos supostos a que se refiren as alíneas a) e b) do primeiro número, e de trinta e cinco anos de prisión no da alínea b) do primeiro número.»

Trinta e nove. Modifícase o artigo 80, coa seguinte redacción:

«1. Os xuíces ou tribunais, mediante resolución motivada, poderán deixar en suspenso a execución das penas privativas de liberdade non superiores a dous anos cando sexa razoable esperar que a execución da pena non sexa necesaria para evitar a comisión futura polo penado de novos delitos.

Para adoptar esta resolución, o xuíz ou tribunal valorará as circunstancias do delito cometido, as circunstancias persoais do penado, os seus antecedentes, a súa conduta posterior ao feito, en particular o seu esforzo para reparar o dano causado, as súas circunstancias familiares e sociais e os efectos que caiba esperar da propia suspensión da execución e do cumprimento das medidas que foren impostas.

2. Serán condicións necesarias para deixar en suspenso a execución da pena as seguintes:

1.<sup>a</sup> Que o condenado delinquire por primeira vez. Para tal efecto non se terán en conta as anteriores condenas por delitos imprudentes ou por delitos leves, nin os antecedentes penais que fosen cancelados ou deberon selo conforme o disposto no artigo 136. Tampouco se terán en conta os antecedentes penais correspondentes a delitos que, pola súa natureza ou circunstancias, carezan de relevancia para valorar a probabilidade de comisión de delitos futuros.

2.<sup>a</sup> Que a pena ou a suma das impostas non sexa superior a dous anos, sen incluír en tal cómputo a derivada da falta de pagamento da multa.

3.<sup>a</sup> Que se satisfixesen as responsabilidades civís orixinadas e se fixese efectivo o comiso acordado en sentenza conforme o artigo 127.

Este requisito entenderase cumprido cando o penado asuma o compromiso de satisfacer as responsabilidades civís de acordo coa súa capacidade económica e de facilitar o comiso acordado, e sexa razoable esperar que será cumprido no prazo prudencial que o xuíz ou tribunal determine. O xuíz ou tribunal, en atención ao alcance da responsabilidade civil e ao impacto social do delito, poderá solicitar as garantías que considere convenientes para asegurar o seu cumprimento.

3. Excepcionalmente, aínda que non concorran as condicións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> do número anterior, e sempre que non se trate de reos habituais, poderá acordarse a suspensión das penas de prisión que individualmente non excedan dous anos cando as circunstancias persoais do reo, a natureza do feito, a súa conduta e, en particular, o esforzo para reparar o dano causado así o aconsellen.

Nestes casos, a suspensión condicionarase sempre á reparación efectiva do dano ou á indemnización do prexuízo causado conforme as súas posibilidades físicas e económicas, ou ao cumprimento do acordo a que se refire a medida 1.<sup>a</sup> do artigo 84. Así mesmo, imporase sempre unha das medidas a que se refiren os ordinais 2.<sup>a</sup> ou 3.<sup>a</sup> do mesmo precepto, cunha extensión que non poderá ser inferior á que resulte de aplicar os criterios de conversión fixados nel sobre un quinto da pena imposta.

4. Os xuíces e tribunais poderán outorgar a suspensión de calquera pena imposta sen suxeición a requisito ningún no caso de que o penado sufra unha enfermidade moi grave con padecementos incurables, salvo que no momento da comisión do delito tivese xa outra pena suspendida polo mesmo motivo.

5. Aínda que non concorran as condicións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> previstas no número 2 deste artigo, o xuíz ou tribunal poderá acordar a suspensión da execución das penas privativas de liberdade non superiores a cinco anos dos penados que cometesen o feito delituoso por causa da súa dependencia das substancias sinaladas no ordinal 2.º do artigo 20, sempre que sexa certificado suficientemente, por centro ou servizo público ou privado debidamente acreditado ou homologado, que o condenado se encontra deshabitado ou sometido a tratamento para tal fin no momento de decidir sobre a suspensión.

O xuíz ou tribunal poderá ordenar a realización das comprobacións necesarias para verificar o cumprimento dos anteriores requisitos.

No caso de que o condenado se encontre sometido a tratamento de deshabitación, tamén se condicionará a suspensión da execución da pena a que non abandone o tratamento ata a súa finalización. Non se entenderán como abandono as recaídas no tratamento se estas non evidencian un abandono definitivo do tratamento de deshabitación.

6. Nos delitos que só poden ser perseguidos precedendo denuncia ou querela do ofendido, os xuíces e tribunais oírán este e, se for o caso, quen o represente, antes de concederen os beneficios da suspensión da execución da pena.»

Corenta. Modifícase o artigo 81, que queda redactado como segue:

«O prazo de suspensión será de dous a cinco anos para as penas privativas de liberdade non superiores a dous anos, e de tres meses a un ano para as penas leves, e será fixado polo xuíz ou tribunal, atendendo aos criterios expresados no parágrafo segundo do número 1 do artigo 80.

No caso de que a suspensión fose acordada de conformidade co disposto no número 5 do artigo anterior, o prazo de suspensión será de tres a cinco anos.»

Corenta e un. Modifícase o artigo 82, que queda redactado como segue:

«1. O xuíz ou tribunal resolverá en sentenza sobre a suspensión da execución da pena sempre que isto resulte posible. Nos demais casos, unha vez declarada a firmeza da sentenza, pronunciarase coa maior urxencia, despois de audiencia ás partes, sobre a concesión ou non da suspensión da execución da pena.

2. O prazo de suspensión computarase desde a data da resolución que a acorda. Se a suspensión fose acordada en sentenza, o prazo da suspensión computarase desde a data en que aquela devíñese firme.

Non se computará como prazo de suspensión aquel en que o penado se mantivese en situación de rebeldía.»

Corenta e dous. Modifícase o artigo 83, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O xuíz ou tribunal poderá condicionar a suspensión ao cumprimento das seguintes prohibicións e deberes cando isto resulte necesario para evitar o perigo de comisión de novos delitos, sen que poidan imporse deberes e obrigacións que resulten excesivos e desproporcionados:

1.<sup>a</sup> Prohibición de aproximarse á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, aos seus domicilios, aos seus lugares de traballo ou a outros lugares habitualmente frecuentados por eles, ou de comunicarse con eles por calquera medio. A imposición desta prohibición será sempre comunicada ás persoas con relación ás cales sexa acordada.

2.<sup>a</sup> Prohibición de establecer contacto con persoas determinadas ou con membros dun grupo determinado cando existan indicios que permitan supor fundadamente que tales suxeitos poden facilitarlle a ocasión para cometer novos delitos ou incitalo a facelo.

3.<sup>a</sup> Manter o seu lugar de residencia nun lugar determinado con prohibición de abandonalo ou ausentarse temporalmente sen autorización do xuíz ou tribunal.

4.<sup>a</sup> Prohibición de residir nun lugar determinado ou de acudir a el cando neles poida encontrar a ocasión ou motivo para cometer novos delitos.

5.<sup>a</sup> Comparecer persoalmente, coa periodicidade que se determine, ante o xuíz ou tribunal, dependencias policiais ou servizo da Administración que se determine, para informar das súas actividades e xustificalas.

6.<sup>a</sup> Participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación viaria, sexual, de defensa do ambiente, de protección dos animais, de igualdade de trato e non discriminación e outros similares.

7.<sup>a</sup> Participar en programas de deshabitación do consumo de alcohol, drogas tóxicas ou substancias estupefacientes, ou de tratamento doutros comportamentos adictivos.

8.<sup>a</sup> Prohibición de conducir vehículos de motor que non dispoñan de dispositivos tecnolóxicos que condicionen o seu acendemento ou funcionamento á comprobación previa das condicións físicas do condutor, cando o suxeito fose condenado por un delito contra a seguranza viaria e a medida resulte necesaria para previr a posible comisión de novos delitos.

9.<sup>a</sup> Cumprir os demais deberes que o xuíz ou tribunal considere convenientes para a rehabilitación social do penado, coa conformidade previa deste, sempre que non atenten contra a súa dignidade como persoa.

2. Cando se trate de delitos cometidos contra a muller por quen sexa ou fose o seu cónxuxe, ou por quen estea ou estivese ligado a ela por unha relación similar de afectividade, aínda sen convivencia, imponerse sempre as prohibicións e deberes indicados nas regras 1.<sup>a</sup>, 4.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> do número anterior.

3. A imposición de calquera das prohibicións ou deberes das regras 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup> ou 4.<sup>a</sup> do número 1 deste artigo será comunicada ás forzas e corpos de seguranza do Estado, que velarán polo seu cumprimento. Calquera posible quebrantamento ou circunstancia relevante para valorar a perigosidade do penado e a posibilidade de comisión futura de novos delitos será inmediatamente comunicada ao Ministerio Fiscal e ao xuíz ou tribunal de execución.

4. O control do cumprimento dos deberes a que se refiren as regras 6.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> do número 1 deste artigo corresponderá aos servizos de xestión de penas e medidas alternativas da Administración penitenciaria. Estes servizos informarán o xuíz ou tribunal de execución sobre o cumprimento cunha periodicidade ao menos trimestral, no caso das regras 6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup>, e semestral, no caso da 7.<sup>a</sup>, e, en todo caso, á súa conclusión.

Así mesmo, informarán inmediatamente de calquera circunstancia relevante para valorar a perigosidade do penado e a posibilidade de comisión futura de novos delitos, así como dos incumprimentos da obrigaón imposta ou do seu cumprimento efectivo.»

Corenta e tres. Modifícase o artigo 84, que queda redactado como segue:

«1. O xuíz ou tribunal tamén poderá condicionar a suspensión da execución da pena ao cumprimento dalgunha ou algunhas das seguintes prestacións ou medidas:

1.<sup>a</sup> O cumprimento do acordo alcanzado polas partes en virtude de mediación.

2.<sup>a</sup> O pagamento dunha multa, cuxa extensión determinará o xuíz ou tribunal en atención ás circunstancias do caso, que non poderá ser superior á que resultaría de aplicar dúas cotas de multa por cada día de prisión sobre un límite máximo de dous terzos da súa duración.

3.<sup>a</sup> A realización de traballos en beneficio da comunidade, especialmente cando resulte adecuado como forma de reparación simbólica á vista das circunstancias do feito e do autor. A duración desta prestación de traballos será determinada polo xuíz ou tribunal en atención ás circunstancias do caso, sen que poida exceder a que resulte de computar un día de traballos por cada día de prisión sobre un límite máximo de dous terzos da súa duración.

2. Se se tratase dun delito cometido contra a muller por quen sexa ou fose o seu cónxuxe, ou por quen estea ou estivese ligado a ela por unha relación similar de afectividade, aínda sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade propios ou do cónxuxe ou convivente, ou sobre os menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección que con el convivan ou que se achen suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivente, o pagamento da multa a que se refire a medida 2.<sup>a</sup> do número anterior só se poderá impor cando conste acreditado que entre eles non existen relacións económicas derivadas dunha relación conxugal, de convivencia ou filiación, ou da existencia dunha descendencia común.»

Corenta e catro. Modifícase o artigo 85, que queda redactado como segue:

«Durante o tempo de suspensión da pena, e á vista da posible modificación das circunstancias valoradas, o xuíz ou tribunal poderá modificar a decisión que anteriormente adoptase conforme os artigos 83 e 84, e acordar o alzamento de todas ou algunha das prohibicións, deberes ou prestacións que fosen acordadas, a súa modificación ou a substitución por outras que resulten menos gravosas.»

Corenta e cinco. Modifícase o artigo 86, que queda co seguinte contido:

«1. O xuíz ou tribunal revogará a suspensión e ordenará a execución da pena cando o penado:

a) Sexa condenado por un delito cometido durante o período de suspensión e isto poña de manifesto que a expectativa en que se fundaba a decisión de suspensión adoptada xa non pode ser mantida.

b) Incumpra de forma grave ou reiterada as prohibicións e deberes que lle fosen impostos conforme o artigo 83, ou se subtraia ao control dos servizos de xestión de penas e medidas alternativas da Administración penitenciaria.

c) Incumpra de forma grave ou reiterada as condicións que, para a suspensión, fosen impostas conforme o artigo 84.

d) Facilite información inexacta ou insuficiente sobre o paradiro de bens ou obxectos cuxo comiso fose acordado; non dea cumprimento ao compromiso de pagamento das responsabilidades civís a que fose condenado, salvo que carecese de capacidade económica para isto; ou facilite información inexacta ou insuficiente sobre o seu patrimonio, incumprindo a obrigaición imposta no artigo 589 da Lei de axuízamento civil.

2. Se o incumprimento das prohibicións, deberes ou condicións non tivese carácter grave ou reiterado, o xuíz ou tribunal poderá:

a) Impor ao penado novas prohibicións, deberes ou condicións, ou modificar as xa impostas.

b) Prorrogar o prazo de suspensión, sen que en ningún caso poida exceder a metade da duración do que fose inicialmente fixado.

3. No caso de revogación da suspensión, os gastos que realizase o penado para reparar o dano causado polo delito conforme o número 1 do artigo 84 non serán restituídos. No entanto, o xuíz ou tribunal aboará á pena os pagamentos e a prestación de traballos que fosen realizados ou cumpridos conforme as medidas 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup>

4. En todos os casos anteriores, o xuíz ou tribunal resolverá despois de ter oído o fiscal e as demais partes. No entanto, poderá revogar a suspensión da execución da pena e ordenar o ingreso inmediato do penado en prisión cando resulte imprescindible para evitar o risco de reiteración delituosa, o risco de fuxida do penado ou asegurar a protección da vítima.

O xuíz ou tribunal poderá acordar a realización das dilixencias de comprobación que foren necesarias e acordar a celebración dunha vista oral cando o considere necesario para resolver.»

Corenta e seis. Modifícase o artigo 87, que queda redactado como segue:

«1. Transcorrido o prazo de suspensión fixado sen ter cometido o suxeito un delito que poña de manifesto que a expectativa en que se fundaba a decisión de suspensión adoptada xa non pode ser mantida, e cumpridas de forma suficiente as regras de conduta fixadas polo xuíz ou tribunal, este acordará a remisión da pena.

2. Non obstante, para acordar a remisión da pena que fose suspendida conforme o número 5 do artigo 80, deberá acreditarse a deshabitación do suxeito

ou a continuidade do tratamento. No contrario, o xuíz ou tribunal ordenará o seu cumprimento, salvo que, oídos os informes correspondentes, considere necesaria a continuación do tratamento; en tal caso poderá conceder razoadamente unha prórroga do prazo de suspensión por tempo non superior a dous anos.»

Corenta e sete. Suprímese o artigo 88.

Corenta e oito. Modifícase o artigo 89, que queda redactado do seguinte modo:

«1. As penas de prisión de máis dun ano impostas a un cidadán estranxeiro serán substituídas pola súa expulsión do territorio español. Excepcionalmente, cando resulte necesario para asegurar a defensa da orde xurídica e restablecer a confianza na vixencia da norma infrinxida polo delito, o xuíz ou tribunal poderá acordar a execución dunha parte da pena que non poderá ser superior a dous terzos da súa extensión e a substitución do resto pola expulsión do penado do territorio español. En todo caso, substituirase o resto da pena pola expulsión do penado do territorio español cando aquel acceda ao terceiro grao ou lle sexa concedida a liberdade condicional.

2. Cando fose imposta unha pena de máis de cinco anos de prisión, ou varias penas que excedan desa duración, o xuíz ou tribunal acordará a execución de todo ou parte da pena, na medida en que resulte necesario para asegurar a defensa da orde xurídica e restablecer a confianza na vixencia da norma infrinxida polo delito. Nestes casos, substituirase a execución do resto da pena pola expulsión do penado do territorio español, cando o penado cumpra a parte da pena que se determinase, acceda ao terceiro grao ou se lle conceda a liberdade condicional.

3. O xuíz ou tribunal resolverá en sentenza sobre a substitución da execución da pena sempre que isto resulte posible. Nos demais casos, unha vez declarada a firmeza da sentenza, pronunciarase coa maior urxencia, logo de audiencia ao fiscal e ás demais partes, sobre a concesión ou non da substitución da execución da pena.

4. Non procederá a substitución cando, á vista das circunstancias do feito e as persoais do autor, en particular o seu arraigamento en España, a expulsión resulte desproporcionada.

A expulsión dun cidadán da Unión Europea soamente procederá cando represente unha ameaza grave para a orde pública ou a seguranza pública en atención á natureza, circunstancias e gravidade do delito cometido, os seus antecedentes e circunstancias persoais.

Se residise en España durante os dez anos anteriores, procederá a expulsión cando, ademais:

a) Fose condenado por un ou máis delitos contra a vida, a liberdade, a integridade física e a liberdade e indemnidade sexuais castigados con pena máxima de prisión de máis de cinco anos e se aprecie fundadamente un risco grave de que poida cometer delitos da mesma natureza.

b) Fose condenado por un ou máis delitos de terrorismo ou outros delitos cometidos no seo dun grupo ou organización criminal.

Nestes supostos será en todo caso de aplicación o disposto no número 2 deste artigo.

5. O estranxeiro non poderá regresar a España nun prazo de cinco a dez anos, contados desde a data da súa expulsión, atendidas a duración da pena substituída e as circunstancias persoais do penado.

6. A expulsión levará consigo o arquivamento de calquera procedemento administrativo que teña por obxecto a autorización para residir ou traballar en España.

7. Se o estranxeiro expulsado regresar a España antes de transcorrer o período de tempo establecido xudicialmente, cumprirá as penas que foron substituídas, salvo que, excepcionalmente, o xuíz ou tribunal reduza a súa duración



cando o seu cumprimento resulte innecesario para asegurar a defensa da orde xurídica e restablecer a confianza na norma xurídica infrinxida polo delito, en atención ao tempo transcorrido desde a expulsión e ás circunstancias en que se produciu o seu incumprimento.

Non obstante, se for sorprendido na fronteira, será expulsado directamente pola autoridade gobernativa e comezará a computarse de novo o prazo de prohibición de entrada na súa integridade.

8. Cando, ao acordarse a expulsión en calquera dos supostos previstos neste artigo, o estranxeiro non se encontre ou non quede efectivamente privado de liberdade en execución da pena imposta, o xuíz ou tribunal poderá acordar, co fin de asegurar a expulsión, o seu ingreso nun centro de internamento de estranxeiros, nos termos e cos límites e garantías previstos na lei para a expulsión gobernativa.

En todo caso, se, acordada a substitución da pena privativa de liberdade pola expulsión, esta non puiden levarse a efecto, procederase á execución da pena orixinariamente imposta ou do período de condena pendente, ou á aplicación, se for o caso, da suspensión da execución.

9. Non serán substituídas as penas que se impuxesen pola comisión dos delitos a que se refiren os artigos 177 bis, 312, 313 e 318 bis.»

Corenta e nove. Modifícase o artigo 90, que queda redactado como segue:

«1. O xuíz de vixilancia penitenciaria acordará a suspensión da execución do resto da pena de prisión e concederá a liberdade condicional ao penado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que se encontre clasificado en terceiro grao.
- b) Que extingúese as tres cuartas partes da pena imposta.
- c) Que observase boa conduta.

Para resolver sobre a suspensión da execución do resto da pena e concesión da liberdade condicional, o xuíz de vixilancia penitenciaria valorará a personalidade do penado, os seus antecedentes, as circunstancias do delito cometido, a relevancia dos bens xurídicos que poderían verse afectados por unha reiteración no delito, a súa conduta durante o cumprimento da pena, as súas circunstancias familiares e sociais e os efectos que caiba esperar da propia suspensión da execución e do cumprimento das medidas que foren impostas.

Non se concederá a suspensión se o penado non satisfíxese a responsabilidade civil derivada do delito nos supostos e conforme os criterios establecidos polos números 5 e 6 do artigo 72 da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria.

2. Tamén poderá acordar a suspensión da execución do resto da pena e conceder a liberdade condicional aos penados que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que extingúisen dúas terceiras parte da súa condena.
- b) Que durante o cumprimento da súa pena desenvolvesen actividades laborais, culturais ou ocupacionais, ben de forma continuada, ben cun aproveitamento do cal derivase unha modificación relevante e favorable daquelas das súas circunstancias persoais relacionadas coa súa actividade delituosa previa.
- c) Que acredite o cumprimento dos requisitos a que se refire o número anterior, salvo o de ter extinguido tres cuartas partes da súa condena.

Por proposta das institucións penitenciarias e logo de informe do Ministerio Fiscal e das demais partes, cumpridas as circunstancias das alíneas a) e c) do número anterior, o xuíz de vixilancia penitenciaria poderá adiantar, unha vez extinguida a metade da condena, a concesión da liberdade condicional en relación co prazo previsto no número anterior, ata un máximo de noventa días por cada ano

transcorrido de cumprimento efectivo de condena. Esta medida requirirá que o penado desenvolvese continuamente as actividades indicadas na alínea b) deste número e que acredite, ademais, a participación efectiva e favorable en programas de reparación ás vítimas ou programas de tratamento ou desintoxicación, se for o caso.

3. Excepcionalmente, o xuíz de vixilancia penitenciaria poderá acordar a suspensión da execución do resto da pena e conceder a liberdade condicional aos penados en que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que se encontren cumprindo a súa primeira condena de prisión e que esta non supere os tres anos de duración.
- b) Que extinguisen a metade da súa condena.
- c) Que acrediten o cumprimento dos requisitos a que se refire o número 1, salvo o de ter extinguido tres cuartas partes da súa condena, así como o regulado na alínea b) do número anterior.

Este réxime non será aplicable aos penados que o fosen pola comisión dun delito contra a liberdade e indemnidade sexuais.

4. O xuíz de vixilancia penitenciaria poderá denegar a suspensión da execución do resto da pena cando o penado dese información inexacta ou insuficiente sobre o paradiro de bens ou obxectos cuxo comiso fose acordado; non dea cumprimento conforme a súa capacidade ao compromiso de pagamento das responsabilidades civís a que fose condenado, ou facilite información inexacta ou insuficiente sobre o seu patrimonio, incumprindo a obrigaçión imposta no artigo 589 da Lei de axuizamento civil.

Tamén poderá denegar a suspensión da execución do resto da pena imposta para algún dos delitos previstos no título XIX do libro II deste código, cando o penado eludise o cumprimento das responsabilidades pecuniarias ou a reparación do dano económico causado á Administración a que fose condenado.

5. Nos casos de suspensión da execución do resto da pena e concesión da liberdade condicional, resultarán aplicables as normas contidas nos artigos 83, 86 e 87.

O xuíz de vixilancia penitenciaria, á vista da posible modificación das circunstancias valoradas, poderá modificar a decisión que anteriormente adoptase conforme o artigo 83, e acordar a imposición de novas prohibicións, deberes ou prestacións, a modificación das que xa fosen acordadas ou o seu alzamento.

Así mesmo, o xuíz de vixilancia penitenciaria revogará a suspensión da execución do resto da pena e a liberdade condicional concedida cando se poña de manifesto un cambio das circunstancias que desen lugar á suspensión que non permita manter xa o prognóstico de falta de perigosidade en que se fundaba a decisión adoptada.

O prazo de suspensión da execución do resto da pena será de dous a cinco anos. En todo caso, o prazo de suspensión da execución e de liberdade condicional non poderá ser inferior á duración da parte de pena pendente de cumprimento. O prazo de suspensión e liberdade condicional computarase desde a data de posta en liberdade do penado.

6. A revogación da suspensión da execución do resto da pena e liberdade condicional dará lugar á execución da parte da pena pendente de cumprimento. O tempo transcorrido en liberdade condicional non será computado como tempo de cumprimento da condena.

7. O xuíz de vixilancia penitenciaria resolverá de oficio sobre a suspensión da execución do resto da pena e a concesión da liberdade condicional a pedimento do penado. No caso de que a petición non sexa estimada, o xuíz ou tribunal poderá fixar un prazo de seis meses, que motivadamente poderá ser prolongado a un ano, ata que a pretensión poida ser novamente presentada.

8. No caso de persoas condenadas por delitos cometidos no seo de organizacións criminais ou por algún dos delitos regulados no capítulo VII do título XXII do libro II deste código, a suspensión da execución do resto da pena imposta e a concesión da liberdade condicional require que o penado mostre signos inequívocos de ter abandonado os fins e os medios da actividade terrorista e ter colaborado activamente coas autoridades, ben para impedir a produción doutros delitos por parte da organización ou grupo terrorista, ben para atenuar os efectos do seu delito, ben para a identificación, captura e procesamento de responsables de delitos terroristas, para obter probas ou para impedir a actuación ou o desenvolvemento das organizacións ou asociacións a que pertencese ou con que colaborase, o que poderá acreditarse mediante unha declaración expresa de repudio das súas actividades delituosas e de abandono da violencia e unha petición expresa de perdón ás vítimas do seu delito, así como polos informes técnicos que acrediten que o preso está realmente desvinculado da organización terrorista e do contorno e actividades de asociacións e colectivos ilegais que a rodean e a súa colaboración coas autoridades.

Os números 2 e 3 non serán aplicables ás persoas condenadas pola comisión dalgún dos delitos regulados no capítulo VII do título XXII do libro II deste código ou por delitos cometidos no seo de organizacións criminais.»

Cincuenta. Modifícase o artigo 91, que pasa a ter o seguinte contido:

«1. Non obstante o disposto no artigo anterior, os penados que cumprisen a idade de setenta anos, ou a cumbran durante a extinción da condena, e reúnan os requisitos exixidos no artigo anterior, excepto o de teren extinguido as tres cuartas partes daquela, as dúas terceiras partes ou, se for o caso, a metade da condena, poderán obter a suspensión da execución do resto da pena e a concesión da liberdade condicional.

O mesmo criterio se aplicará cando se trate de enfermos moi graves con padecementos incurables, e así quede acreditado pola práctica dos informes médicos que, a criterio do xuíz de vixilancia penitenciaria, se consideren necesarios.

2. Constando á Administración penitenciaria que o interno se encontra en calquera dos casos previstos nos parágrafos anteriores, elevará o expediente de liberdade condicional, coa urxencia que o caso requira, ao xuíz de vixilancia penitenciaria, quen, á hora de resolvelo, valorará xunto coas circunstancias persoais a dificultade para delinquir e a escasa perigosidade do suxeito.

3. Se o perigo para a vida do interno, por causa da súa enfermidade ou da súa avanzada idade, for patente, por estar así acreditado polo ditame do médico forense e dos servizos médicos do establecemento penitenciario, o xuíz ou tribunal poderá, sen necesidade de que se acredite o cumprimento de ningún outro requisito e valorada a falta de perigosidade relevante do penado, acordar a suspensión da execución do resto da pena e concederlle a liberdade condicional sen máis trámite que requirir ao centro penitenciario o informe de pronóstico final co obxecto de poder facer a valoración a que se refire o número anterior.

Neste caso, o penado estará obrigado a facilitar ao servizo médico penitenciario, ao médico forense ou a aquel outro que determine o xuíz ou tribunal, a información necesaria para poder valorar sobre a evolución da súa enfermidade.

O incumprimento desta obrigaón poderá dar lugar á revogación da suspensión da execución e da liberdade condicional.

4. Son aplicables ao suposto regulado neste artigo as disposicións contidas nos números 4, 5 e 6 do artigo anterior.»

Cincuenta e un. Modifícase o artigo 92, que queda redactado como segue:

«1. O tribunal acordará a suspensión da execución da pena de prisión permanente revisable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que o penado cumprise vinte e cinco anos da súa condena, sen prexuízo do disposto no artigo 78 bis para os casos regulados nel.
- b) Que se encontre clasificado en terceiro grao.
- c) Que o tribunal, á vista da personalidade do penado, os seus antecedentes, as circunstancias do delito cometido, a relevancia dos bens xurídicos que poderían verse afectados por unha reiteración no delito, a súa conduta durante o cumprimento da pena, as súas circunstancias familiares e sociais e os efectos que caiba esperar da propia suspensión da execución e do cumprimento das medidas que fosen impostas, poida fundar, logo de valoración dos informes de evolución remitidos polo centro penitenciario e por aqueles especialistas que o propio tribunal determine, a existencia dun prognóstico favorable de reinserción social.

No caso de que o penado o fose por varios delitos, o exame dos requisitos a que se refire a alínea c) realizarase valorando no seu conxunto todos os delitos cometidos.

O tribunal resolverá sobre a suspensión da pena de prisión permanente revisable despois dun procedemento oral contradictorio no cal intervirán o Ministerio Fiscal e o penado, asistido polo seu avogado.

2. Se se tratar de delitos referentes a organizacións e grupos terroristas e delitos de terrorismo do capítulo VII do título XXII do libro II deste código, será, ademais, necesario que o penado mostre signos inequívocos de ter abandonado os fins e os medios da actividade terrorista e colaborase activamente coas autoridades, ben para impedir a produción doutros delitos por parte da organización ou grupo terrorista, ben para atenuar os efectos do seu delito, ben para a identificación, captura e procesamento de responsables de delitos terroristas, para obter probas ou para impedir a actuación ou o desenvolvemento das organizacións ou asociacións a que pertencese ou con que colaborase, o que poderá acreditarse mediante unha declaración expresa de repudio das súas actividades delituosas e de abandono da violencia e unha petición expresa de perdón ás vítimas do seu delito, así como polos informes técnicos que acrediten que o preso está realmente desvinculado da organización terrorista e do contorno e actividades de asociacións e colectivos ilegais que a rodean e a súa colaboración coas autoridades.

3. A suspensión da execución terá unha duración de cinco a dez anos. O prazo de suspensión e liberdade condicional computarase desde a data de posta en liberdade do penado. Son aplicables as normas contidas no parágrafo segundo do número 1 do artigo 80 e nos artigos 83, 86, 87 e 91.

O xuíz ou tribunal, á vista da posible modificación das circunstancias valoradas, poderá modificar a decisión que anteriormente adoptase conforme o artigo 83 e acordar a imposición de novas prohibicións, deberes ou prestacións, a modificación das que xa fosen acordadas, ou o seu alzamento.

Así mesmo, o xuíz de vixilancia penitenciaria revogará a suspensión da execución do resto da pena e a liberdade condicional concedida cando se poña de manifesto un cambio das circunstancias que desen lugar á suspensión que non permita manter xa o prognóstico de falta de perigosidade en que se fundaba a decisión adoptada.

4. Extinguida a parte da condena a que se refire a alínea a) do número 1 deste artigo ou, se for o caso, no artigo 78 bis, o tribunal deberá verificar, ao menos cada dous anos, o cumprimento do resto dos requisitos da liberdade condicional. O tribunal resolverá tamén as peticións de concesión da liberdade condicional do penado, pero poderá fixar un prazo de ata un ano dentro do cal, despois de ter sido rexeitada unha petición, non se dará curso ás súas novas solicitudes.»

Cincuenta e dous. Suprímese o artigo 93.

Cincuenta e tres. Engádesse un novo artigo 94 bis, coa seguinte redacción:

«Para os efectos previstos neste capítulo, as condenas firmes de xuíces ou tribunais impostas noutros Estados da Unión Europea terán o mesmo valor que as impostas polos xuíces ou tribunais españois, salvo que os seus antecedentes fosen cancelados ou poidan selo conforme o dereito español.»

Cincuenta e catro. Modifícase a rúbrica do título V do libro I, que pasa a denominarse:

«TÍTULO V. Da responsabilidade civil derivada dos delitos e das custas procesuais.»

Cincuenta e cinco. Modifícase o número 1 do artigo 109, que queda redactado como segue:

«1. A execución dun feito descrito pola lei como delito obriga a reparar, nos termos previstos nas leis, os danos e perdas por el causados.»

Cincuenta e seis. Modifícase o número 1 do artigo 111, que queda redactado como segue:

«1. Deberá restituírse, sempre que sexa posible, o mesmo ben, con aboamento das deterioracións e menoscabos que o xuíz ou tribunal determine. A restitución terá lugar aínda que o ben se ache en poder de terceiro e este o adquirise legalmente e de boa fe, deixando a salvo o seu dereito de repetición contra quen corresponda e, se for o caso, o de ser indemnizado polo responsable civil do delito.»

Cincuenta e sete. Modifícase o número 1 do artigo 116, que queda redactado como segue:

«1. Toda persoa criminalmente responsable dun delito tamén o é civilmente se do feito derivaren danos ou perdas. Se son dous ou máis os responsables dun delito, os xuíces ou tribunais sinalarán a cota de que deba responder cada un.»

Cincuenta e oito. Modifícase o artigo 120, que queda redactado co seguinte teor:

«Son tamén responsables civilmente, na falta dos que o sexan criminalmente:

1.º Os pais ou titores, polos danos e perdas causados polos delitos cometidos polos maiores de dezaioito anos suxeitos á súa patria potestade ou tutela e que vivan na súa compañía, sempre que haxa pola súa parte culpa ou negligencia.

2.º As persoas naturais ou xurídicas titulares de editoriais, xornais, revistas, estacións de radio ou televisión ou de calquera outro medio de difusión escrita, falada ou visual, polos delitos cometidos utilizando os medios de que sexan titulares, deixando a salvo o disposto no artigo 212.

3.º As persoas naturais ou xurídicas, nos casos de delitos cometidos nos establecementos de que sexan titulares, cando por parte dos que os dirixan ou administren, ou dos seus dependentes ou empregados, se infrinxisen os regulamentos de policía ou as disposicións da autoridade que estean relacionados co feito punible cometido, de modo que este non se tería producido sen esa infracción.

4.º As persoas naturais ou xurídicas dedicadas a calquera xénero de industria ou comercio, polos delitos que cometesen os seus empregados ou dependentes, representantes ou xestores no desempeño das súas obrigacións ou servizos.

5.º As persoas naturais ou xurídicas titulares de vehículos susceptibles de crear riscos para terceiros, polos delitos cometidos na utilización daqueles por parte dos seus dependentes ou representantes ou persoas autorizadas.»

Cincuenta e nove. Modifícase o artigo 122, que queda redactado como segue:

«Quen por título lucrativo participase dos efectos dun delito está obrigado á restitución da cousa ou ao resarcimento do dano ata a contía da súa participación.»

Sesenta. Modifícase o artigo 123, que queda redactado como segue:

«As custas procesuais enténdense impostas pola lei aos criminalmente responsables de todo delito.»

Sesenta e un. Modifícase o artigo 127, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Toda pena que se impoña por un delito doloso levará consigo a perda dos obxectos que del proveñan e dos bens, medios ou instrumentos con que se preparase ou executase, así como das ganancias provenientes do delito, sexan cales foren as transformacións que poidan experimentar.

2. Nos casos en que a lei prevexa a imposición dunha pena privativa de liberdade superior a un ano pola comisión dun delito imprudente, o xuíz ou tribunal poderá acordar a perda dos obxectos que proveñan del e dos bens, medios ou instrumentos con que se preparase ou executase, así como das ganancias provenientes do delito, sexan cales foren as transformacións que poidan experimentar.

3. Se por calquera circunstancia non for posible o comiso dos bens sinalados nos números anteriores deste artigo, acordarase o comiso doutros bens por unha cantidade que corresponda ao valor económico destes, e ao das ganancias que se obtivesen deles. De igual modo se procederá cando se acorde o comiso de bens, obxectos ou ganancias determinados, pero o seu valor sexa inferior ao que tiñan no momento da súa adquisición.»

Sesenta e dous. Introdúcese un artigo 127 bis, que pasa a ter o seguinte contido:

«1. O xuíz ou tribunal ordenará tamén o comiso dos bens, efectos e ganancias pertencentes a unha persoa condenada por algún dos seguintes delitos cando resolva, a partir de indicios obxectivos fundados, que os bens ou obxectos proveñen dunha actividade delituosa, e non se acredite a súa orixe lícita:

- a) Delitos de tráfico de seres humanos.
- b) Delitos relativos á prostitución e á explotación sexual e corrupción de menores e delitos de abusos e agresións sexuais a menores de dezaseis anos.
- c) Delitos informáticos dos números 2 e 3 do artigo 197 e artigo 264.
- d) Delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica nos supostos de continuidade delituosa e reincidencia.
- e) Delitos relativos ás insolvencias punibles.
- f) Delitos contra a propiedade intelectual ou industrial.
- g) Delitos de corrupción nos negocios.
- h) Delitos de receptación do número 2 do artigo 298.
- i) Delitos de branqueo de capitais.
- j) Delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social.
- k) Delitos contra os dereitos dos traballadores dos artigos 311 a 313.
- l) Delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros.
- m) Delitos contra a saúde pública dos artigos 368 a 373.
- n) Delitos de falsificación de moeda.
- o) Delitos de suborno.
- p) Delitos de malversación.
- q) Delitos de terrorismo.
- r) Delitos cometidos no seo dunha organización ou grupo criminal.

2. Para os efectos do previsto no número 1 deste artigo, valoraranse, especialmente, entre outros, os seguintes indicios:

1.º A desproporción entre o valor dos bens e efectos de que se trate e os ingresos de orixe lícita da persoa condenada.

2.º A ocultación da titularidade ou de calquera poder de disposición sobre os bens ou efectos mediante a utilización de persoas físicas ou xurídicas ou entes sen personalidade xurídica interpostos, ou paraísos fiscais ou territorios de nula tributación que oculten ou dificulten a determinación da verdadeira titularidade dos bens.

3.º A transferencia dos bens ou obxectos mediante operacións que dificulten ou impidan a súa localización ou destino e que carezan dunha xustificación legal ou económica válida.

3. Nestes supostos será tamén aplicable o disposto no número 3 do artigo anterior.

4. Se posteriormente o condenado o for por feitos delituosos similares cometidos con anterioridade, o xuíz ou tribunal valorará o alcance do comiso anterior acordado ao resolver sobre o comiso no novo procedemento.

5. O comiso a que se refire este artigo non será acordado cando as actividades delituosas de que proveñan os bens ou efectos prescribisen ou fosen xa obxecto dun proceso penal resolto por sentenza absolutoria ou resolución de sobresemento con efectos de cousa xulgada.»

Sesenta e tres. Engádese un artigo 127 ter, que queda redactado como segue:

«1. O xuíz ou tribunal poderá acordar o comiso previsto nos artigos anteriores aínda que non medie sentenza de condena, cando a situación patrimonial ilícita quede acreditada nun proceso contradictorio e se trate dalgún dos seguintes supostos:

- a) que o suxeito falecese ou sufra unha enfermidade crónica que impida o seu axuizamento e exista o risco de que poidan prescribir os feitos,
- b) que se encontre en rebeldía e isto impida que os feitos poidan ser axuizados dentro dun prazo razoable, ou
- c) que non se lle impoña pena por estar exento de responsabilidade criminal ou por esta terse extinguido.

2. O comiso a que se refire este artigo só se poderá dirixir contra quen fose formalmente acusado ou contra o imputado con relación ao cal existan indicios racionais de criminalidade cando as situacións a que se refire o número anterior impidisen a continuación do procedemento penal.»

Sesenta e catro. Engádese un artigo 127 quáter, coa seguinte redacción:

«1. Os xuíces e tribunais poderán acordar tamén o comiso dos bens, efectos e ganancias a que se refiren os artigos anteriores que fosen transferidos a terceiras persoas, ou dun valor equivalente a eles, nos seguintes casos:

a) No caso dos obxectos e ganancias, cando os adquirisen con coñecemento de que proceden dunha actividade ilícita ou cando unha persoa dilixente tería motivos para sospeitar, nas circunstancias do caso, da súa orixe ilícita.

b) No caso doutros bens, cando os adquirisen con coñecemento de que deste modo se dificultaba o seu comiso ou cando unha persoa dilixente tería motivos para sospeitar, nas circunstancias do caso, que dese modo se dificultaba o seu comiso.

2. Presumirase, salvo proba en contrario, que o terceiro coñeceu ou tivo motivos para sospeitar que se trataba de bens procedentes dunha actividade ilícita ou que eran transferidos para evitar o seu comiso, cando os bens ou efectos lle fosen transferidos a título gratuito ou por un prezo inferior ao real de mercado.»

Sesenta e cinco. Engádese un artigo 127 quinquies, coa seguinte redacción:

«1. Os xuíces e tribunais poderán acordar tamén o comiso de bens, efectos e ganancias provenientes da actividade delituosa previa do condenado cando se cumpran, acumulativamente, os seguintes requisitos:

a) Que o suxeito sexa ou fose condenado por algún dos delitos a que se refire o artigo 127 bis.1 do Código penal.

b) Que o delito se cometese no contexto dunha actividade delituosa previa continuada.

c) Que existan indicios fundados de que unha parte relevante do patrimonio do penado procede dunha actividade delituosa previa.

Son indicios relevantes:

1.º A desproporción entre o valor dos bens e efectos de que se trate e os ingresos de orixe lícita da persoa condenada.

2.º A ocultación da titularidade ou de calquera poder de disposición sobre os bens ou efectos mediante a utilización de persoas físicas ou xurídicas ou entes sen personalidade xurídica interpostos, ou paraísos fiscais ou territorios de nula tributación que oculten ou dificulten a determinación da verdadeira titularidade dos bens.

3.º A transferencia dos bens ou efectos mediante operacións que dificulten ou impidan a súa localización ou destino e que carezan dunha xustificación legal ou económica válida.

O disposto no parágrafo anterior só será de aplicación cando consten indicios fundados de que o suxeito obtivo, a partir da súa actividade delituosa, un beneficio superior a 6.000 euros.

2. Para os efectos do número anterior, entenderase que o delito se cometeu no contexto dunha actividade delituosa continuada sempre que:

a) O suxeito sexa condenado ou fose condenado no mesmo procedemento por tres ou máis delitos dos cales derivase a obtención dun beneficio económico directo ou indirecto, ou por un delito continuado que inclúa, ao menos, tres infraccións penais das cales derivase un beneficio económico directo ou indirecto.

b) Ou no período de seis anos anterior ao momento en que se iniciou o procedemento en que foi condenado por algún dos delitos a que se refire o artigo 127 bis do Código penal fose condenado por dous ou máis delitos dos cales derivase a obtención dun beneficio económico, ou por un delito continuado que inclúa, ao menos, dúas infraccións penais das cales derivou a obtención dun beneficio económico.»

Sesenta e seis. Introdúcese un artigo 127 sexies, que terá a seguinte redacción:

«Para os efectos do previsto no artigo anterior serán de aplicación as seguintes presuncións:

1.º Presumirase que todos os bens adquiridos polo condenado dentro do período de tempo que se inicia seis anos antes da data de apertura do procedemento penal proceden da súa actividade delituosa.

Para estes efectos, enténdese que os bens foron adquiridos na data máis temperá en que conste que o suxeito dispuxo deles.



2.º Presumirase que todos os gastos realizados polo penado durante o período de tempo a que se refire o parágrafo primeiro do número anterior se pagaron con fondos procedentes da súa actividade delituosa.

3.º Presumirase que todos os bens a que se refire o número 1 foron adquiridos libres de cargas.

O xuíz ou tribunal poderá acordar que as anteriores presuncións non sexan aplicadas con relación a determinados bens, efectos ou ganancias cando, nas circunstancias concretas do caso, se revelen incorrectas ou desproporcionadas.»

Sesenta e sete. Engádesse un artigo 127 septies, coa seguinte redacción:

«Se a execución do comiso non puidese levarse a cabo, en todo ou en parte, por causa da natureza ou situación dos bens, efectos ou ganancias de que se trate, ou por calquera outra circunstancia, o xuíz ou tribunal poderá, mediante auto, acordar o comiso doutros bens, mesmo de orixe lícita, que pertencan aos criminalmente responsables do feito por un valor equivalente ao da parte non executada do comiso inicialmente acordado.

De igual modo se procederá cando se acorde o comiso de bens, efectos ou ganancias determinados pero o seu valor sexa inferior ao que tiñan no momento da súa adquisición.»

Sesenta e oito. Engádesse un artigo 127 octies, que terá a seguinte redacción:

«1. A fin de garantir a efectividade do comiso, os bens, medios, instrumentos e ganancias poderán ser aprehendidos ou embargados e postos en depósito pola autoridade xudicial desde o momento das primeiras dilixencias.

2. Corresponderá ao xuíz ou tribunal resolver, conforme o disposto na Lei de axuizamento criminal, sobre a realización anticipada ou utilización provisoria dos bens e efectos intervidos.

3. Os bens, instrumentos e ganancias comisados por resolución firme, salvo que deban ser destinados ao pagamento de indemnizacións ás vítimas, serán adxudicados ao Estado, que lles dará o destino que se dispoña legal ou regulamentariamente.»

Sesenta e nove. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 129, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. En caso de delitos cometidos no seo, coa colaboración, a través ou por medio de empresas, organizacións, grupos ou calquera outra clase de entidades ou agrupacións de persoas que, por careceren de personalidade xurídica, non estean comprendidas no artigo 31 bis, o xuíz ou tribunal poderá impor motivadamente ás ditas empresas, organizacións, grupos, entidades ou agrupacións unha ou varias consecuencias accesorias á pena que corresponda ao autor do delito, co contido previsto nas alíneas c) a g) do número 7 do artigo 33. Poderá tamén acordar a prohibición definitiva de levar a cabo calquera actividade, aínda que sexa lícita.

2. As consecuencias accesorias a que se refire o número anterior só poderán aplicarse ás empresas, organizacións, grupos ou entidades ou agrupacións nel mencionados cando este código o prevexa expresamente ou cando se trate dalgún dos delitos polos cales o mesmo código permite exixir responsabilidade penal ás persoas xurídicas.»

Setenta. Engádesse un novo artigo 129 bis coa seguinte redacción:

«Se se tratar de condenados pola comisión dun delito grave contra a vida, a integridade das persoas, a liberdade, a liberdade ou indemnidade sexual, de terrorismo, ou calquera outro delito grave que ocasione un risco grave para a vida, a saúde ou a integridade física das persoas, cando das circunstancias do feito,

antecedentes, valoración da súa personalidade ou doutra información dispoñible poida valorarse que existe un perigo relevante de reiteración delituosa, o xuíz ou tribunal poderá acordar a toma de mostras biolóxicas da súa persoa e a realización de análises para obter identificadores de ADN e inscribilos na base de datos policial. Unicamente poderán levarse a cabo as análises necesarias para obter os identificadores que proporcionen, exclusivamente, información xenética reveladora da identidade da persoa e do seu sexo.

Se o afectado se opuxer á recolla das mostras, poderá imporse a súa execución forzosa mediante o recurso ás medidas coactivas mínimas indispensables para a súa execución, que deberán ser, en todo caso, proporcionadas ás circunstancias do caso e respectuosas coa súa dignidade.»

Setenta e un. Modifícanse os ordinais 3.º e 5.º do número 1 do artigo 130, que quedan redactados como segue:

«3.º Pola remisión definitiva da pena, conforme o disposto nos números 1 e 2 do artigo 87.»

«5.º Polo perdón do ofendido, cando se trate de delitos leves perseguibles por instancia do agraviado ou a lei así o prevexa. O perdón deberá ser outorgado de forma expresa antes de se ditar sentenza, e para iso o xuíz ou tribunal sentenciador deberá oír o ofendido polo delito antes de ditala.

Nos delitos contra menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, os xuíces ou tribunais, oído o Ministerio Fiscal, poderán rexeitar a eficacia do perdón outorgado polos representantes daqueles e ordenar a continuación do procedemento, con intervención do Ministerio Fiscal, ou o cumprimento da condena.

Para rexeitar o perdón a que se refire o parágrafo anterior, o xuíz ou tribunal deberán oír novamente o representante do menor ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección.»

Setenta e dous. Modifícase o artigo 131, que queda redactado como segue:

«1. Os delitos prescriben:

Aos vinte anos, cando a pena máxima sinalada para o delito sexa prisión de quince ou máis anos.

Aos quince, cando a pena máxima sinalada pola lei sexa inhabilitación por máis de dez anos ou prisión por máis de dez e menos de quince anos.

Aos dez, cando a pena máxima sinalada pola lei sexa prisión ou inhabilitación por máis de cinco anos e non exceda dez.

Aos cinco, os demais delitos, excepto os delitos leves e os delitos de injurias e calumnias, que prescriben ao ano.

2. Cando a pena sinalada pola lei for composta, atenderase, para a aplicación das regras comprendidas neste artigo, á que exixa maior tempo para a prescripción.

3. Os delitos de lesa humanidade e de xenocidio e os delitos contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, salvo os castigados no artigo 614, non prescribirán en ningún caso.

Tampouco prescribirán os delitos de terrorismo se causasen a morte dunha persoa.

4. Nos supostos de concurso de infraccións ou de infraccións conexas, o prazo de prescripción será o que corresponda ao delito máis grave.»

Setenta e tres. Modifícase o artigo 132, que queda redactado como segue:

«1. Os termos previstos no artigo precedente computaranse desde o día en que se cometese a infracción punible. Nos casos de delito continuado, delito

permanente, así como nas infraccións que exixan habitualidade, tales termos computaranse, respectivamente, desde o día en que se realizou a última infracción, desde que se eliminou a situación ilícita ou desde que cesou a conduta.

Na tentativa de homicidio e nos delitos de aborto non consentido, lesións, tráfico de seres humanos, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, a liberdade e indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, cando a vítima for menor de idade, os termos computaranse desde o día en que esta alcance a maioría de idade, e se falecer antes de alcanzala, a partir da data do falecemento.

2. A prescrición interromperase, e quedará sen efecto o tempo transcorrido, cando o procedemento se dirixa contra a persoa indiciariamente responsable do delito, e comezará a correr de novo desde que se paralice o procedemento ou termine sen condena de acordo coas regras seguintes:

1.<sup>a</sup> Entenderase dirixido o procedemento contra unha persoa determinada desde o momento en que, ao incoar a causa ou con posterioridade, se dite resolución xudicial motivada en que se lle atribúa a súa presunta participación nun feito que poida ser constitutivo de delito.

2.<sup>a</sup> Non obstante o anterior, a presentación de querela ou a denuncia formulada ante un órgano xudicial na cal se atribúa a unha persoa determinada a súa presunta participación nun feito que poida ser constitutivo de delito suspenderá o cómputo da prescrición por un prazo máximo de seis meses, contados desde a mesma data de presentación da querela ou de formulación da denuncia.

Se dentro do citado prazo se dita contra o querelado ou denunciado, ou contra calquera outra persoa implicada nos feitos, algunha das resolucións xudiciais mencionadas na regra 1.<sup>a</sup>, a interrupción da prescrición entenderase retroactivamente producida, para todos os efectos, na data de presentación da querela ou denuncia.

Polo contrario, o cómputo do termo de prescrición continuará desde a data de presentación da querela ou denuncia se, dentro do prazo de seis meses, se ditar resolución xudicial firme de inadmisión a trámite da querela ou denuncia ou pola que se acorde non dirixir o procedemento contra a persoa querelada ou denunciada. A continuación do cómputo producirase tamén se, dentro do citado prazo, o xuíz de instrución non adoptar ningunha das resolucións previstas neste artigo.

3. Para os efectos deste artigo, a persoa contra a cal se dirixe o procedemento deberá quedar suficientemente determinada na resolución xudicial, xa sexa mediante a súa identificación directa ou mediante datos que permitan concretar posteriormente esa identificación no seo da organización ou grupo de persoas a que se atribúa o feito.»

Setenta e catro. Numérase o actual contido do artigo 134 como número 1 e engádesse un número 2 coa seguinte redacción:

«2. O prazo de prescrición da pena quedará en suspenso:

- a) Durante o período de suspensión da execución da pena.
- b) Durante o cumprimento doutras penas cando resulte aplicable o disposto no artigo 75.»

Setenta e cinco. Modifícase o artigo 136, coa seguinte redacción:

«1. Os condenados que extinguisen a súa responsabilidade penal teñen dereito a obter do Ministerio de Xustiza, de oficio ou por instancia de parte, a cancelación dos seus antecedentes penais cando transcorresen sen volver delinquir os seguintes prazos:

- a) Seis meses para as penas leves.
- b) Dous anos para as penas que non excedan doce meses e as impostas por delitos imprudentes.

- c) Tres anos para as restantes penas menos graves inferiores a tres anos.
- d) Cinco anos para as restantes penas menos graves iguais ou superiores a tres anos.
- e) Dez anos para as penas graves.

2. Os prazos a que se refire o número anterior contarán desde o día seguinte a aquel en que quede extinguida a pena, pero se isto ocorre mediante a remisión condicional, o prazo, unha vez obtida a remisión definitiva, computarase retrotraéndoo ao día seguinte a aquel en que quedaría cumprida a pena se non se desfrutase deste beneficio. Neste caso, tomarase como data inicial para o cómputo da duración da pena o día seguinte ao do outorgamento da suspensión.

3. As penas impostas ás persoas xurídicas e as consecuencias accesorias do artigo 129 cancelaranse no prazo que corresponda, de acordo coa regra prevista no número 1 deste artigo, salvo que se acordase a disolución ou a prohibición definitiva de actividades. Nestes casos, cancelaranse as anotacións unha vez transcorridos cincuenta anos computados desde o día seguinte á firmeza da sentenza.

4. As inscricións de antecedentes penais nas distintas seccións do Rexistro Central de Penados e Rebeldes non serán públicas. Durante a súa vixencia só se emitirán certificacións coas limitacións e garantías previstas nas súas normas específicas e nos casos establecidos pola lei. En todo caso, emitiránse as que soliciten os xuíces ou tribunais, refíranse ou non a inscricións canceladas, facendo constar expresamente esta última circunstancia.

5. Nos casos en que, a pesar de se cumpriren os requisitos establecidos neste artigo para a cancelación, esta non se producise, o xuíz ou tribunal, acreditadas tales circunstancias, non terá en conta os ditos antecedentes.»

Setenta e seis. Modifícase o artigo 138, que queda redactado do seguinte modo:

- «1. Quen mate outro será castigado, como reo de homicidio, coa pena de prisión de dez a quince anos.
- 2. Os feitos serán castigados coa pena superior en grao nos seguintes casos:
  - a) cando concorra na súa comisión algunha das circunstancias do número 1 do artigo 140, ou
  - b) cando os feitos sexan, ademais, constitutivos dun delito de atentado do artigo 550.»

Setenta e sete. Modifícase o artigo 139, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Será castigado coa pena de prisión de quince a vinte e cinco anos, como reo de asasinato, quen mate outro concorrendo algunha das circunstancias seguintes:

- 1.<sup>a</sup> Con aleivosía.
  - 2.<sup>a</sup> Por prezo, recompensa ou promesa.
  - 3.<sup>a</sup> Con asaño, aumentando deliberada e inhumanamente a dor do ofendido.
  - 4.<sup>a</sup> Para facilitar a comisión doutro delito ou para evitar que se descubra.
2. Cando nun asasinato concorra máis dunha das circunstancias previstas no número anterior, imporase a pena na súa metade superior.»

Setenta e oito. Modifícase o artigo 140, que terá a seguinte redacción:

«1. O asasinato será castigado con pena de prisión permanente revisable cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- 1.<sup>a</sup> Que a vítima sexa menor de dezaseis anos de idade ou que se trate dunha persoa especialmente vulnerable por razón da súa idade, enfermidade ou discapacidade.

2.<sup>a</sup> Que o feito sexa subseguinte a un delito contra a liberdade sexual que o autor cometese contra a vítima.

3.<sup>a</sup> Que o delito fose cometido por quen pertenza a un grupo ou organización criminal.

2. Ao reo de asasinato que fose condenado pola morte de máis de dúas persoas imporáselle unha pena de prisión permanente revisable. Neste caso, será de aplicación o disposto na alínea b) do número 1 do artigo 78 bis e na alínea b) do número 2 do mesmo artigo.»

Setenta e nove. Introdúcese un novo artigo 140 bis, coa seguinte redacción:

«Aos condenados pola comisión dun ou máis delitos comprendidos neste título poderáselles impor, ademais, unha medida de liberdade vixiada.»

Oitenta. Modifícase o artigo 142, que queda redactado como segue:

«1. Quen por imprudencia grave causa a morte doutro, será castigado, como reo de homicidio imprudente, coa pena de prisión dun a catro anos.

Se o homicidio imprudente se cometese utilizando un vehículo de motor ou un ciclomotor, imporase, así mesmo, a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores dun a seis anos.

Se o homicidio imprudente se cometese utilizando unha arma de fogo, imporase tamén a pena de privación do dereito ao porte ou tenza de armas por tempo dun a seis anos.

Se o homicidio se cometese por imprudencia profesional, imporase, ademais, a pena de inhabilitación especial para o exercicio da profesión, oficio ou cargo por un período de tres a seis anos.

2. Quen por imprudencia menos grave cause a morte doutro, será castigado coa pena de multa de tres meses a dezaioito meses.

Se o homicidio se cometese utilizando un vehículo de motor ou un ciclomotor, poderase impor tamén a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de tres a dezaioito meses.

Se o homicidio se cometese utilizando unha arma de fogo, poderase impor tamén a pena de privación do dereito ao porte ou tenza de armas por tempo de tres a dezaioito meses.

O delito previsto neste número só será perseguible mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.»

Oitenta e un. Modifícase o artigo 147, que queda redactado como segue:

«1. Quen, por calquera medio ou procedemento, cause a outro unha lesión que menoscabe a súa integridade corporal ou a súa saúde física ou mental será castigado, como reo do delito de lesións, coa pena de prisión de tres meses a tres anos ou multa de seis a doce meses, sempre que a lesión requira obxectivamente para sandar, ademais dunha primeira asistencia facultativa, tratamento médico ou cirúrxico. A simple vixilancia ou seguimento facultativo do curso da lesión non se considerará tratamento médico.

2. Quen, por calquera medio ou procedemento, cause a outro unha lesión non incluída no número anterior será castigado coa pena de multa dun a tres meses.

3. Quen golpee ou maltrate de obra outro sen lle causar lesión será castigado coa pena de multa dun a dous meses.

4. Os delitos previstos nos dous números anteriores só serán perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.»

Oitenta e dous. Modifícase o artigo 152, que queda redactado como segue:

«1. Quen por imprudencia grave cause algunha das lesións previstas nos artigos anteriores será castigado, en atención ao risco creado e ao resultado producido:

1.º Coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a dezaioito meses, se se tratar das lesións do número 1 do artigo 147.

2.º Coa pena de prisión dun a tres anos, se se tratar das lesións do artigo 149.

3.º Coa pena de prisión de seis meses a dous anos, se se tratar das lesións do artigo 150.

Se os feitos se cometesen utilizando un vehículo de motor ou un ciclomotor, imporase, así mesmo, a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores dun a catro anos.

Se as lesións se causasen utilizando unha arma de fogo, imporase tamén a pena de privación do dereito ao porte ou tenza de armas por tempo dun a catro anos.

Se as lesións fosen cometidas por imprudencia profesional, imporase, ademais, a pena de inhabilitación especial para o exercicio da profesión, oficio ou cargo por un período de seis meses a catro anos.

2. Quen por imprudencia menos grave cause algunha das lesións a que se refiren os artigos 149 e 150 será castigado cunha pena de multa de tres meses a doce meses.

Se os feitos se cometesen utilizando un vehículo de motor ou un ciclomotor, poderase impor tamén a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de tres meses a un ano.

Se as lesións se causasen utilizando unha arma de fogo, poderase impor tamén a pena de privación do dereito ao porte ou tenza de armas por tempo de tres meses a un ano.

O delito previsto neste número só será perseguible mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.»

Oitenta e tres. Modifícase o número 1 do artigo 153, coa seguinte redacción:

«1. Quen por calquera medio ou procedemento cause a outro menoscabo psíquico ou unha lesión de menor gravidade das previstas no número 2 do artigo 147, ou golpear ou maltratar de obra outro sen lle causar lesión, cando a ofendida sexa ou fose esposa ou muller que estea ou estivese ligada a el por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, ou persoa especialmente vulnerable que conviva co autor, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenza e porte de armas dun ano e un día a tres anos, así como, cando o xuíz ou tribunal o considere adecuado para o interese do menor ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección, inhabilitación para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento ata cinco anos.»

Oitenta e catro. Modifícase o artigo 156, que terá a seguinte redacción:

«Non obstante o disposto no artigo anterior, o consentimento válido, libre, consciente e expresamente emitido exime de responsabilidade penal nos supostos de transplante de órganos efectuado conforme o disposto na lei, esterilizacións e cirurxía transexual realizadas por facultativo, salvo que o consentimento se obtivese viciadamente, ou mediante prezo ou recompensa, ou o outorgante sexa menor de idade ou careza absolutamente de aptitude para prestalo, e neste caso non será válido o prestado por estes nin polos seus representantes legais.»

Non será punible a esterilización acordada por un órgano xudicial no caso de persoas que de forma permanente non poidan prestar en modo ningún o consentimento a que se refire o parágrafo anterior, sempre que se trate de supostos excepcionais nos cales se produza grave conflito de bens xurídicos protexidos, a fin de salvagardar o maior interese do afectado, todo isto conforme o establecido na lexislación civil.»

Oitenta e cinco. Engádesse un novo artigo 156 ter, coa seguinte redacción:

«Aos condenados pola comisión dun ou máis delitos comprendidos neste título, cando a vítima sexa algunha das persoas a que se refire o número 2 do artigo 173, poderáselles impor, ademais, unha medida de liberdade vixiada.»

Oitenta e seis. Modifícase o artigo 166, que queda redactado como segue:

«1. O reo de detención ilegal ou secuestro que non dea razón do paradiro da persoa detida será castigado cunha pena de prisión de dez a quince anos, no caso da detención ilegal, e de quince a vinte anos, no de secuestro.

2. O feito será castigado cunha pena de quince a vinte anos de prisión, no caso de detención ilegal, e de vinte a vinte e cinco anos de prisión, no de secuestro, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a vítima sexa menor de idade ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección.

b) Que o autor levase a cabo a detención ilegal ou secuestro coa intención de atentar contra a liberdade ou a indemnidade sexual da vítima, ou actuase posteriormente con esa finalidade.»

Oitenta e sete. Modifícase o artigo 167, que queda redactado como segue:

«1. A autoridade ou funcionario público que, fóra dos casos permitidos pola lei e sen mediar causa por delito, cometa algún dos feitos descritos neste capítulo será castigado coas penas respectivamente previstas neles, na súa metade superior, e poderase chegar ata a superior en grao.

2. Coas mesmas penas serán castigados:

a) O funcionario público ou autoridade que, mediando ou non causa por delito, acorde, practique ou prolongue a privación de liberdade de calquera e que non recoñeza a dita privación de liberdade ou, de calquera outro modo, oculte a situación ou paradiro desa persoa privándoa dos seus dereitos constitucionais ou legais.

b) O particular que levase a cabo os feitos coa autorización, o apoio ou a aquiescencia do Estado ou das súas autoridades.

3. En todos os casos en que os feitos a que se refire este artigo fosen cometidos por unha autoridade ou funcionario público, imporáselles, ademais, a pena de inhabilitación absoluta por tempo de oito a doce anos.»

Oitenta e oito. Engádesse un número 7 ao artigo 171, co seguinte contido:

«7. Fóra dos casos anteriores, quen de modo leve ameazar outro será castigado coa pena de multa dun a tres meses. Este feito só será perseguible mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.

Cando o ofendido sexa algunha das persoas a que se refire o número 2 do artigo 173, a pena será a de localización permanente de cinco a trinta días, sempre en domicilio diferente e afastado do da vítima, ou traballos en beneficio da comunidade de cinco a trinta días, ou multa dun a catro meses, esta última unicamente nos supostos en que concorran as circunstancias expresadas no

número 2 do artigo 84. Nestes casos non será exigible a denuncia a que se refire o parágrafo anterior.»

Oitenta e nove. Engádesse un número 3 ao artigo 172, co seguinte contido:

«3. Fóra dos casos anteriores, quen cause a outro unha coacción de carácter leve será castigado coa pena de multa dun a tres meses. Este feito só será perseguible mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.

Cando o ofendido for algunha das persoas a que se refire o número 2 do artigo 173, a pena será a de localización permanente de cinco a trinta días, sempre en domicilio diferente e afastado do da vítima, ou traballos en beneficio da comunidade de cinco a trinta días, ou multa dun a catro meses, esta última unicamente nos supostos en que concorran as circunstancias expresadas no número 2 do artigo 84. Nestes casos non será exigible a denuncia a que se refire o parágrafo anterior.»

Noventa. Engádesse un artigo 172 bis, co seguinte contido:

«1. Quen con intimidación grave ou violencia compela outra persoa a contraer matrimonio será castigado cunha pena de prisión de seis meses a tres anos e seis meses ou con multa de doce a vinte e catro meses, segundo a gravidade da coacción ou dos medios empregados.

2. A mesma pena se imporá a quen, coa finalidade de cometer os feitos a que se refire o número anterior, utilice violencia, intimidación grave ou engano para forzar outro a abandonar o territorio español ou a non regresar a el.

3. As penas imponse na súa metade superior cando a vítima for menor de idade.»

Noventa e un. Introdúcese un novo artigo 172 ter, co seguinte contido:

«1. Será castigado coa pena de prisión de tres meses a dous anos ou multa de seis a vinte e catro meses o que acose unha persoa levando a cabo de forma insistente e reiterada, e sen estar lexitimamente autorizado, algunha das condutas seguintes e, deste modo, altere gravemente o desenvolvemento da súa vida cotiá:

1.<sup>a</sup> Vixiala, perseguila ou buscar a súa proximidade física.

2.<sup>a</sup> Establecer ou tentar establecer contacto con ela a través de calquera medio de comunicación ou por medio de terceiras persoas.

3.<sup>a</sup> Mediante o uso indebido dos seus datos persoais, adquirir produtos ou mercadorías, ou contratar servizos, ou facer que terceiras persoas se poñan en contacto con ela.

4.<sup>a</sup> Atentar contra a súa liberdade ou contra o seu patrimonio, ou contra a liberdade ou patrimonio doutra persoa próxima a ela.

Se se tratar dunha persoa especialmente vulnerable por razón da súa idade, enfermidade ou situación, imponse a pena de prisión de seis meses a dous anos.

2. Cando o ofendido sexa algunha das persoas a que se refire o número 2 do artigo 173, imponse unha pena de prisión dun a dous anos ou traballos en beneficio da comunidade de sesenta a cento vinte días. Neste caso non será necesaria a denuncia a que se refire o número 4 deste artigo.

3. As penas previstas neste artigo imponse sen prexuízo das que puideren corresponder aos delitos en que se concretasen os actos de acoso.

4. Os feitos descritos neste artigo só serán perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.»



Noventa e dous. Modifícase o número 2 e introdúcese un novo número 4 no artigo 173, coa seguinte redacción:

«2. Quen habitualmente exerza violencia física ou psíquica sobre quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou sobre persoa que estea ou estivese ligada a el por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivente, ou sobre os menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección que con el convivan ou que se achen suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivente, ou sobre persoa amparada en calquera outra relación pola cal se encontre integrada no núcleo da súa convivencia familiar, así como sobre as persoas que pola súa especial vulnerabilidade se encontran sometidas a custodia ou garda en centros públicos ou privados, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos, privación do dereito á tenza e porte de armas de tres a cinco anos e, se for o caso, cando o xuíz ou tribunal o considere adecuado para o interese do menor ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección, inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento por tempo dun a cinco anos, sen prexuízo das penas que puideren corresponder aos delitos en que se concretasen os actos de violencia física ou psíquica.

Imporanse as penas na súa metade superior cando algún ou algúns dos actos de violencia se perpetren en presenza de menores, ou utilizando armas, ou teñan lugar no domicilio común ou no domicilio da vítima, ou se realicen quebrantando unha pena das establecidas no artigo 48 ou unha medida cautelar ou de seguranza ou prohibición da mesma natureza.

Nos supostos a que se refire este número, poderá, ademais, imporse unha medida de liberdade vixiada.»

«4. Quen cause inxuria ou vexación inxusta de carácter leve, cando o ofendido for unha das persoas a que se refire o número 2 do artigo 173, será castigado coa pena de localización permanente de cinco a trinta días, sempre en domicilio diferente e afastado do da vítima, ou traballos en beneficio da comunidade de cinco a trinta días, ou multa dun a catro meses, esta última unicamente nos supostos en que concorran as circunstancias expresadas no número 2 do artigo 84.

As inxurias soamente serán perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.»

Noventa e tres. Modifícase o artigo 177, que queda redactado como segue:

«Se nos delitos descritos nos artigos precedentes, ademais do atentado á integridade moral, se producir lesión ou dano á vida, integridade física, saúde, liberdade sexual ou bens da vítima ou dun terceiro, castigaranse os feitos separadamente coa pena que lles corresponda polos delitos cometidos, excepto cando aquel xa se encontre especialmente castigado pola lei.»

Noventa e catro. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 177 bis, que quedan redactados como segue:

«1. Será castigado coa pena de cinco a oito anos de prisión como reo de tráfico de seres humanos quen, sexa en territorio español sexa desde España, en tránsito ou con destino a ela, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou de vulnerabilidade da vítima nacional ou estranxeira, ou mediante a entrega ou recepción de pagamentos ou beneficios para lograr o consentimento da persoa que posúa o control sobre a vítima, a capte, transporte, traslade, acolla ou reciba, incluído o intercambio ou transferencia de control sobre esas persoas, con calquera das finalidades seguintes:

- a) A imposición de traballo ou de servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude, á servidume ou á mendicidade.
- b) A explotación sexual, incluíndo a pornografía.
- c) A explotación para realizar actividades delituosas.
- d) A extracción dos seus órganos corporais.
- e) A celebración de matrimonios forzados.

Existe unha situación de necesidade ou vulnerabilidade cando a persoa en cuestión non ten outra alternativa, real ou aceptable, que someterse ao abuso.»

«4. Imporase a pena superior en grao á prevista no primeiro número deste artigo cando:

- a) se puxese en perigo a vida ou a integridade física ou psíquica das persoas obxecto do delito;
- b) a vítima sexa especialmente vulnerable por razón de enfermidade, estado xestacional, discapacidade ou situación persoal, ou sexa menor de idade.

Se concorrer máis dunha circunstancia, imporase a pena na súa metade superior.»

Noventa e cinco. Modifícase o número 1 do artigo 182, que queda redactado como segue:

«1. Quen, intervindo engano ou abusando dunha posición recoñecida de confianza, autoridade ou influencia sobre a vítima, realice actos de carácter sexual con persoa maior de dezaseis anos e menor de dezaioito será castigado coa pena de prisión dun a tres anos.»

Noventa e seis. Modifícase a rúbrica do capítulo II bis do título VIII do libro II, que terá a seguinte redacción:

«Capítulo II bis. Dos abusos e agresións sexuais a menores de dezaseis anos.»

Noventa e sete. Modifícase o artigo 183, que terá a seguinte redacción:

«1. Quen realice actos de carácter sexual cun menor de dezaseis anos será castigado como responsable de abuso sexual dun menor coa pena de prisión de dous a seis anos.

2. Cando os feitos se cometan empregando violencia ou intimidación, o responsable será castigado polo delito de agresión sexual a un menor coa pena de cinco a dez anos de prisión. As mesmas penas se imporán cando mediante violencia ou intimidación compela un menor de dezaseis anos a participar en actos de natureza sexual cun terceiro ou a realízalos sobre si mesmo.

3. Cando o ataque consista en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías, o responsable será castigado coa pena de prisión de oito a doce anos, no caso do número 1, e coa pena de doce a quince anos, no caso do número 2.

4. As condutas previstas nos tres números anteriores serán castigadas coa pena de prisión correspondente na súa metade superior cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando o escaso desenvolvemento intelectual ou físico da vítima, ou o feito de ter un trastorno mental, a colocase nunha situación de total indefensión e, en todo caso, cando sexa menor de catro anos.
- b) Cando os feitos se cometan pola actuación conxunta de dúas ou máis persoas.

c) Cando a violencia ou intimidación exercidas revistan un carácter particularmente degradante ou vexatorio.

d) Cando, para a execución do delito, o responsable se prevalecese dunha relación de superioridade ou parentesco, por ser ascendente ou irmán, por natureza ou adopción, ou afíns, coa vítima.

e) Cando o culpable puxese en perigo, de forma dolosa ou por imprudencia grave, a vida ou saúde da vítima.

f) Cando a infracción se cometese no seo dunha organización ou dun grupo criminal que se dedicase á realización de tales actividades.

5. En todos os casos previstos neste artigo, cando o culpable se prevalecese da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público, imporase, ademais, a pena de inhabilitación absoluta de seis a doce anos.»

Noventa e oito. Modifícase o artigo 183 bis, que terá a seguinte redacción:

«Quen, con fins sexuais, determine un menor de dezaseis anos a participar nun comportamento de natureza sexual, ou lle faga presenciar actos de carácter sexual, aínda que o autor non participe neles, será castigado cunha pena de prisión de seis meses a dous anos.

Se lle fixer presenciar abusos sexuais, aínda que o autor non participe neles, imporase unha pena de prisión dun a tres anos.»

Noventa e nove. Engádesse un artigo 183 ter, co seguinte contido:

«1. Quen a través da internet, do teléfono ou de calquera outra tecnoloxía da información e a comunicación contacte cun menor de dezaseis anos e propoña concertar un encontro con el a fin de cometer calquera dos delitos descritos nos artigos 183 e 189, sempre que tal proposta se acompañe de actos materiais encamiñados ao achegamento, será castigado coa pena dun a tres anos de prisión ou multa de doce a vinte e catro meses, sen prexuízo das penas correspondentes aos delitos, se for o caso, cometidos. As penas imporanse na súa metade superior cando o achegamento se obteña mediante coacción, intimidación ou engano.

2. Quen a través da internet, do teléfono ou de calquera outra tecnoloxía da información e a comunicación contacte cun menor de dezaseis anos e realice actos dirixidos a engadalo para que lle facilite material pornográfico ou lle mostre imaxes pornográficas en que se represente ou apareza un menor, será castigado cunha pena de prisión de seis meses a dous anos.»

Cen. Engádesse un novo artigo 183 quáter, co seguinte contido:

«O consentimento libre do menor de dezaseis anos excluírá a responsabilidade penal polos delitos previstos neste capítulo cando o autor sexa unha persoa próxima ao menor por idade e grao de desenvolvemento ou madurez.»

Cento un. Modifícase a rúbrica do capítulo V do título VIII do libro II, coa seguinte redacción:

«Capítulo V.

Dos delitos relativos á prostitución e á explotación sexual e corrupción de menores.»

Cento dous. Modifícase o artigo 187, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Quen, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade da vítima, determine unha persoa maior de idade a exercer ou a manterse na prostitución

será castigado coas penas de prisión de dous a cinco anos e multa de doce a vinte e catro meses.

Imporase a pena de prisión de dous a catro anos e multa de doce a vinte e catro meses a quen se lucre explotando a prostitución doutra persoa, aínda co seu consentimento. En todo caso, entenderase que hai explotación cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a vítima se encontre nunha situación de vulnerabilidade persoal ou económica.

b) Que se lle impoñan para o seu exercicio condicións gravosas, desproporcionadas ou abusivas.

2. Imporanse as penas previstas nos números anteriores na súa metade superior, nos seus respectivos casos, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando o culpable se prevalecese da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público. Neste caso aplicarase, ademais, a pena de inhabilitación absoluta de seis a doce anos.

b) Cando o culpable pertenza a unha organización ou grupo criminal que se dedique á realización de tales actividades.

c) Cando o culpable puxese en perigo, de forma dolosa ou por imprudencia grave, a vida ou a saúde da vítima.

3. As penas sinaladas imporanse nos seus respectivos casos sen prexuízo das que correspondan polas agresións ou abusos sexuais cometidos sobre a persoa prostituída.»

Cento tres. Modifícase o artigo 188, que terá a seguinte redacción:

«1. Quen induza, promova, favoreza ou facilite a prostitución dun menor de idade ou dunha persoa con discapacidade necesitada de especial protección, ou se lucre con isto, ou explote dalgún outro modo un menor ou unha persoa con discapacidade para estes fins, será castigado coas penas de prisión de dous a cinco anos e multa de doce a vinte e catro meses.

Se a vítima for menor de dezaseis anos, imporase a pena de prisión de catro a oito anos e multa de doce a vinte e catro meses.

2. Se os feitos descritos no número anterior se cometeren con violencia ou intimidación, ademais das penas de multa previstas, imporase a pena de prisión de cinco a dez anos se a vítima for menor de dezaseis anos, e a pena de prisión de catro a seis anos nos demais casos.

3. Imporanse as penas superiores en grao ás previstas nos números anteriores, nos seus respectivos casos, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a vítima sexa especialmente vulnerable, por razón da súa idade, enfermidade, discapacidade ou situación.

b) Cando, para a execución do delito, o responsable se prevalecese dunha relación de superioridade ou parentesco, por ser ascendente, descendente ou irmán, por natureza ou adopción, ou afíns, coa vítima.

c) Cando, para a execución do delito, o responsable se prevalecese da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público. Neste caso imporase, ademais, unha pena de inhabilitación absoluta de seis a doce anos.

d) Cando o culpable puxese en perigo, de forma dolosa ou por imprudencia grave, a vida ou a saúde da vítima.

e) Cando os feitos se cometesen pola actuación conxunta de dúas ou máis persoas.

f) Cando o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización de tales actividades.

4. Quen solicite, acepte ou obteña, a cambio dunha remuneración ou promesa, unha relación sexual cunha persoa menor de idade ou cunha persoa con discapacidade necesitada de especial protección será castigado cunha pena dun a catro anos de prisión. Se o menor non tiver feito os dezaseis anos de idade, imporase unha pena de dous a seis anos de prisión.

5. As penas sinaladas imporanse nos seus respectivos casos sen prexuízo das que correspondan polas infraccións contra a liberdade ou indemnidade sexual cometidas sobre os menores e persoas con discapacidade necesitadas de especial protección.»

Cento catro. Modifícase o artigo 189, co seguinte teor literal:

«1. Será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos:

a) Quen capte ou utilice menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección con fins ou en espectáculos exhibicionistas ou pornográficos, tanto públicos como privados, ou para elaborar calquera clase de material pornográfico, calquera que for o seu soporte, ou financie calquera destas actividades ou se lucre con elas.

b) Quen produza, venda, distribúa, exhiba, ofreza ou facilite a produción, venda, difusión ou exhibición por calquera medio de pornografía infantil ou en cuxa elaboración foron utilizadas persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, ou o posúa para estes fins, aínda que o material teña a súa orixe no estranxeiro ou sexa descoñecida.

Para os efectos deste título, considérase pornografía infantil ou en cuxa elaboración foron utilizadas persoas con discapacidade necesitadas de especial protección:

a) Todo material que represente de maneira visual un menor ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección participando nunha conduta sexualmente explícita, real ou simulada.

b) Toda representación dos órganos sexuais dun menor ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección con fins principalmente sexuais.

c) Todo material que represente de forma visual unha persoa que pareza ser un menor participando nunha conduta sexualmente explícita, real ou simulada, ou calquera representación dos órganos sexuais dunha persoa que pareza ser un menor, con fins principalmente sexuais, salvo que a persoa que pareza ser un menor resulte ter en realidade dezoito anos ou máis no momento de obterse as imaxes.

d) Imaxes realistas dun menor participando nunha conduta sexualmente explícita ou imaxes realistas dos órganos sexuais dun menor, con fins principalmente sexuais.

2. Serán castigados coa pena de prisión de cinco a nove anos os que realicen os actos previstos no número 1 deste artigo cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Cando se utilicen menores de dezaseis anos.

b) Cando os feitos revistan un carácter particularmente degradante ou vexatorio.

c) Cando o material pornográfico represente menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección que sexan vítimas de violencia física ou sexual.

d) Cando o culpable puxese en perigo, de forma dolosa ou por imprudencia grave, a vida ou a saúde da vítima.

e) Cando o material pornográfico sexa de notoria importancia.

f) Cando o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización de tales actividades.

g) Cando o responsable sexa ascendente, titor, curador, gardador, mestre ou calquera outra persoa encargada, de feito, aínda que sexa provisoriamente, ou de dereito, do menor ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección, ou se trate de calquera outro membro da súa familia que conviva con el ou doutra persoa que actuase abusando da súa posición recoñecida de confianza ou autoridade.

h) Cando conorra a agravante de reincidencia.

3. Se os feitos a que se refire a alínea a) do parágrafo primeiro do número 1 se cometesen con violencia ou intimidación, imporase a pena superior en grao ás previstas nos números anteriores.

4. Quen asista conscientemente a espectáculos exhibicionistas ou pornográficos en que participen menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección será castigado coa pena de seis meses a dous anos de prisión.

5. Quen para o seu propio uso adquira ou posúa pornografía infantil ou en cuxa elaboración se utilizaron persoas con discapacidade necesitadas de especial protección será castigado coa pena de tres meses a un ano de prisión ou con multa de seis meses a dous anos.

A mesma pena se imporá a quen acceda conscientemente a pornografía infantil ou en cuxa elaboración se utilizasen persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, por medio das tecnoloxías da información e a comunicación.

6. Quen teña baixo a súa potestade, tutela, garda ou acollemento un menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección e que, con coñecemento do seu estado de prostitución ou corrupción, non faga o posible para impedir a súa continuación en tal estado, ou non acuda á autoridade competente para o mesmo fin se carece de medios para a custodia do menor ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección, será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a doce meses.

7. O Ministerio Fiscal promoverá as accións pertinentes co obxecto de privar da patria potestade, tutela, garda ou acollemento familiar, se for o caso, a persoa que incorra nalgunha das condutas descritas no número anterior.

8. Os xuíces e tribunais ordenarán a adopción das medidas necesarias para a retirada das páxinas web ou aplicacións de internet que conteñan ou difundan pornografía infantil ou en cuxa elaboración se utilizasen persoas con discapacidade necesitadas de especial protección ou, se for o caso, para bloquear o acceso a elas aos usuarios de internet que se encontren en territorio español.

Estas medidas poderán ser acordadas con carácter cautelar por petición do Ministerio Fiscal.»

Cento cinco. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 192, que terán a seguinte redacción:

«1. Aos condenados á pena de prisión por un ou máis delitos comprendidos neste título imporáselles, ademais, a medida de liberdade vixiada, que se executará con posterioridade á pena privativa de liberdade. A duración desa medida será de cinco a dez anos, se algún dos delitos for grave, e dun a cinco anos se se tratar dun ou máis delitos menos graves. Neste último caso, cando se trate dun só delito

cometido por un delincuente primario, o tribunal poderá impor ou non a medida de liberdade vixiada en atención á menor perigosidade do autor.»

«3. O xuíz ou tribunal poderá impor razoadamente, ademais, a pena de privación da patria potestade ou a pena de inhabilitación especial para o exercicio dos dereitos da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento, polo tempo de seis meses a seis anos, e a pena de inhabilitación para emprego ou cargo público ou exercicio da profesión ou oficio, polo tempo de seis meses a seis anos. Aos responsables da comisión dalgún dos delitos dos capítulos II bis ou V imporáselles, en todo caso, e sen prexuízo das penas que correspondan conforme os artigos precedentes, unha pena de inhabilitación especial para calquera profesión ou oficio, sexa ou non retribuído, que implique contacto regular e directo con menores de idade por un tempo superior entre tres e cinco anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta, se for o caso, na sentenza, ou por un tempo de dous a dez anos cando non se impuxese unha pena de prisión atendendo proporcionalmente á gravidade do delito, ao número dos delitos cometidos e ás circunstancias que concorran no condenado.»

Cento seis. Modifícase o artigo 197, que queda redactado como segue:

«1. Quen, para descubrir os segredos ou vulnerar a intimidade doutro, sen o seu consentimento, se apodere dos seus papeis, cartas, mensaxes de correo electrónico ou calquera outro documento ou efecto persoal, intercepte as súas telecomunicacións ou utilice artificios técnicos de escoita, transmisión, gravación ou reprodución do son ou da imaxe, ou de calquera outro sinal de comunicación, será castigado coas penas de prisión dun a catro anos e multa de doce a vinte e catro meses.

2. As mesmas penas se imporán a quen, sen estar autorizado, se apodere, utilice ou modifique, en prexuízo de terceiro, datos reservados de carácter persoal ou familiar doutro que se achen rexistrados en ficheiros ou soportes informáticos, electrónicos ou telemáticos, ou en calquera outro tipo de arquivo ou rexistro público ou privado. Iguais penas se imporán a quen, sen estar autorizado, acceda por calquera medio a eles e a quen os altere ou utilice en prexuízo do titular dos datos ou dun terceiro.

3. Imporase a pena de prisión de dous a cinco anos se se difundiren, revelaren ou cederen a terceiros os datos ou feitos descubertos ou as imaxes captadas a que se refiren os números anteriores.

Será castigado coas penas de prisión dun a tres anos e multa de doce a vinte e catro meses quen, con coñecemento da súa orixe ilícita e sen ter tomado parte no seu descubrimento, realice a conduta descrita no parágrafo anterior.

4. Os feitos descritos nos números 1 e 2 deste artigo serán castigados cunha pena de prisión de tres a cinco anos cando:

- a) os cometan as persoas encargadas ou responsables dos ficheiros, soportes informáticos, electrónicos ou telemáticos, arquivos ou rexistros; ou
- b) se leven a cabo mediante a utilización non autorizada de datos persoais da vítima.

Se os datos reservados se difundisen, cedesen ou revelasen a terceiros, imporanse as penas na súa metade superior.

5. Igualmente, cando os feitos descritos nos números anteriores afecten datos de carácter persoal que revelen a ideoloxía, relixión, crenzas, saúde, orixe racial ou vida sexual, ou a vítima sexa un menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección, imporanse as penas previstas na súa metade superior.

6. Se os feitos se realizan con fins lucrativos, imporanse as penas respectivamente previstas nos números 1 ao 4 deste artigo na súa metade superior.

Se, ademais, afectan datos dos mencionados no número anterior, a pena que se imporá será a de prisión de catro a sete anos.

7. Será castigado cunha pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis a doce meses quen, sen autorización da persoa afectada, difunda, revele ou ceda a terceiros imaxes ou gravacións audiovisuais daquela que obtivese coa súa anuencia nun domicilio ou en calquera outro lugar fóra do alcance da mirada de terceiros, cando a divulgación menoscabe gravemente a intimidade persoal desa persoa.

A pena imporase na súa metade superior cando os feitos fosen cometidos polo cónxuxe ou por persoa que estea ou estivese unida a el por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, a vítima fose menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección, ou os feitos se cometesen cunha finalidade lucrativa.»

Cento sete. Engádesse un novo artigo 197 bis, coa seguinte redacción:

«1. Quen por calquera medio ou procedemento, vulnerando as medidas de seguranza establecidas para impedilo, e sen estar debidamente autorizado, acceda ou facilite a outro o acceso ao conxunto ou a unha parte dun sistema de información, ou se manteña nel en contra da vontade de quen teña o lexítimo dereito a excluílo, será castigado con pena de prisión de seis meses a dous anos.

2. Quen mediante a utilización de artificios ou instrumentos técnicos, e sen estar debidamente autorizado, intercepte transmisións non públicas de datos informáticos que se produzan desde, cara a ou dentro dun sistema de información, incluídas as súas emisións electromagnéticas, será castigado cunha pena de prisión de tres meses a dous anos ou multa de tres a doce meses.»

Cento oito. Engádesse un novo artigo 197 ter, coa seguinte redacción:

«Será castigado cunha pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de tres a dezoito meses quen, sen estar debidamente autorizado, produza, adquira para o seu uso, importe ou, de calquera modo, facilite a terceiros, coa intención de facilitar a comisión dalgún dos delitos a que se refiren os números 1 e 2 do artigo 197 ou o artigo 197 bis:

- a) un programa informático concibido ou adaptado principalmente para cometer os ditos delitos; ou
- b) un contrasinal de ordenador, un código de acceso ou datos similares que permitan acceder á totalidade ou a unha parte dun sistema de información.»

Cento nove. Engádesse un novo artigo 197 quáter, coa seguinte redacción:

«Se os feitos descritos neste capítulo se cometesen no seo dunha organización ou grupo criminal, aplicaranse respectivamente as penas superiores en grao.»

Cento dez. Engádesse un novo artigo 197 quinquies, coa seguinte redacción:

«Cando de acordo co establecido no artigo 31 bis unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos nos artigos 197, 197 bis e 197 ter, imporáselle a pena de multa de seis meses a dous anos. Atendendo ás regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Cento once. O número 2 do artigo 203 pasa a ser o seu número 3, e introdúcese un novo número 2 coa seguinte redacción:

«2. Será castigado coa pena de multa dun a tres meses quen se manteña contra a vontade do seu titular, fóra das horas de apertura, no domicilio dunha



persoa xurídica pública ou privada, despacho profesional ou oficina, ou en establecemento mercantil ou local aberto ao público.»

Cento doce. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 208, que queda redactado do seguinte modo:

«Soamente serán constitutivas de delito as inxurias que, pola súa natureza, efectos e circunstancias, sexan tidas no concepto público por graves, sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 173.»

Cento trece. Modifícase o artigo 210, que queda redactado do seguinte modo:

«O acusado de inxuria quedará exento de responsabilidade probando a verdade das imputacións cando estas se dirixan contra funcionarios públicos sobre feitos concernentes ao exercicio dos seus cargos ou referidos á comisión de infraccións administrativas.»

Cento catorce. Modifícase a rúbrica da sección 3.<sup>a</sup> do capítulo III do título XII do libro II, que pasa a dicir «Do abandono de familia, menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección».

Cento quince. Modifícase o artigo 234, que queda redactado como segue:

«1. quen, con ánimo de lucro, tome as cousas mobles alleas sen a vontade do seu dono será castigado, como reo de furto, coa pena de prisión de seis a dezaioito meses se a contía do subtraído exceder 400 euros.

2. Imporase unha pena de multa dun a tres meses se a contía do subtraído non exceder 400 euros, salvo se concorre algunha das circunstancias do artigo 235.

3. As penas establecidas nos números anteriores imporanse na súa metade superior cando na comisión do feito se neutralicen, eliminen ou inutilicen, por calquera medio, os dispositivos de alarma ou seguranza instalados nas cousas subtraídas.»

Cento dezaseis. Modifícase o artigo 235, que terá a seguinte redacción:

«1. O furto será castigado coa pena de prisión dun a tres anos:

1.º Cando se subtraian cousas de valor artístico, histórico, cultural ou científico.

2.º Cando se trate de cousas de primeira necesidade e se cause unha situación de desabastecemento.

3.º Cando se trate de conducións, fíos, equipamentos ou compoñentes de infraestruturas de fornecemento eléctrico, de hidrocarburos ou dos servizos de telecomunicacións, ou doutras cousas destinadas á prestación de servizos de interese xeral, e se lles cause un quebranto.

4.º Cando se trate de produtos agrarios ou gandeiros, ou dos instrumentos ou medios que se utilizan para a súa obtención, sempre que o delito se cometa en explotacións agrícolas ou gandeiras e se lles cause un prexuízo grave.

5.º Cando revista especial gravidade, atendendo ao valor dos efectos subtraídos, ou se produzan prexuízos de especial consideración.

6.º Cando poña a vítima ou a súa familia en grave situación económica ou se realice abusando das súas circunstancias persoais ou da súa situación de desamparo, ou aproveitando a produción dun accidente ou a existencia dun risco ou perigo xeral para a comunidade que debilitase a defensa do ofendido ou facilitase a comisión impune do delito.

7.º Cando ao delinquir o culpable fose condenado executoriamente ao menos por tres delitos comprendidos neste título, sempre que sexan da mesma natureza. Non se terán en conta antecedentes cancelados ou que deberon selo.

8.º Cando se utilicen menores de dezaseis anos para a comisión do delito.

9.º Cando o culpable ou culpables participen nos feitos como membros dunha organización ou grupo criminal que se dedique á comisión de delitos comprendidos neste título, sempre que sexan da mesma natureza.

2. A pena sinalada no número anterior imporase na súa metade superior cando concorran dúas ou máis das circunstancias previstas nel.»

Cento dezasete. Modifícase o artigo 236, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado con multa de tres a doce meses quen, sendo dono dunha cousa moble ou actuando co consentimento deste, a subtraia de quen a teña lexítimamente no seu poder, con prexuízo deste ou dun terceiro.

2. Se o valor da cousa subtraída non exceder 400 euros, imporase a pena de multa dun a tres meses.»

Cento dezaioito. Modifícase o artigo 237, que queda redactado como segue:

«É reo do delito de roubo quen, con ánimo de lucro, se apodere das cousas mobles alleas empregando forza nas cousas para acceder ou abandonar o lugar onde estas se encontran ou violencia ou intimidación nas persoas, sexa ao cometer o delito, para protexer a fuxida, ou sobre os que acudisen en auxilio da vítima ou os que o persigan.»

Cento dezanove. Modifícase o artigo 240, que queda redactado como segue:

«1. O culpable de roubo con forza nas cousas será castigado coa pena de prisión dun a tres anos.

2. Imporase a pena de prisión de dous a cinco anos cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 235.»

Cento vinte. Modifícase o artigo 241, que queda redactado como segue:

«1. O roubo cometido en casa habitada, edificio ou local abertos ao público, ou en calquera das súas dependencias, castigarase cunha pena de prisión de dous a cinco anos.

Se os feitos se cometesen nun establecemento aberto ao público, ou en calquera das súas dependencias, fóra das horas de apertura, imporase unha pena de prisión dun a cinco anos.

2. Considérase casa habitada todo albergue que constituía morada dunha ou máis persoas, aínda que accidentalmente se encontren ausentes dela cando o roubo teña lugar.

3. Considéranse dependencias de casa habitada ou de edificio ou local abertos ao público os seus patios, garaxes e demais departamentos ou sitios cercados e contiguos ao edificio e en comunicación interior con el, e co cal formen unha unidade física.

4. Imporase unha pena de dous a seis anos de prisión cando os feitos a que se refiren os números anteriores revistan especial gravidade, atendendo á forma de comisión do delito ou aos prexuízos ocasionados e, en todo caso, cando concorra algunha das circunstancias expresadas no artigo 235.»

Cento vinte e un. Modifícase o número 2 do artigo 242, que terá o seguinte contido:

«2. Cando o roubo se cometa en casa habitada, edificio ou local abertos ao público ou en calquera das súas dependencias imporase a pena de prisión de tres anos e seis meses a cinco anos.»

Cento vinte e dous. Modifícase o número 1 do artigo 244, que queda coa seguinte redacción:

«1. Quen subtraia ou utilice sen a debida autorización un vehículo de motor ou ciclomotor alleos, sen ánimo de apropiarse del, será castigado coa pena de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a noventa días ou multa de dous a doce meses, se o restituir, directa ou indirectamente, nun prazo non superior a corenta e oito horas, sen que, en ningún caso, a pena imposta poida ser igual ou superior á que correspondería se se apropiar definitivamente do vehículo.»

Cento vinte e tres. Modifícase o artigo 246, que queda redactado como segue:

«1. Quen altere termos ou lindes de poboacións ou herdades ou calquera clase de sinais ou marcos destinados a fixar os límites de propiedades ou demarcacións de predios contiguos, tanto de dominio público como privado, será castigado coa pena de multa de tres a dezaoto meses.

2. Se a utilidade reportada non exceder 400 euros, imporase a pena de multa dun a tres meses.»

Cento vinte e catro. Modifícase o artigo 247, que queda redactado como segue:

«1. Quen, sen acharse autorizado, derive as augas de uso público ou privativo do seu curso, ou do seu encoramento natural ou artificial, será castigado coa pena de multa de tres a seis meses.

2. Se a utilidade reportada non exceder 400 euros, imporase a pena de multa dun a tres meses.»

Cento vinte e cinco. Modifícase o artigo 249, que queda redactado como segue:

«Os reos de estafa serán castigados coa pena de prisión de seis meses a tres anos. Para a fixación da pena terase en conta o importe do defraudado, o quebranto económico causado ao prexudicado, as relacións entre este e o defraudador, os medios empregados por este e cantas outras circunstancias sirvan para valorar a gravidade da infracción.

Se a contía do defraudado non exceder 400 euros, imporase a pena de multa dun a tres meses.»

Cento vinte e seis. Modifícase o artigo 250, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O delito de estafa será castigado coas penas de prisión dun a seis anos e multa de seis a doce meses, cando:

1.º Reaia sobre cousas de primeira necesidade, vivendas ou outros bens de recoñecida utilidade social.

2.º Se perpetre abusando de sinatura doutro ou subtraendo, ocultando ou inutilizando, en todo ou en parte, algún proceso, expediente, protocolo ou documento público ou oficial de calquera clase.

3.º Reaia sobre bens que integren o patrimonio artístico, histórico, cultural ou científico.

4.º Revista especial gravidade, atendendo á entidade do prexuízo e á situación económica en que deixe a vítima ou a súa familia.

5.º O valor da defraudación supere os 50.000 euros ou afecte un elevado número de persoas.

6.º Se cometa con abuso das relacións persoais existentes entre vítima e defraudador, ou aproveite este a súa credibilidade empresarial ou profesional.

7.º Se cometa estafa procesual. Incorren nela os que, nun procedemento xudicial de calquera clase, manipulen as probas en que pretendan fundar as súas alegacións ou empreguen outra fraude procesual análoga, provocando erro no xuíz

ou tribunal e levándoo a ditar unha resolución que prexudique os intereses económicos da outra parte ou dun terceiro.

8.º Ao delinquir, o culpable fose condenado executivamente ao menos por tres delitos comprendidos neste capítulo. Non se terán en conta antecedentes cancelados ou que deberon selo.

2. Se concorreren as circunstancias incluídas nos ordinais 4.º, 5.º, 6.º ou 7.º coa do ordinal 1.º do número anterior, imporanse as penas de prisión de catro a oito anos e multa de doce a vinte e catro meses. A mesma pena se impondrá cando o valor da defraudación supere os 250.000 euros.»

Cento vinte e sete. Modifícase a rúbrica da sección 2.ª do capítulo VI do título XIII do libro II, que pasa a denominarse «Da administración desleal» e que comprenderá o artigo 252.

Cento vinte e oito. Modifícase o artigo 252, que terá a seguinte redacción:

«1. Serán punibles coas penas do artigo 249 ou, se for o caso, coas do artigo 250 os que, tendo facultades para administrar un patrimonio alleo, emanadas da lei, encomendadas pola autoridade ou asumidas mediante un negocio xurídico, as infrinxan excedéndose no seu exercicio e, desa maneira, causen un prexuízo ao patrimonio administrado.

2. Se a contía do prexuízo patrimonial non exceder 400 euros, imporase unha pena de multa dun a tres meses.»

Cento vinte e nove. Engádese unha sección 2.ª bis ao capítulo VI do título XIII do libro II, coa rúbrica «Da apropiación indebida», que comprenderá os artigos 253 e 254.

Cento trinta. Modifícase o artigo 253, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Serán castigados coas penas do artigo 249 ou, se for o caso, do artigo 250, salvo que xa estean castigados cunha pena máis grave noutro precepto deste código, os que, en prexuízo doutro, se apropien para si ou para un terceiro, de diñeiro, efectos, valores ou calquera outra cousa moble que recibisen en depósito, comisión ou custodia, ou que lles fosen confiados en virtude de calquera outro título que produza a obrigaçión de entregalos ou devolvelos, ou neguen telos recibido.

2. Se a contía do apropiado non exceder 400 euros, imporase unha pena de multa dun a tres meses.»

Cento trinta e un. Modifícase o artigo 254, que queda redactado como segue:

«1. Quen, fóra dos supostos do artigo anterior, se apropie dunha cousa moble allea, será castigado cunha pena de multa de tres a seis meses. Se se tratar de cousas de valor artístico, histórico, cultural ou científico, a pena será de prisión de seis meses a dous anos.

2. Se a contía do apropiado non exceder 400 euros, imporase unha pena de multa dun a dous meses.»

Cento trinta e dous. Modifícase o artigo 255, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de multa de tres a doce meses quen cometa defraudación utilizando enerxía eléctrica, gas, auga, telecomunicacións ou outro elemento, enerxía ou fluído alleos, por algún dos medios seguintes:

- 1.º Valéndose de mecanismos instalados para realizar a defraudación.
- 2.º Alterando maliciosamente as indicacións ou aparellos contadores.
- 3.º Empregando calquera outro medio clandestino.

2. Se a contía do defraudado non exceder 400 euros, imporase unha pena de multa dun a tres meses.»

Cento trinta e tres. Modifícase o artigo 256, que queda redactado como segue:

- «1. Quen faga uso de calquera equipamento terminal de telecomunicación sen consentimento do seu titular e cause a este un prexuízo económico será castigado coa pena de multa de tres a doce meses.
2. Se a contía do prexuízo causado non exceder 400 euros, imporase unha pena de multa dun a tres meses.»

Cento trinta e catro. Modifícase a rúbrica do capítulo VII do título XIII do libro II, que terá a seguinte redacción:

«Frustración da execución»

Cento trinta e cinco. Modifícase o artigo 257, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Será castigado coas penas de prisión dun a catro anos e multa de doce a vinte e catro meses:

- 1.º Quen oculte os seus bens en prexuízo dos seus acredores.
- 2.º Quen co mesmo fin realice calquera acto de disposición patrimonial ou xerador de obrigacións que dilate, dificulte ou impida a eficacia dun embargo ou dun procedemento executivo ou de constrinximento, xudicial, extraxudicial ou administrativo, iniciado ou de previsible iniciación.

2. Coa mesma pena será castigado quen realice actos de disposición, contraia obrigacións que diminúan o seu patrimonio ou oculte por calquera medio elementos do seu patrimonio sobre os cales a execución podería facerse efectiva, coa finalidade de eludir o pagamento de responsabilidades civís derivadas dun delito que cometese ou do cal debese responder.

3. O disposto no presente artigo será de aplicación calquera que for a natureza ou a orixe da obrigación ou débeda cuxa satisfacción ou pagamento se tente eludir, incluídos os dereitos económicos dos traballadores, e con independencia de que o acredor sexa un particular ou calquera persoa xurídica, pública ou privada.

Non obstante o anterior, no caso de que a débeda ou obrigación que se trate de eludir sexa de dereito público e a acreedora sexa unha persoa xurídica pública, ou se trate de obrigacións pecuniarias derivadas da comisión dun delito contra a Facenda pública ou a Seguridade Social, a pena que se imporá será de prisión dun a seis anos e multa de doce a vinte e catro meses.

4. As penas previstas no presente artigo imporanse na súa metade superior nos supostos previstos nos ordinais 5.º ou 6.º do número 1 do artigo 250.

5. Este delito será perseguido mesmo que despois da súa comisión se iniciase un procedemento concursal.»

Cento trinta e seis. Modifícase o artigo 258, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Será castigado cunha pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis a dezaioito meses quen, nun procedemento de execución xudicial ou administrativo, presente á autoridade ou funcionario encargados da execución unha relación de bens ou patrimonio incompleta ou mendaz, e con isto dilate, dificulte ou impida a satisfacción do acredor.

A relación de bens ou patrimonio considerarase incompleta cando o debedor executado utilice ou desfrute de bens de titularidade de terceiros e non presente xustificación suficiente do dereito que ampara o desfrute e das condicións a que está suxeito.

2. A mesma pena se imporá cando o debedor, requirido para isto, deixe de facilitar a relación de bens ou patrimonio a que se refire o número anterior.

3. Os delitos a que se refire este artigo non serán perseguibles se o autor, antes de que a autoridade ou funcionario descubra o carácter mendaz ou incompleto da declaración presentada, comparece ante eles e presenta unha declaración de bens ou patrimonio veraz e completa.»

Cento trinta e sete. Engádesse un artigo 258 bis, coa seguinte redacción:

«Serán castigados cunha pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a vinte e catro meses, salvo que xa estean castigados cunha pena máis grave noutro precepto deste código, os que fagan uso de bens embargados por autoridade pública que fosen constituídos en depósito sen estar autorizados para isto.»

Cento trinta e oito. Engádesse un artigo 258 ter, coa seguinte redacción:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

- a) Multa de dous a cinco anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.
- b) Multa dun a tres anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos non incluída na alínea anterior.
- c) Multa de seis meses a dous anos, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Cento trinta e nove. Engádesse un capítulo VII bis ao título XIII do libro II, que comprenderá os artigos 259 a 261 bis, coa seguinte rúbrica:

«Das insolvencias punibles».

Cento corenta. Modifícase o artigo 259, que terá a seguinte redacción:

«1. Será castigado cunha pena de prisión dun a catro anos e multa de oito a vinte e catro meses quen, encontrándose nunha situación de insolvencia actual ou inminente, realice algunha das seguintes condutas:

1.<sup>a</sup> Ocultar, causar danos ou destruír os bens ou elementos patrimoniais que estean incluídos, ou que terían estado incluídos, na masa do concurso no momento da súa apertura.

2.<sup>a</sup> Realizar actos de disposición mediante a entrega ou transferencia de diñeiro ou outros activos patrimoniais, ou mediante a asunción de débedas, que non garden proporción coa situación patrimonial do debedor nin cos seus ingresos, e que carezan de xustificación económica ou empresarial.

3.<sup>a</sup> Realizar operacións de venda ou prestacións de servizo por prezo inferior ao seu custo de adquisición ou produción, e que nas circunstancias do caso carezan de xustificación económica.

4.<sup>a</sup> Simular créditos de terceiros ou recoñecer créditos ficticios.

5.<sup>a</sup> Participar en negocios especulativos cando isto careza de xustificación económica e resulte, nas circunstancias do caso e á vista da actividade económica desenvolvida, contrario ao deber de dilixencia na xestión de asuntos económicos.

6.<sup>a</sup> Incumprir o deber legal de levar contabilidade, levar dobre contabilidade ou cometer na contabilidade irregularidades que sexan relevantes para a comprensión da súa situación patrimonial ou financeira. Tamén será punible a destrución ou alteración dos libros contables cando deste modo se dificulte ou impida de forma relevante a comprensión da súa situación patrimonial ou financeira.

7.<sup>a</sup> Ocultar, destruír ou alterar a documentación que o empresario está obrigado a conservar antes do transcurso do prazo a que se estende este deber legal cando deste modo se dificulte ou imposibilite o exame ou valoración da situación económica real do debedor.

8.<sup>a</sup> Formular as contas anuais ou os libros contables dun modo contrario á normativa reguladora da contabilidade mercantil, de forma que se dificulte ou imposibilite o exame ou valoración da situación económica real do debedor, ou incumprir o deber de formular o balance ou o inventario dentro de prazo.

9.<sup>a</sup> Realizar calquera outra conduta activa ou omisiva que constituía unha infracción grave do deber de dilixencia na xestión de asuntos económicos e á cal sexa imputable unha diminución do patrimonio do debedor ou por medio da cal se oculte a situación económica real do debedor ou a súa actividade empresarial.

2. A mesma pena se imporá a quen, mediante algunha das condutas a que se refire o número anterior, cause a súa situación de insolvencia.

3. Cando os feitos se cometan por imprudencia, imporase unha pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de doce a vinte e catro meses.

4. Este delito só será perseguible cando o debedor deixase de cumprir regularmente as súas obrigacións exixibles ou fose declarado o seu concurso.

5. Este delito e os delitos singulares relacionados con el, cometidos polo debedor ou persoa que actuase no seu nome, poderán perseguirse sen esperar á conclusión do concurso e sen prexuízo da continuación deste. O importe da responsabilidade civil derivada dos ditos delitos deberá incorporarse, se for o caso, á masa.

6. En ningún caso a cualificación da insolvencia no proceso concursal vinculará a xurisdición penal.»

Cento corenta e un. Engádesse un artigo 259 bis, co seguinte contido:

«Os feitos a que se refire o artigo anterior serán castigados cunha pena de prisión de dous a seis anos e multa de oito a vinte e catro meses cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

1.<sup>a</sup> Cando se produza ou poida producirse prexuízo patrimonial nunha xeneralidade de persoas ou poida pólas nunha grave situación económica.

2.<sup>a</sup> Cando se cause a algún dos acredores un prexuízo económico superior a 600.000 euros.

3.<sup>a</sup> Cando ao menos a metade do importe dos créditos concursais teña como titulares a Facenda pública, sexa esta estatal, autonómica, local ou foral, e a Seguridade Social.»

Cento corenta e dous. Modifícase o artigo 260, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de seis meses a tres anos de prisión ou multa de oito a vinte e catro meses o debedor que, encontrándose nunha situación de insolvencia actual ou inminente, favoreza algún dos acredores realizando un acto de disposición patrimonial ou xerador de obrigacións destinado a pagar un crédito non exixible ou a facilitarlle unha garantía a que non tiña dereito, cando se trate dunha operación que careza de xustificación económica ou empresarial.

2. Será castigado coa pena dun a catro anos de prisión e multa de doce a vinte e catro meses o debedor que, unha vez admitida a trámite a solicitude de concurso, sen estar autorizado para isto nin xudicialmente nin polos administradores concursais, e fóra dos casos permitidos pola lei, realice calquera acto de disposición patrimonial ou xerador de obrigacións, destinado a pagar a un ou varios acredores, privilexiados ou non, con oposición do resto.»

Cento corenta e tres. Modifícase o número 1 e engádese un novo ordinal 6.º no número 2 do artigo 263, coa seguinte redacción:

«1. Quen cause danos en propiedade allea non comprendidos noutros títulos deste código será castigado con multa de seis a vinte e catro meses, atendendo á condición económica da vítima e á contía do dano.

Se a contía do dano causado non exceder 400 euros, imporase unha pena de multa dun a tres meses.»

«6.º Que se ocasionen danos de especial gravidade ou afecten os intereses xerais.»

Cento corenta e catro. Modifícase o artigo 264, que queda redactado como segue:

«1. Quen por calquera medio, sen autorización e de maneira grave borre, dane, deteriore, altere, suprima ou faga inaccesibles datos informáticos, programas informáticos ou documentos electrónicos alleos, cando o resultado producido sexa grave, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos.

2. Imporase unha pena de prisión de dous a cinco anos e multa do tanto ao décuplo do prexuízo ocasionado cando nas condutas descritas concorra algunha das seguintes circunstancias:

1.ª Que se cometese no marco dunha organización criminal.

2.ª Que ocasionase danos de especial gravidade ou afectase un número elevado de sistemas informáticos.

3.ª Que o feito prexudicase gravemente o funcionamento de servizos públicos esenciais ou a provisión de bens de primeira necesidade.

4.ª Que os feitos afectasen o sistema informático dunha infraestrutura crítica ou se crease unha situación de perigo grave para a seguranza do Estado, da Unión Europea ou dun Estado Membro da Unión Europea. Para estes efectos considerarase infraestrutura crítica un elemento, sistema ou parte deste que sexa esencial para o mantemento de funcións vitais da sociedade, a saúde, a seguranza, a protección e o benestar económico e social da poboación cuxa perturbación ou destrución tería un impacto significativo ao non poder manter as súas funcións.

5.ª Que o delito se cometese utilizando algún dos medios a que se refire o artigo 264 ter.

Se os feitos resultasen de extrema gravidade, poderá imporse a pena superior en grao.

3. As penas previstas nos números anteriores imporanse, nos seus respectivos casos, na súa metade superior cando os feitos se cometesen mediante a utilización ilícita de datos persoais doutra persoa para facilitarse o acceso ao sistema informático ou para gañar a confianza dun terceiro.»

Cento corenta e cinco. Engádese un novo artigo 264 bis, coa seguinte redacción:

«1. Será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos quen, sen estar autorizado e de maneira grave, obstaculice ou interrompa o funcionamento dun sistema informático alleo:

a) realizando algunha das condutas a que se refire o artigo anterior;

b) introducindo ou transmitindo datos, ou

c) destruindo, danando, inutilizando, eliminando ou substituíndo un sistema informático, telemático ou de almacenamento de información electrónica.

Se os feitos prexudicasen de forma relevante a actividade normal dunha empresa, dun negocio ou dunha Administración pública, imporase a pena na súa metade superior, e poderase alcanzar a pena superior en grao.



2. Imporase unha pena de prisión de tres a oito anos e multa do triplo ao décuplo do prexuízo ocasionado cando, nos feitos a que se refire o número anterior, concorrese algunha das circunstancias do número 2 do artigo anterior.

3. As penas previstas nos números anteriores imporanse, nos seus respectivos casos, na súa metade superior cando os feitos se cometesen mediante a utilización ilícita de datos persoais doutra persoa para facilitarse o acceso ao sistema informático ou para gañar a confianza dun terceiro.»

Cento corenta e seis. Engádesse un novo artigo 264 ter, coa seguinte redacción:

«Será castigado cunha pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de tres a dezaoto meses o que, sen estar debidamente autorizado, produza, adquira para o seu uso, importe ou, de calquera modo, facilite a terceiros, coa intención de facilitar a comisión dalgún dos delitos a que se refiren os dous artigos anteriores:

- a) un programa informático, concibido ou adaptado principalmente para cometer algún dos delitos a que se refiren os dous artigos anteriores, ou
- b) un contrasinal de ordenador, un código de acceso ou datos similares que permitan acceder á totalidade ou a unha parte dun sistema de información.»

Cento corenta e sete. Engádesse un novo artigo 264 quáter, coa seguinte redacción:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos nos tres artigos anteriores, imporánselle as seguintes penas:

- a) Multa de dous a cinco anos ou do quíntuplo a doce veces o valor do prexuízo causado, se resultar unha cantidade superior, cando se trate de delitos castigados cunha pena de prisión de máis de tres anos.
- b) Multa dun a tres anos ou do triplo a oito veces o valor do prexuízo causado, se resultar unha cantidade superior, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Cento corenta e oito. Modifícase o artigo 265, que queda redactado como segue:

«Quen destrúa, dane de modo grave ou inutilice para o servizo, mesmo de forma temporal, obras, establecementos ou instalacións militares, buques de guerra, aeronaves militares, medios de transporte ou transmisión militar, material de guerra, aprovisionamento ou outros medios ou recursos afectados ao servizo das Forzas Armadas ou das forzas e corpos de seguranza será castigado coa pena de prisión de dous a catro anos se o dano causado exceder mil euros.»

Cento corenta e nove. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 266, que quedan redactados como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión dun a tres anos que cometa os danos previstos no número 1 do artigo 263 mediante incendio, ou provocando explosións, ou utilizando calquera outro medio de similar potencia destrutiva ou que xere un risco relevante de explosión ou de causación doutros danos de especial gravidade, ou pondo en perigo a vida ou a integridade das persoas.

2. Será castigado coa pena de prisión de tres a cinco anos e multa de doce a vinte e catro meses quen cometa os danos previstos no número 2 do artigo 263, en calquera das circunstancias mencionadas no número anterior.»

Cento cincuenta. Modifícase o artigo 268, que queda redactado como segue:

«1. Están exentos de responsabilidade criminal e suxeitos unicamente á civil os cónxuxes que non estean separados legalmente ou de feito ou en proceso xudicial de separación, divorcio ou nulidade do seu matrimonio e os ascendentes, descendentes e irmáns por natureza ou por adopción, así como os afíns en primeiro grao se viviren xuntos, polos delitos patrimoniais que se causen entre si, sempre que non concorran violencia ou intimidación, ou abuso da vulnerabilidade da vítima, xa sexa por razón de idade ou por tratarse dunha persoa con discapacidade.

2. Esta disposición non é aplicable aos estraños que participen no delito.»

Cento cincuenta e un. Modifícase o artigo 270, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de seis meses a catro anos e multa de doce a vinte e catro meses quen, con ánimo de obter un beneficio económico directo ou indirecto e en prexuízo de terceiro, reproduza, plaxie, distribúa, comunique publicamente ou de calquera outro modo explote economicamente, en todo ou en parte, unha obra ou prestación literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a autorización dos titulares dos correspondentes dereitos de propiedade intelectual ou dos seus cesionarios.

2. A mesma pena se impondrá a quen, na prestación de servizos da sociedade da información, con ánimo de obter un beneficio económico directo ou indirecto, e en prexuízo de terceiro, facilite de modo activo e non neutral e sen limitarse a un tratamento meramente técnico, o acceso ou a localización na internet de obras ou prestacións obxecto de propiedade intelectual sen a autorización dos titulares dos correspondentes dereitos ou dos seus cesionarios, en particular ofrecendo listas ordenadas e clasificadas de ligazóns ás obras e contidos referidos anteriormente, aínda que tales ligazóns fosen facilitadas inicialmente polos destinatarios dos seus servizos.

3. Nestes casos, o xuíz ou tribunal ordenará a retirada das obras ou prestacións obxecto da infracción. Cando, a través dun portal de acceso á internet ou servizo da sociedade da información, se difundan exclusiva ou preponderantemente os contidos obxecto da propiedade intelectual a que se refiren os números anteriores, ordenarase a interrupción da súa prestación e o xuíz poderá acordar calquera medida cautelar que teña por obxecto a protección dos dereitos de propiedade intelectual.

Excepcionalmente, cando exista reiteración das condutas e cando resulte unha medida proporcionada, eficiente e eficaz, poderase ordenar o bloqueo do acceso correspondente.

4. Nos supostos a que se refire o número 1, a distribución ou comercialización ambulante ou meramente ocasional castigarase cunha pena de prisión de seis meses a dous anos.

Non obstante, atendidas as características do culpable e a reducida contía do beneficio económico obtido ou que se puido obter, sempre que non concorran ningunha das circunstancias do artigo 271, o xuíz poderá impor a pena de multa dun a seis meses ou traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a sesenta días.

5. Serán castigados coas penas previstas nos números anteriores, nos seus respectivos casos, os que:

a) Exporten ou almacenen intencionadamente exemplares das obras, producións ou execucións a que se refiren os dous primeiros números deste artigo, incluíndo copias dixitais delas, sen a referida autorización, cando estiveren destinadas a ser reproducidas, distribuídas ou comunicadas publicamente.

b) Importen intencionadamente estes produtos sen a dita autorización, cando estiveren destinados a ser reproducidos, distribuídos ou comunicados

publicamente, tanto se estes teñen unha orixe lícita como ilícita no seu país de procedencia; non obstante, a importación dos referidos produtos dun Estado pertencente á Unión Europea non será punible cando aqueles se adquirisen directamente do titular dos dereitos no dito Estado ou co seu consentimento.

c) Favorezan ou faciliten a realización das condutas a que se refiren os números 1 e 2 deste artigo eliminando ou modificando, sen autorización dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou dos seus cesionarios, as medidas tecnolóxicas eficaces incorporadas por estes coa finalidade de impedir ou restrinxir a súa realización.

d) Con ánimo de obter un beneficio económico directo ou indirecto, coa finalidade de facilitar a terceiros o acceso a un exemplar dunha obra literaria, artística ou científica, ou á súa transformación, interpretación ou execución artística, fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, e sen autorización dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou dos seus cesionarios, eluda ou facilite que se eludan as medidas tecnolóxicas eficaces dispostas para evitalo.

6. Será castigado tamén cunha pena de prisión de seis meses a tres anos quen fabrique, importe, poña en circulación ou posúa cunha finalidade comercial calquera medio principalmente concibido, producido, adaptado ou realizado para facilitar a supresión non autorizada ou a neutralización de calquera dispositivo técnico que se utilizase para protexer programas de ordenador ou calquera das outras obras, interpretacións ou execucións nos termos previstos nos dous primeiros números deste artigo.»

Cento cincuenta e dous. Modifícase o artigo 271, que queda redactado como segue:

«Imporase a pena de prisión de dous a seis anos, multa de dezoito a trinta e seis meses e inhabilitación especial para o exercicio da profesión relacionada co delito cometido, por un período de dous a cinco anos, cando se cometa o delito do artigo anterior concorrendo algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o beneficio obtido ou que se puido obter posúa especial transcendencia económica.

b) Que os feitos revistan especial gravidade, atendendo ao valor dos obxectos producidos ilicitamente, o número de obras, ou da transformación, execución ou interpretación destas, ilicitamente reproducidas, distribuídas, comunicadas ao público ou postas á súa disposición, ou á especial importancia dos prexuízos ocasionados.

c) Que o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que teña como finalidade a realización de actividades infractoras de dereitos de propiedade intelectual.

d) Que se utilicen menores de 18 anos para cometer estes delitos.»

Cento cincuenta e tres. Modifícase o artigo 274, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Será castigado coas penas dun a catro anos de prisión e multa de doce a vinte e catro meses quen, con fins industriais ou comerciais, sen consentimento do titular dun dereito de propiedade industrial rexistrado conforme a lexislación de marcas e con coñecemento do rexistro,

a) fabrique, produza ou importe produtos que incorporen un signo distintivo idéntico ou confundible con aquel, ou

b) ofrezca, distribúa ou comercialice por xunto produtos que incorporen un signo distintivo idéntico ou confundible con aquel, ou os almacene con esa

finalidade, cando se trate dos mesmos ou similares produtos, servizos ou actividades para os cales o dereito de propiedade industrial se encontre rexistrado.

2. Será castigado coas penas de seis meses a tres anos de prisión quen, con fins industriais ou comerciais, sen consentimento do titular dun dereito de propiedade industrial rexistrado conforme a lexislación de marcas e con coñecemento do rexistro, ofreza, distribúa ou comercialice ao retallo, ou preste servizos ou desenvolva actividades que incorporen un signo distintivo idéntico ou confundible con aquel, cando se trate dos mesmos ou similares produtos, servizos ou actividades para os cales o dereito de propiedade industrial se encontre rexistrado.

A mesma pena se imporá a quen reproduza ou imite un signo distintivo idéntico ou confundible con aquel para utilizado para cometer as condutas sancionadas neste artigo.

3. A venda ambulante ou ocasional dos produtos a que se refiren os números anteriores será castigada coa pena de prisión de seis meses a dous anos.

Non obstante, atendidas as características do culpable e a reducida contía do beneficio económico obtido ou que se puido obter, sempre que non concorra ningunha das circunstancias do artigo 276, o xuíz poderá impor a pena de multa dun a seis meses ou traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a sesenta días.

4. Será castigado coas penas dun a tres anos de prisión quen, con fins agrarios ou comerciais, sen consentimento do titular dun título de obtención vexetal e con coñecemento do seu rexistro, produza ou reproduza, acondicione con vistas á produción ou reprodución, ofreza en venda, venda ou comercialice doutra forma, exporte ou importe, ou posúa para calquera dos fins mencionados material vexetal de reprodución ou multiplicación dunha variedade vexetal protexida conforme a lexislación nacional ou da Unión Europea sobre protección de obtencións vexetais.

Será castigado coa mesma pena quen realice calquera dos actos descritos no parágrafo anterior utilizando, baixo a denominación dunha variedade vexetal protexida, material vexetal de reprodución ou multiplicación que non pertenza a tal variedade.»

Cento cincuenta e catro. Modifícase o artigo 276, que queda redactado do seguinte modo:

«Imporase a pena de prisión de dous a seis anos, multa de dezaioito a trinta e seis meses e inhabilitación especial para o exercicio da profesión relacionada co delito cometido, por un período de dous a cinco anos, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que o beneficio obtido ou que se puido obter posúa especial transcendencia económica.
- b) Que os feitos revistan especial gravidade, atendendo ao valor dos obxectos producidos ilícitamente, distribuídos, comercializados ou ofrecidos, ou á especial importancia dos prexuízos ocasionados.
- c) Que o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que teña como finalidade a realización de actividades infractoras de dereitos de propiedade industrial.
- d) Que se utilicen menores de 18 anos para cometer estes delitos.»

Cento cincuenta e cinco. Modifícase a rúbrica da sección 4.<sup>a</sup> do capítulo XI do título XIII do libro II, que pasa a denominarse «Delitos de corrupción nos negocios» e que comprenderá os artigos 286 bis a 286 quáter.

Cento cincuenta e seis. Introdúcese un novo artigo 286 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O directivo, administrador, empregado ou colaborador dunha empresa mercantil ou dunha sociedade que, por si ou por persoa interposta, reciba, solicite ou acepte un beneficio ou vantaxe non xustificadas de calquera natureza, para si ou para un terceiro, como contraprestación para favorecer indebidamente outro na adquisición ou venda de mercadorías, ou na contratación de servizos ou nas relacións comerciais, será castigado coa pena de prisión de seis meses a catro anos, inhabilitación especial para o exercicio de industria ou comercio por tempo dun a seis anos e multa do tanto ao triplo do valor do beneficio ou vantaxe.

2. Coas mesmas penas será castigado quen, por si ou por persoa interposta, prometa, ofrezca ou conceda a directivos, administradores, empregados ou colaboradores dunha empresa mercantil ou dunha sociedade un beneficio ou vantaxe non xustificadas, de calquera natureza, para eles ou para terceiros, como contraprestación para que o favoreza indebidamente a el ou a un terceiro fronte a outros na adquisición ou venda de mercadorías, contratación de servizos ou nas relacións comerciais.

3. Os xuíces e tribunais, en atención á contía do beneficio ou ao valor da vantaxe, e á transcendencia das funcións do culpable, poderán impor a pena inferior en grao e reducir a de multa ao seu prudente arbitrio.

4. O disposto neste artigo será aplicable, nos seus respectivos casos, aos directivos, administradores, empregados ou colaboradores dunha entidade deportiva, calquera que for a forma xurídica desta, así como aos deportistas, árbitros ou xuíces, respecto daquelas condutas que teñan por finalidade predeterminar ou alterar de maneira deliberada e fraudulenta o resultado dunha proba, encontro ou competición deportiva de especial relevancia económica ou deportiva.

Para estes efectos, considerarase competición deportiva de especial relevancia económica aquela na cal a maior parte dos participantes perciba calquera tipo de retribución, compensación ou ingreso económico pola súa participación na actividade; e competición deportiva de especial relevancia deportiva a que sexa cualificada no calendario deportivo anual aprobado pola federación deportiva correspondente como competición oficial da máxima categoría da modalidade, especialidade ou disciplina de que se trate.

5. Para os efectos deste artigo resulta aplicable o disposto no artigo 297.»

Cento cincuenta e sete. Introdúcese un novo artigo 286 ter, co seguinte contido:

«1. Os que mediante o ofrecemento, promesa ou concesión de calquera beneficio ou vantaxe indebidos, pecuniarios ou doutra clase corrompan ou tenten corromper, por si ou por persoa interposta, unha autoridade ou funcionario público en beneficio destes ou dun terceiro, ou atendan as súas solicitudes ao respecto, co fin de que actúen ou se absteñan de actuar en relación co exercicio de funcións públicas para conseguir ou conservar un contrato, negocio ou calquera outra vantaxe competitiva na realización de actividades económicas internacionais, serán castigados, salvo que xa o estean cunha pena máis grave noutro precepto deste código, coas penas de prisión de tres a seis anos, multa de doce a vinte e catro meses, a non ser que o beneficio obtido sexa superior á cantidade resultante, caso en que a multa será do tanto ao triplo do montante do dito beneficio.

Ademais das penas sinaladas, imporase en todo caso ao responsable a pena de prohibición de contratar co sector público, así como a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a desfrutar de beneficios ou incentivos fiscais e da Seguridade Social, e a prohibición de intervir en transaccións comerciais de transcendencia pública por un período de sete a doce anos.

2. Para os efectos deste artigo, entenderanse por funcionarios públicos os determinados polos artigos 24 e 427.»

Cento cincuenta e oito. Introdúcese un novo artigo 286 quáter, coa seguinte redacción:

«Se os feitos a que se refiren os artigos desta sección resultaren de especial gravidade, imporase a pena na súa metade superior, e poderase chegar ata a superior en grao.

Os feitos consideraranse, en todo caso, de especial gravidade cando:

- a) o beneficio ou a vantaxe teña un valor especialmente elevado,
- b) a acción do autor non sexa meramente ocasional,
- c) se trate de feitos cometidos no seo dunha organización ou grupo criminal, ou
- d) o obxecto do negocio verse sobre bens ou servizos humanitarios ou calquera outro de primeira necesidade.

No caso do número 4 do artigo 286 bis, os feitos consideraranse tamén de especial gravidade cando:

- a) teñan como finalidade influír no desenvolvemento de xogos de azar ou apostas, ou
- b) sexan cometidos nunha competición deportiva oficial de ámbito estatal cualificada como profesional ou nunha competición deportiva internacional.»

Cento cincuenta e nove. Modifícase o artigo 288, que queda redactado do seguinte modo:

«Nos supostos previstos nos artigos anteriores disporase a publicación da sentenza nos xornais oficiais e, se o solicitar o prexudicado, o xuíz ou tribunal poderá ordenar a súa reprodución total ou parcial en calquera outro medio informativo, á custa do condenado.

Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

1.º No caso dos delitos previstos nos artigos 270, 271, 273, 274, 275, 276, 283, 285 e 286:

- a) Multa do dobre ao quádruplo do beneficio obtido, ou que se puido obter, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos.
- b) Multa do dobre ao triplo do beneficio obtido, favorecido, ou que se puido obter, no resto dos casos.

No caso dos delitos previstos nos artigos 277, 278, 279, 280, 281, 282, 282 bis, 284 e 286 bis ao 286 quinquies:

- a) Multa de dous a cinco anos, ou do triplo ao quádruplo do beneficio obtido ou que se puido obter se a cantidade resultante fose máis elevada, cando o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade.
- b) Multa de seis meses a dous anos, ou do tanto ao duplo do beneficio obtido ou que se puido obter se a cantidade resultante fose máis elevada, no resto dos casos.

2.º Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Cento sesenta. Suprímese o artigo 295.

Cento sesenta e un. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 298, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Quen, con ánimo de lucro e con coñecemento de que se cometeu un delito contra o patrimonio ou a orde socioeconómica, no cal non interveu nin como autor nin como cómplice, axude os responsables a aproveitárense dos seus efectos, ou reciba, adquira ou oculte tales efectos, será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos.

Imporase unha pena dun a tres anos de prisión nos seguintes supostos:

- a) Cando se trate de cousas de valor artístico, histórico, cultural ou científico.
- b) Cando se trate de cousas de primeira necesidade, conducións, fíos, equipamentos ou compoñentes de infraestruturas de subministración eléctrica ou de servizos de telecomunicacións, ou doutras cousas destinadas á prestación de servizos de interese xeral, produtos agrarios ou gandeiros ou dos instrumentos ou medios que se utilizan para a súa obtención.
- c) Cando os feitos revistan especial gravidade, atendendo ao valor dos efectos receptados ou aos prexuízos que previsiblemente tería causado a súa subtracción.

2. Estas penas imponse na súa metade superior a quen reciba, adquira ou oculte os efectos do delito para traficar con eles. Se o tráfico se realizar utilizando un establecemento ou local comercial ou industrial, imponse, ademais, a pena de multa de doce a vinte e catro meses. Nestes casos os xuíces ou tribunais, atendendo á gravidade do feito e ás circunstancias persoais do delincente, poderán impor tamén a este a pena de inhabilitación especial para o exercicio da súa profesión ou industria, por tempo de dous a cinco anos, e acordar a medida de clausura temporal ou definitiva do establecemento ou local. Se a clausura for temporal, a súa duración non poderá exceder cinco anos.»

Cento sesenta e dous. Suprímese o artigo 299.

Cento sesenta e tres. Créase un novo título XIII bis no libro II, que estará integrado polos novos artigos 304 bis e 304 ter, coa seguinte rúbrica:

«Dos delitos de financiamento ilegal dos partidos políticos.»

Cento sesenta e catro. Introdúcese un novo artigo 304 bis, coa seguinte redacción:

«1. Será castigado cunha pena de multa do triplo ao quíntuplo do seu valor quen reciba doazóns ou achegas destinadas a un partido político, federación, coalición ou agrupación de electores con infracción do disposto no artigo 5.un da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

2. Os feitos anteriores serán castigados cunha pena de prisión de seis meses a catro anos e multa do triplo ao quíntuplo do seu valor ou do exceso cando:

- a) Se trate de doazóns recollidas no artigo 5.un, alíneas a) ou c) da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, de importe superior a 500.000 euros, ou que superen nesta cifra o límite fixado na alínea b) daquel precepto, cando sexa este o infrinxido.
- b) Se trate de doazóns recollidas no artigo 7.dous da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que superen o importe de 100.000 euros.

3. Se os feitos a que se refire o número anterior resultaren de especial gravidade, imponse a pena na súa metade superior, e poderase chegar ata a superior en grao.

4. As mesmas penas se imporán, nos seus respectivos casos, a quen entregar doazóns ou achegas destinadas a un partido político, federación, coalición ou agrupación de electores, por si ou por persoa interposta, nalgún dos supostos dos números anteriores.

5. As mesmas penas se imporán cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis deste código, unha persoa xurídica sexa responsable dos feitos. Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Cento sesenta e cinco. Introdúcese un novo artigo 304 ter, coa seguinte redacción:

«1. Será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos quen participe en estruturas ou organizacións, calquera que for a súa natureza, cuxa finalidade sexa o financiamento de partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores, á marxe do establecido na lei.

2. Imporase a pena na súa metade superior ás persoas que dirixan as ditas estruturas ou organizacións.

3. Se os feitos a que se refiren os números anteriores resultaren de especial gravidade, imporase a pena na súa metade superior, e poderase chegar ata a superior en grao.»

Cento sesenta e seis. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 306, que queda redactado como segue:

«Quen por acción ou omisión cometa fraude contra os orzamentos xerais da Unión Europea ou outros administrados por esta, en contía superior a cincuenta mil euros, eludindo, fóra dos casos previstos no número 3 do artigo 305, o pagamento de cantidades que se deban ingresar, dando aos fondos obtidos unha aplicación distinta daquela a que estean destinados ou obtendo indebidamente fondos mediante falsificación das condicións requiridas para a súa concesión ou con ocultación das que a terían impedido, será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo da citada contía e a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de tres a seis anos.»

Cento sesenta e sete. Introdúcese un novo artigo 308 bis, coa seguinte redacción:

«1. A suspensión da execución das penas impostas por algún dos delitos regulados neste título rexeráse polas disposicións contidas no capítulo III do título III do libro I deste código, completadas polas seguintes regras:

1.<sup>a</sup> A suspensión da execución da pena de prisión imposta requirirá, ademais do cumprimento dos requisitos regulados no artigo 80, que o penado aboase a débeda tributaria ou coa Seguridade Social, ou que procedese ao reintegro das subvencións ou axudas indebidamente recibidas ou utilizadas.

Este requisito entenderase cumprido cando o penado asuma o compromiso de satisfacer a débeda tributaria, a débeda fronte á Seguridade Social ou de proceder ao reintegro das subvencións ou axudas indebidamente recibidas ou utilizadas e as responsabilidades civís de acordo coa súa capacidade económica, e de facilitar o comiso acordado, e sexa razoable esperar que aquel será cumprido. A suspensión non se concederá cando conste que o penado facilitou información inexacta ou insuficiente sobre o seu patrimonio.

A resolución pola cal o xuíz ou tribunal conceda a suspensión da execución da pena será comunicada á representación procesual da Facenda pública estatal, autonómica, local ou foral, da Seguridade Social ou da Administración que concedese a subvención ou axuda.



2.<sup>a</sup> O xuíz ou tribunal revogarán a suspensión e ordenarán a execución da pena, ademais de nos supostos do artigo 86, cando o penado non dea cumprimento ao compromiso de pagamento da débeda tributaria ou coa Seguridade Social, ao de reintegro das subvencións e axudas indebidamente recibidas ou utilizadas, ou ao de pagamento das responsabilidades civís, sempre que teña capacidade económica para isto, ou facilite información inexacta ou insuficiente sobre o seu patrimonio. Nestes casos, o xuíz de vixilancia penitenciaria poderá denegar a concesión da liberdade condicional.

2. No suposto do artigo 125, o xuíz ou tribunal oirá previamente a representación procesual da Facenda pública estatal, autonómica, local ou foral, da Seguridade Social ou da Administración que concedese a subvención ou axuda, co obxecto de que presente informe patrimonial dos responsables do delito no cal se analizará a capacidade económica e patrimonial real dos responsables, e poderase incluír unha proposta de fraccionamento acorde coa dita capacidade e coa normativa tributaria, da Seguridade Social ou de subvencións.»

Cento sesenta e oito. Engádesse un novo artigo 311 bis, co seguinte contido:

«Será castigado coa pena de prisión de tres a dezoito meses ou multa de doce a trinta meses, salvo que os feitos estean castigados cunha pena máis grave noutro precepto deste código, quen:

- a) De forma reiterada, empregue ou dea ocupación a cidadáns estranxeiros que carezan de permiso de traballo, ou
- b) empregue ou dea ocupación a un menor de idade que careza de permiso de traballo.»

Cento sesenta e nove. Modifícase o artigo 315, co seguinte contido:

«1. Serán castigados coas penas de prisión de seis meses a dous anos ou multa de seis a doce meses os que, mediante engano ou abuso de situación de necesidade, impedan ou limiten o exercicio da liberdade sindical ou o dereito de folga.

2. Se as condutas indicadas no número anterior se levaren a cabo con coaccións, serán castigadas coa pena de prisión dun ano e nove meses ata tres anos ou coa pena de multa de dezoito meses a vinte e catro meses.

3. Os que, actuando en grupo ou individualmente pero de acordo con outros, coaccionen outras persoas para iniciaren ou continuaren unha folga serán castigados coa pena de prisión dun ano e nove meses ata tres anos ou coa pena de multa de dezoito meses a vinte e catro meses.»

Cento setenta. Modifícase o artigo 318 bis, que queda redactado como segue:

«1. Quen intencionadamente axude unha persoa que non sexa nacional dun Estado membro da Unión Europea a entrar en territorio español ou a transitar a través del dun modo que vulnere a lexislación sobre entrada ou tránsito de estranxeiros será castigado cunha pena de multa de tres a doce meses ou prisión de tres meses a un ano.

Os feitos non serán punibles cando o obxectivo perseguido polo autor sexa unicamente prestar axuda humanitaria á persoa de que se trate.

Se os feitos se cometesen con ánimo de lucro, imporase a pena na súa metade superior.

2. Quen intencionadamente axude, con ánimo de lucro, unha persoa que non sexa nacional dun Estado membro da Unión Europea a permanecer en España vulnerando a lexislación sobre estadía de estranxeiros será castigado cunha pena de multa de tres a doce meses ou prisión de tres meses a un ano.

3. Os feitos a que se refire o número 1 deste artigo serán castigados coa pena de prisión de catro a oito anos cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Cando os feitos se cometesen no seo dunha organización que se dedique á realización de tales actividades. Cando se trate dos xefes, administradores ou encargados de tales organizacións ou asociacións, aplicaráselles a pena na súa metade superior, que poderá elevarse á inmediatamente superior en grao.

b) Cando se puxese en perigo a vida das persoas obxecto da infracción ou se crease o perigo de causación de lesións graves.

4. Nas mesmas penas do parágrafo anterior e, ademais, na de inhabilitación absoluta de seis a doce anos, incorrerán os que realicen os feitos prevalecténdose da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público.

5. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste título, imporáselle a pena de multa de dous a cinco anos, ou a do triplo ao quíntuplo do beneficio obtido se a cantidade resultante for máis elevada.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.

6. Os tribunais, tendo en conta a gravidade do feito e as súas circunstancias, as condicións do culpable e a finalidade perseguida por este, poderán impor a pena inferior nun grao á respectivamente sinalada.»

Cento setenta e un. Modifícase o número 3 do artigo 319, que queda redactado como segue:

«3. En calquera caso, os xuíces ou tribunais, motivadamente, poderán ordenar, a cargo do autor do feito, a demolición da obra e a reposición ao seu estado orixinario da realidade física alterada, sen prexuízo das indemnizacións debidas a terceiros de boa fe, e valorando as circunstancias, oída a Administración competente, condicionarán temporalmente a demolición á constitución de garantías que aseguren o pagamento daquelas. En todo caso, disporase o comiso das ganancias provenientes do delito sexan cales foren as transformacións que puideren experimentar.»

Cento setenta e dous. Modifícase o artigo 323, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos ou multa de doce a vinte e catro meses o que cause danos en bens de valor histórico, artístico, científico, cultural ou monumental, ou en xacigos arqueolóxicos, terrestres ou subacuáticos. Coa mesma pena se castigarán os actos de espolio nestes últimos.

2. Se se causasen danos de especial gravidade ou que afectasen bens cuxo valor histórico, artístico, científico, cultural ou monumental é especialmente relevante, poderá imporse a pena superior en grao á sinalada no número anterior.

3. En todos estes casos, os xuíces ou tribunais poderán ordenar, a cargo do autor do dano, a adopción de medidas encamiñadas a restaurar, no posible, o ben danado.»

Cento setenta e tres. Modifícase o artigo 325, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coas penas de prisión de seis meses a dous anos, multa de dez a catorce meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo dun a dous anos quen, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral protectoras do ambiente, provoque ou realice directa ou indirectamente emisións, verteduras, radiacións, extraccións ou escavacións, aterramentos, ruídos,

vibracións, inxeccións ou depósitos na atmosfera, no solo, no subsolo ou nas augas terrestres, subterráneas ou marítimas, incluído o mar alto, con incidencia mesmo nos espazos transfronteirizos, así como as captacións de augas, que, por si mesmos ou conxuntamente con outros, causen ou poidan causar danos substanciais á calidade do aire, do solo ou das augas, ou a animais ou plantas.

2. Se as anteriores condutas, por si mesmas ou conxuntamente con outras, puideren prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais, imporase unha pena de prisión de dous a cinco anos, multa de oito a vinte e catro meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo dun a tres anos.

Se se crease un risco de grave prexuízo para a saúde das persoas, imporase a pena de prisión na súa metade superior, e poderase chegar ata a superior en grao.»

Cento setenta e catro. Modifícase o artigo 326, que queda redactado como segue:

«1. Serán castigados coas penas previstas no artigo anterior, nos seus respectivos supostos, os que, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral, recollan, transporten, valoricen, transformen, eliminen ou aproveiten residuos, ou non controlen ou vixíen adecuadamente tales actividades, de modo que causen ou poidan causar danos substanciais á calidade do aire, do solo ou das augas, ou a animais ou plantas, morte ou lesións graves a persoas, ou poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais.

2. Quen, fóra do suposto a que se refire o número anterior, traslade unha cantidade non desprezable de residuos, tanto no caso dun como no de varios traslados que aparezan vinculados, nalgún dos supostos a que se refire o dereito da Unión Europea relativo aos traslados de residuos, será castigado cunha pena de tres meses a un ano de prisión, ou multa de seis a dezaioito meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de tres meses a un ano.»

Cento setenta e cinco. Modifícase o artigo 326 bis, que queda redactado como segue:

«Serán castigados coas penas previstas no artigo 325, nos seus respectivos supostos, os que, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral, leven a cabo a explotación de instalacións en que se realice unha actividade perigosa ou en que se almacenen ou utilicen substancias ou preparados perigosos de modo que causen ou poidan causar danos substanciais á calidade do aire, do solo ou das augas, a animais ou plantas, morte ou lesións graves ás persoas, ou poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais.»

Cento setenta e seis. Modifícase o artigo 327, que queda redactado como segue:

«Os feitos a que se refiren os tres artigos anteriores serán castigados coa pena superior en grao, sen prexuízo das que poidan corresponder conforme outros preceptos deste código, cando na comisión de calquera dos feitos descritos no artigo anterior concorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que a industria ou actividade funcione clandestinamente, sen ter obtido a preceptiva autorización ou aprobación administrativa das súas instalacións.
- b) Que se desobedecesen as ordes expresas da autoridade administrativa de corrección ou suspensión das actividades tipificadas no artigo anterior.
- c) Que se falsease ou ocultase información sobre os aspectos ambientais daquela.
- d) Que se obstaculizase a actividade inspectora da Administración.
- e) Que se producise un risco de deterioración irreversible ou catastrófica.
- f) Que se produza unha extracción ilegal de augas en período de restricións.»

Cento setenta e sete. Modifícase o artigo 328, que queda redactado como segue:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa dun a tres anos, ou do dobre ao cuádruplo do prexuízo causado cando a cantidade resultante for máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade.

b) Multa de seis meses a dous anos, ou do dobre ao triplo do prexuízo causado se a cantidade resultante for máis elevada, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Cento setenta e oito. Modifícase o artigo 332, que queda redactado como segue:

«1. Quen, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral, corte, abata, arrinque, apañe, adquira, posúa ou destrúa especies protexidas de flora silvestre, ou trafique con elas, as súas partes ou derivados ou cos seus propágulos, salvo que a conduta afecte unha cantidade insignificante de exemplares e non teña consecuencias relevantes para o estado de conservación da especie, será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de oito a vinte e catro meses, e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de seis meses a dous anos.

A mesma pena se imporá a quen, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral, destrúa ou altere gravemente o seu hábitat.

2. A pena imporase na súa metade superior se se tratar de especies ou subespecies catalogadas en perigo de extinción.

3. Se os feitos se cometesen por imprudencia grave, imporase unha pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de catro a oito meses, e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de tres meses a dous anos.»

Cento setenta e nove. Modifícase o artigo 334, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de oito a vinte e catro meses e, en todo caso, inhabilitación especial para profesión ou oficio e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de cazar ou pescar por tempo de dous a catro anos quen, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral:

a) cace, pesque, adquira, posúa ou destrúa especies protexidas de fauna silvestre;

b) trafique con elas, as súas partes ou derivados, ou

c) realice actividades que impidan ou dificulten a súa reprodución ou migración.

A mesma pena se imporá a quen, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral, destrúa ou altere gravemente o seu hábitat.

2. A pena imporase na súa metade superior se se trata de especies ou subespecies catalogadas en perigo de extinción.

3. Se os feitos se cometesen por imprudencia grave, imporase unha pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de catro a oito meses e, en todo caso, inhabilitación especial para profesión ou oficio e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de cazar ou pescar por tempo de tres meses a dous anos.»

Cento oitenta. Modifícase o artigo 335, que terá a seguinte redacción:

«1. Quen cace ou pesque especies distintas das indicadas no artigo anterior, cando estea expresamente prohibido polas normas específicas sobre a súa caza ou pesca, será castigado coa pena de multa de oito a doce meses e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de cazar ou pescar por tempo de dous a cinco anos.

2. Quen cace ou pesque ou realice actividades de marisqueo relevantes sobre especies distintas das indicadas no artigo anterior en terreos públicos ou privados alleos, sometidos a réxime cinexético especial, sen o debido permiso do seu titular ou sometidos a concesión ou autorización marisqueira ou acuícola sen o debido título administrativo habilitante, será castigado coa pena de multa de catro a oito meses e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de cazar, pescar ou realizar actividades de marisqueo por tempo dun a tres anos, ademais das penas que poidan corresponderlle, se for o caso, pola comisión do delito previsto no número 1 deste artigo.

3. Se as condutas anteriores produciren graves danos ao patrimonio cinexético dun terreo sometido a réxime cinexético especial ou á sustentabilidade dos recursos en zonas de concesión ou autorización marisqueira ou acuícola, imporase a pena de prisión de seis meses a dous anos e inhabilitación especial para o exercicio dos dereitos de cazar, pescar e realizar actividades de marisqueo por tempo de dous a cinco anos.

4. Imporase a pena na súa metade superior cando as condutas tipificadas neste artigo se realicen en grupo de tres ou máis persoas ou utilizando artes ou medios prohibidos legal ou regulamentariamente.»

Cento oitenta e un. Modifícase o artigo 337, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Será castigado coa pena de tres meses e un día a un ano de prisión e inhabilitación especial dun ano e un día a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenza de animais o que por calquera medio ou procedemento maltrate inxustificadamente, causándolle lesións que menoscaben gravemente a súa saúde ou someténdoo a explotación sexual,

- a) un animal doméstico ou amansado,
  - b) un animal dos que habitualmente están domesticados,
  - c) un animal que temporal ou permanentemente vive baixo control humano,
- ou
- d) calquera animal que non viva en estado salvaxe.

2. As penas previstas no número anterior imporanse na súa metade superior cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que se utilizasen armas, instrumentos, obxectos, medios, métodos ou formas concretamente perigosas para a vida do animal.
- b) Que mediase asañoamento.
- c) Que se causase ao animal a perda ou a inutilidade dun sentido, órgano ou membro principal.
- d) Que os feitos se executasen en presenza dun menor de idade.

3. Se se causase a morte do animal, imporase unha pena de seis a dezaioito meses de prisión e inhabilitación especial de dous a catro anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenza de animais.

4. Os que, fóra dos supostos a que se refiren os números anteriores deste artigo, maltraten cruelmente os animais domésticos ou calquera outro en

espectáculos non autorizados legalmente serán castigados cunha pena de multa dun a seis meses. Así mesmo, o xuíz poderá impor a pena de inhabilitación especial de tres meses a un ano para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenza de animais.»

Cento oitenta e dous. Engádesse un artigo 337 bis, co seguinte contido:

«Quen abandone un animal dos mencionados no número 1 do artigo anterior en condicións en que poida perigar a súa vida ou integridade será castigado cunha pena de multa dun a seis meses. Así mesmo, o xuíz poderá impor a pena de inhabilitación especial de tres meses a un ano para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenza de animais.»

Cento oitenta e tres. Engádesse un artigo 345, co seguinte contido:

«1. Quen, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral, adquira, posúa, trafique, facilite, trate, transforme, utilice, almacene, transporte ou elimine materiais nucleares ou outras substancias radioactivas perigosas que causen ou poidan causar a morte ou lesións graves a persoas, ou danos substanciais á calidade do aire, a calidade do solo ou a calidade das augas ou a animais ou plantas será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos, multa de seis a dezaoto meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo dun a tres anos.

2. Quen sen a debida autorización produza tales materiais ou substancias será castigado coa pena superior en grao.

3. Se os feitos a que se refiren os números anteriores se cometesen por imprudencia grave, imporase a pena inferior en grao á sinalada neles.»

Cento oitenta e catro. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 346, que quedan redactados como segue:

«1. Quen, provocando explosións ou utilizando calquera outro medio de similar potencia destrutiva, cause a destrución de aeroportos, portos, estacións, edificios, locais públicos, depósitos que conteñan materiais inflamables ou explosivos, vías de comunicación, medios de transporte colectivos, ou a inmersión ou varamento de nave, inundación, explosión dunha mina ou instalación industrial, levantamento dos carrís dunha vía férrea, cambio malicioso dos sinais empregados no servizo desta para a seguranza dos medios de transporte, voadura de ponte, estrago de calzada pública, dano a oleodutos, perturbación grave de calquera clase ou medio de comunicación, perturbación ou interrupción da subministración de auga, electricidade, hidrocarburos ou outro recurso natural fundamental incorrerán na pena de prisión de dez a vinte anos, cando os desperfectos comportaren necesariamente un perigo para a vida ou integridade das persoas.

2. Cando non concorra tal perigo, castigaranse cunha pena de catro a oito anos de prisión.»

Cento oitenta e cinco. Modifícase o artigo 353, que queda redactado como segue:

«1. Os feitos a que se refire o artigo anterior serán castigados cunha pena de prisión de tres a seis anos e multa de dezaoto a vinte e catro meses cando o incendio alcance especial gravidade, atendendo á concorrencia dalgunha das circunstancias seguintes:

1.<sup>a</sup> Que afecte unha superficie de considerable importancia.

2.<sup>a</sup> Que se ocasionen grandes ou graves efectos erosivos nos solos.

3.<sup>a</sup> Que altere significativamente as condicións de vida animal ou vexetal, ou afecte algún espazo natural protexido.

4.<sup>a</sup> Que o incendio afecte zonas próximas a núcleos de poboación ou lugares habitados.

5.<sup>a</sup> Que o incendio sexa provocado nun momento en que as condicións climatolóxicas ou do terreo incrementen de forma relevante o risco de propagación.

6.<sup>a</sup> En todo caso, cando se ocasione grave deterioración ou destrución dos recursos afectados.

2. Imporase a mesma pena cando o autor actúe para obter un beneficio económico cos efectos derivados do incendio.»

Cento oitenta e seis. Modifícase a rúbrica da sección 5.<sup>a</sup> do capítulo II do título XVII do libro II e introdúcese nesta sección un novo artigo 358 bis, coa seguinte redacción:

«Sección 5. Disposicións comúns.»

«Artigo 358 bis. *O disposto nos artigos 338 a 340 será tamén aplicable aos delitos regulados neste capítulo.*»

Cento oitenta e sete. Modifícase o artigo 361, que queda redactado como segue:

«Quen fabrique, importe, exporte, subministre, intermedie, comercialice, ofrezca ou poña no mercado, ou almacene con estas finalidades, medicamentos, incluídos os de uso humano e veterinario, así como os medicamentos en investigación, que carezan da necesaria autorización exixida pola lei, ou produtos sanitarios que non dispoñan dos documentos de conformidade exixidos polas disposicións de carácter xeral, ou que estean deteriorados, caducados ou incumpran as exixencias técnicas relativas á súa composición, estabilidade e eficacia, e con isto se xere un risco para a vida ou a saúde das persoas, será castigado cunha pena de prisión de seis meses a tres anos, multa de seis a doce meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio de seis meses a tres anos.»

Cento oitenta e oito. Suprímese o artigo 361 bis.

Cento oitenta e nove. Modifícase o artigo 362, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado cunha pena de prisión de seis meses a catro anos, multa de seis a dezaioito meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio dun a tres anos quen elabore ou produza,

a) un medicamento, incluídos os de uso humano e veterinario, así como os medicamentos en investigación, ou unha substancia activa ou un excipiente dese medicamento;

b) un produto sanitario, así como os accesorios, elementos ou materiais que sexan esenciais para a súa integridade;

de modo que se presente enganosamente a súa identidade, incluídos, se for o caso, o envase e a etiqueta, a data de caducidade, o nome ou composición de calquera dos seus compoñentes ou, se for o caso, a dosificación; a súa orixe, incluídos o fabricante, o país de fabricación, o país de orixe e o titular da autorización de comercialización ou dos documentos de conformidade; datos relativos ao cumprimento de requisitos ou exixencias legais, licenzas, documentos de conformidade ou autorizacións; ou o seu historial, incluídos os rexistros e documentos relativos ás canles de distribución empregadas, sempre que estiveren destinados ao consumo público ou ao uso de terceiras persoas e xeren un risco para a vida ou a saúde das persoas.

2. As mesmas penas se imporán a quen altere, ao fabricalo ou elaboralo ou nun momento posterior, a cantidade, as doses, a caducidade ou a composición xenuína, segundo o autorizado ou declarado, de calquera dos medicamentos, excipientes, produtos sanitarios, accesorios, elementos ou materiais mencionados

no número anterior, dun modo que reduza a súa seguranza, eficacia ou calidade e con isto xere un risco para a vida ou a saúde das persoas.»

Cento noventa. Engádesse un novo artigo 362 bis, que queda redactado como segue:

«Será castigado cunha pena de prisión de seis meses a catro anos, multa de seis a dezoito meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio dun a tres anos quen, con coñecemento da súa falsificación ou alteración, importe, exporte, anuncie ou faga publicidade, ofrezca, exhiba, venda, facilite, expendá, despache, envase, subministre, incluíndo a intermediación, trafique, distribúa ou poña no mercado calquera dos medicamentos, substancias activas, excipientes, produtos sanitarios, accesorios, elementos ou materiais a que se refire o artigo anterior, e con isto xere un risco para a vida ou a saúde das persoas.

As mesmas penas se imporán a quen os adquira ou teña en depósito coa finalidade de destinalos ao consumo público, ao uso de terceiras persoas ou a calquera outro uso que poida afectar a saúde pública.»

Cento noventa e un. Engádesse un novo artigo 362 ter, que queda redactado como segue:

«Quen elabore calquera documento falso ou de contido mendaz referido a calquera dos medicamentos, substancias activas, excipientes, produtos sanitarios, accesorios, elementos ou materiais a que se refire o número 1 do artigo 362, incluídos o seu envase, etiqueta e modo de emprego, para cometer ou facilitar que se cometa un dos delitos do artigo 362, será castigado coa pena de seis meses a dous anos de prisión, multa de seis a doce meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio de seis meses a dous anos.»

Cento noventa e dous. Engádesse un novo artigo 362 quáter, que queda redactado como segue:

«Imporanse as penas superiores en grao ás sinaladas nos artigos 361, 362, 362 bis ou 362 ter cando o delito se perpetre concorrendo algunha das circunstancias seguintes:

1.<sup>a</sup> Que o culpable sexa autoridade, funcionario público, facultativo, profesional sanitario, docente, educador, adestrador físico ou deportivo, e actúe no exercicio do seu cargo, profesión ou oficio.

2.<sup>a</sup> Que os medicamentos, substancias activas, excipientes, produtos sanitarios, accesorios, elementos ou materiais referidos no artigo 362:

- a) se ofrecen a través de medios de difusión a grande escala, ou
- b) se ofrecen ou facilitan a menores de idade, persoas con discapacidade necesitadas de especial protección ou persoas especialmente vulnerables en relación co produto facilitado.

3.<sup>a</sup> Que o culpable pertencese a unha organización ou grupo criminal que tivese como finalidade a comisión deste tipo de delitos.

4.<sup>a</sup> Que os feitos fosen realizados en establecementos abertos ao público polos seus responsables ou empregados.»

Cento noventa e tres. Engádesse un novo artigo 362 quinquies, que queda redactado como segue:

«1. Os que, sen xustificación terapéutica, prescriban, proporcionen, dispensen, subministren, administren, ofrezan ou faciliten a deportistas federados non competitivos, deportistas non federados que practiquen o deporte por lecer, ou deportistas que participen en competicións organizadas en España por entidades



deportivas, substancias ou grupos farmacolóxicos prohibidos, así como métodos non regulamentarios, destinados a aumentar as súas capacidades físicas ou a modificar os resultados das competicións, que polo seu contido, reiteración da inxestión ou outras circunstancias concorrentes poñan en perigo a súa vida ou saúde, serán castigados coas penas de prisión de seis meses a dous anos, multa de seis a dezaioito meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio, de dous a cinco anos.

2. Imporanse as penas previstas no número anterior na súa metade superior cando o delito se perpetre concorrendo algunha das circunstancias seguintes:

- 1.<sup>a</sup> Que a vítima sexa menor de idade.
- 2.<sup>a</sup> Que se empregase engano ou intimidación.
- 3.<sup>a</sup> Que o responsable se prevalecese dunha relación de superioridade laboral ou profesional.»

Cento noventa e catro. Engádesse un novo artigo 362 sexies, que queda redactado como segue:

«Nos delitos previstos nos artigos anteriores deste capítulo serán obxecto de comiso as substancias e produtos a que se refiren os artigos 359 e seguintes, así como os bens, medios, instrumentos e ganancias con suxeición ao disposto nos artigos 127 a 128.»

Cento noventa e cinco. Modifícase o artigo 366, que queda redactado como segue:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos nos artigos anteriores deste capítulo, imporáselle unha pena de multa dun a tres anos, ou do dobre ao quíntuplo do valor das substancias e produtos a que se refiren os artigos 359 e seguintes, ou do beneficio que se obtivese ou se puidese obter, aplicando a cantidade que resulte máis elevada.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Cento noventa e seis. Modifícase o artigo 374, que queda redactado como segue:

«Nos delitos previstos no parágrafo segundo do número 1 do artigo 301 e nos artigos 368 a 372, ademais das penas que corresponda impor polo delito cometido, serán obxecto de comiso as drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, os equipamentos, materiais e substancias a que se refire o artigo 371, así como os bens, medios, instrumentos e ganancias con suxeición ao disposto nos artigos 127 a 128 e ás seguintes normas especiais:

1.<sup>a</sup> Unha vez firme a sentenza, procederáse á destrución das mostras que se apartasen, ou á destrución da totalidade do incautado, no caso de que o órgano xudicial competente ordenase a súa conservación.

2.<sup>a</sup> Os bens, medios, instrumentos e ganancias definitivamente comisados por sentenza, que non poderán ser aplicados á satisfacción das responsabilidades civís derivadas do delito nin das custas procesuais, serán adxudicados integramente ao Estado.»

Cento noventa e sete. Modifícase o artigo 375, que queda redactado como segue:

«As condenas de xuíces ou tribunais estranxeiros por delitos da mesma natureza que os previstos nos artigos 361 ao 372 deste capítulo producirán os efectos de reincidencia, salvo que o antecedente penal fose cancelado ou poida selo conforme o dereito español.»

Cento noventa e oito. Modifícase o artigo 376, que queda redactado como segue:

«Nos casos previstos nos artigos 361 a 372, os xuíces ou tribunais, razoándoo na sentenza, poderán impor a pena inferior nun ou dous graos á sinalada pola lei para o delito de que se trate, sempre que o suxeito abandonase voluntariamente as súas actividades delituosas e colaborase activamente coas autoridades ou cos seus axentes ben para impedir a produción do delito, ben para obter probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables ou para impedir a actuación ou o desenvolvemento das organizacións ou asociacións a que pertencese ou con que colaborase.

Igualmente, nos casos previstos nos artigos 368 a 372, os xuíces ou tribunais poderán impor a pena inferior nun ou dous graos ao reo que, sendo drogodependente no momento de comisión dos feitos, acredite suficientemente que finalizou con éxito un tratamento de deshabitación, sempre que a cantidade de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas non fose de notoria importancia ou de extrema gravidade.»

Cento noventa e nove. Modifícase o artigo 378, que queda redactado como segue:

«Os pagamentos que efectúe o penado por un ou varios dos delitos a que se refiren os artigos 361 ao 372 imputaranse pola orde seguinte:

- 1.º Á reparación do dano causado e indemnización de prexuízos.
- 2.º Á indemnización do Estado polo importe dos gastos que se fixesen pola súa conta na causa.
- 3.º Á multa.
- 4.º Ás custas do acusador particular ou privado cando se impoña na sentenza o seu pagamento.
- 5.º Ás demais custas procesuais, mesmo as da defensa do procesado, sen preferencia entre os interesados.»

Douscentos. Modifícase o artigo 386, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de oito a doce anos e multa do tanto ao décuplo do valor aparente da moeda:

- 1.º Quen altere a moeda ou fabrique moeda falsa.
- 2.º Quen introduza no país ou exporte moeda falsa ou alterada.
- 3.º Quen transporte, expendo ou distribúa moeda falsa ou alterada con coñecemento da súa falsidade.

2. Se a moeda falsa for posta en circulación, imporase a pena na súa metade superior.

A tenza, recepción ou obtención de moeda falsa para a súa expedición ou distribución ou posta en circulación será castigada coa pena inferior nun ou dous graos, atendendo ao valor daquela e ao grao de convivencia co falsificador, alterador, introdutor ou exportador.

3. Quen, tendo recibido de boa fe moeda falsa, a expendo ou distribúa despois de constarlle a súa falsidade será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a vinte e catro meses. Non obstante, se o valor aparente da moeda non exceder 400 euros, imporase a pena de multa dun a tres meses.

4. Se o culpable pertencer a unha sociedade, organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización destas actividades, o xuíz ou tribunal poderá impor algunha ou algunhas das consecuencias previstas no artigo 129 deste código.

5. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos anteriores delitos, imporáselle a pena de multa do triplo ao décuplo do valor aparente da moeda.»

Douscentos un. Modifícase o artigo 387, que queda redactado como segue:

«Para os efectos do artigo anterior, enténdese por moeda a metálica e o papel moeda de curso legal, e aquela que previsiblemente será posta en curso legal. Equiparanse á moeda nacional as doutros países da Unión Europea e as estranxeiras.

Terase igualmente por moeda falsa aquela que, a pesar de ser realizada nas instalacións e cos materiais legais, se realiza incumprindo, conscientemente, as condicións de emisión que puxese a autoridade competente ou cando se emita sen existir orde de emisión.»

Douscentos dous. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 389, que queda redactado como segue:

«O adquirente de boa fe de selos de correos ou efectos timbrados que, coñecendo a súa falsidade, os distribúa ou utilice será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a vinte e catro meses. Non obstante, se o valor aparente dos selos ou efectos timbrados non exceder 400 euros, imponse a pena de multa dun a tres meses.»

Douscentos tres. Modifícase o artigo 400, que queda coa seguinte redacción:

«A fabricación, recepción, obtención ou tenza de útiles, materiais, instrumentos, substancias, datos e programas informáticos, aparellos, elementos de seguranza ou outros medios especificamente destinados a cometer os delitos descritos nos capítulos anteriores castigaranse coa pena sinalada en cada caso para os autores.»

Douscentos catro. Introdúcese un novo artigo 402 bis, coa seguinte redacción:

«Quen sen estar autorizado use pública e indebidamente uniforme, traxe ou insignia que lle atribúan carácter oficial será castigado coa pena de multa dun a tres meses.»

Douscentos cinco. Modifícase o artigo 403, que queda redactado como segue:

«1. Quen exerza actos propios dunha profesión sen posuír o correspondente título académico expedido ou recoñecido en España de acordo coa lexislación vixente incorrerá na pena de multa de doce a vinte e catro meses. Se a actividade profesional desenvolvida exixir un título oficial que acredite a capacitación necesaria e habilite legalmente para o seu exercicio, e non se estiver en posesión dese título, imponse a pena de multa de seis a doce meses.

2. Imponse unha pena de prisión de seis meses a dous anos se concorrer algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o culpable, ademais, se atribúa publicamente a calidade de profesional amparada polo título referido.

b) Que o culpable exerza os actos a que se refire o número anterior nun local ou establecemento aberto ao público en que se anuncie a prestación de servizos propios daquela profesión.»

Douscentos seis. Modifícase o artigo 404, que queda redactado nos seguintes termos:

«A autoridade ou funcionario público que, consciente da súa inxustiza, dite unha resolución arbitraria nun asunto administrativo será castigado coa pena de

inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de nove a quince anos.»

Douscentos sete. Modifícase o artigo 405, que queda redactado nos seguintes termos:

«A autoridade ou funcionario público que, no exercicio da súa competencia e consciente da súa ilegalidade, propoña, nomee ou dea posesión para o exercicio dun determinado cargo público a calquera persoa sen que concorran os requisitos legalmente establecidos para isto, será castigado coas penas de multa de tres a oito meses e suspensión de emprego ou cargo público por tempo dun a tres anos.»

Douscentos oito. Modifícase o artigo 418, que queda redactado nos seguintes termos:

«O particular que aproveite para si ou para un terceiro o segredo ou a información privilexiada que obteña dun funcionario público ou autoridade será castigado con multa do tanto ao triplo do beneficio obtido ou facilitado e a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período dun a tres anos. Se resultar grave dano para a causa pública ou para terceiro, a pena será de prisión dun a seis anos e a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de seis a dez anos.»

Douscentos nove. Modifícase o artigo 419, que queda redactado nos seguintes termos:

«A autoridade ou funcionario público que, en proveito propio ou dun terceiro, reciba ou solicite, por si ou por persoa interposta, dádiva, favor ou retribución de calquera clase ou acepte ofrecemento ou promesa para realizar no exercicio do seu cargo un acto contrario aos deberes inherentes a este ou para non realizar ou atrasar inxustificadamente o que debería practicar, incorrerá na pena de prisión de tres a seis anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de nove a doce anos, sen prexuízo da pena correspondente ao acto realizado, omitido ou atrasado en razón da retribución ou promesa, se for constitutivo de delito.»

Douscentos dez. Modifícase o artigo 420, que queda redactado nos seguintes termos:

«A autoridade ou funcionario público que, en proveito propio ou dun terceiro, reciba ou solicite, por si ou por persoa interposta, dádiva, favor ou retribución de calquera clase ou acepte ofrecemento ou promesa para realizar un acto propio do seu cargo, incorrerá na pena de prisión de dous a catro anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de cinco a nove anos.»

Douscentos once. Modifícase o artigo 423, que queda redactado como segue:

«O disposto nos artigos precedentes será igualmente aplicable aos xurados, árbitros, mediadores, peritos, administradores ou interventores designados xudicialmente, administradores concursais ou a calquera persoa que participe no exercicio da función pública.»

Douscentos doce. Modifícase o artigo 424, que queda redactado como segue:

«1. O particular que ofrezca ou entregue dádiva ou retribución de calquera outra clase a unha autoridade, funcionario público ou persoa que participe no exercicio da función pública para que realice un acto contrario aos deberes inherentes ao seu cargo ou un acto propio do seu cargo, para que non realice ou atrase o que debería practicar, ou en consideración ao seu cargo ou función, será castigado, nos seus respectivos casos, coas mesmas penas de prisión e multa que a autoridade, funcionario ou persoa corrompida.

2. Cando un particular entregue a dádiva ou retribución atendendo a solicitude da autoridade, funcionario público ou persoa que participe no exercicio da función pública, imporánselle as mesmas penas de prisión e multa que a eles correspondan.

3. Se a actuación conseguida ou pretendida da autoridade ou funcionario tiver relación cun procedemento de contratación, de subvencións ou de poxas convocado polas administracións ou entes públicos, imporase ao particular e, se for o caso, á sociedade, asociación ou organización por el representada a pena de inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar con entes, organismos ou entidades que formen parte do sector público e para gozar de beneficios ou incentivos fiscais e da Seguridade Social por un tempo de cinco a dez anos.»

Douscentos trece. Modifícase o artigo 427, que queda redactado como segue:

«O disposto nos artigos precedentes será tamén aplicable cando os feitos sexan imputados ou afecten:

a) Calquera persoa que exerza un cargo ou emprego lexislativo, administrativo ou xudicial dun país da Unión Europea ou de calquera outro país estranxeiro, tanto por nomeamento como por elección.

b) Calquera persoa que exerza unha función pública para un país da Unión Europea ou calquera outro país estranxeiro, incluído un organismo público ou unha empresa pública, para a Unión Europea ou para outra organización internacional pública.

c) Calquera funcionario ou axente da Unión Europea ou dunha organización internacional pública.»

Douscentos catorce. Introdúcese un novo artigo 427 bis, coa seguinte redacción:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa de dous a cinco anos, ou do triplo ao quádruplo do beneficio obtido cando a cantidade resultante for máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

b) Multa dun a tres anos, ou do dobre ao quádruplo do beneficio obtido cando a cantidade resultante for máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade non incluída na anterior alínea.

c) Multa de seis meses a dous anos, ou do dobre ao triplo do beneficio obtido se a cantidade resultante for máis elevada, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Douscentos quince. Modifícase o artigo 428, que queda redactado como segue:

«O funcionario público ou autoridade que inflúa noutro funcionario público ou autoridade prevalecéndose do exercicio das facultades do seu cargo, ou de calquera outra situación derivada da súa relación persoal ou xerárquica con este ou con outro funcionario ou autoridade, para conseguir unha resolución que poida xerar directa ou indirectamente un beneficio económico para si ou para un terceiro incorrerá nas penas de prisión de seis meses a dous anos, multa do tanto ao duplo do beneficio perseguido ou obtido e inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de cinco a nove anos. Se obtiver o beneficio perseguido, estas penas imporanse na súa metade superior.»

Douscentos dezaseis. Modifícase o artigo 429, que queda redactado como segue:

«O particular que inflúa nun funcionario público ou autoridade prevalecéndose de calquera situación derivada da súa relación persoal con este ou con outro funcionario público ou autoridade para conseguir unha resolución que poida xerar directa ou indirectamente un beneficio económico para si ou para un terceiro será castigado coas penas de prisión de seis meses a dous anos, multa do tanto ao duplo do beneficio perseguido ou obtido e prohibición de contratar co sector público, así como a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar de beneficios ou incentivos fiscais e da Seguridade Social por tempo de seis a dez anos. Se obtiver o beneficio perseguido, estas penas imporanse na súa metade superior.»

Douscentos dezasete. Modifícase o artigo 430, que queda redactado como segue:

«Os que, ofrecéndose a realizar as condutas descritas nos dous artigos anteriores, soliciten de terceiros dádivas, presentes ou calquera outra remuneración, ou aceptaren ofrecemento ou promesa, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a un ano. Se o delito for cometido por autoridade ou funcionario público, imporáselle, ademais, a pena de inhabilitación especial para cargo ou emprego público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo dun a catro anos.

Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste capítulo, imporáselle a pena de multa de seis meses a dous anos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Douscentos dezaioito. Suprímese o artigo 431.

Douscentos dezanove. Modifícase o artigo 432, que queda redactado como segue:

«1. A autoridade ou funcionario público que cometa o delito do artigo 252 contra o patrimonio público será castigado cunha pena de prisión de dous a seis anos, inhabilitación especial para cargo ou emprego público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de seis a dez anos.

2. Imporase a mesma pena á autoridade ou funcionario público que cometa o delito do artigo 253 sobre o patrimonio público.

3. Imporanse as penas de prisión de catro a oito anos e inhabilitación absoluta por tempo de dez a vinte anos se nos feitos a que se refiren os dous números anteriores concorre algunha das circunstancias seguintes:

- a) que se causase un grave dano ou entorpecemento ao servizo público, ou
- b) que o valor do prexuízo causado ou dos bens ou efectos apropiados excede 50.000 euros.

Se o valor do prexuízo causado ou dos bens ou efectos apropiados exceder 250.000 euros, imporase a pena na súa metade superior, e poderase chegar ata a superior en grao.»

Douscentos vinte. Modifícase o artigo 433, que queda redactado como segue:

«Os feitos a que se refire o artigo anterior serán castigados cunha pena de prisión dun a dous anos e multa de tres meses e un día a doce meses, e en todo caso inhabilitación especial para cargo ou emprego público e dereito de sufraxio pasivo por tempo dun a cinco anos, cando o prexuízo causado ou o valor dos bens ou valores apropiados sexa inferior a 4.000 euros.»

Douscentos vinte e un. Modifícase o artigo 434, que queda redactado do seguinte modo:

«Se o culpable de calquera dos feitos tipificados neste capítulo reparase de modo efectivo e íntegro o prexuízo causado ao patrimonio público, ou colaborase activamente coas autoridades ou os seus axentes para obter probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables ou para o completo esclarecemento dos feitos delituosos, os xuíces e tribunais imporán ao responsable deste delito a pena inferior nun ou dous graos.»

Douscentos vinte e dous. Engádese un ordinal 4.º ao artigo 435, coa seguinte mención:

«4.º Aos administradores concursais, con relación á masa concursal ou os intereses económicos dos acredores. En particular, consideraranse afectados os intereses dos acredores cando de maneira dolosa se altere a orde de pagamentos dos créditos establecida na lei.»

Douscentos vinte e tres. Modifícase o artigo 436, que queda redactado como segue:

«A autoridade ou funcionario público que, intervindo por razón do seu cargo en calquera dos actos das modalidades de contratación pública ou en liquidacións de efectos ou haberes públicos, se poña de acordo cos interesados ou use calquera outro artificio para defraudar calquera ente público, incorrerá nas penas de prisión de dous a seis anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de seis a dez anos. Ao particular que se puxese de acordo coa autoridade ou funcionario público imporáselle a mesma pena de prisión que a estes, así como a de inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar con entes, organismos ou entidades que formen parte do sector público e para gozar de beneficios ou incentivos fiscais e da Seguridade Social por un tempo de dous a sete anos.»

Douscentos vinte e catro. Modifícase o artigo 438, que queda redactado como segue:

«A autoridade ou funcionario público que, abusando do seu cargo, cometa algún delito de estafa ou de fraude de prestacións do sistema de Seguridade Social do artigo 307 ter incorrerá nas penas respectivamente sinaladas a estes, na súa metade superior, coa posibilidade de chegar ata a superior en grao, e inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de tres a nove anos, salvo que os feitos estean castigados cunha pena máis grave nalgún outro precepto deste código.»

Douscentos vinte e cinco. Modifícase o artigo 439, que queda redactado como segue:

«A autoridade ou funcionario público que, debendo intervir por razón do seu cargo en calquera clase de contrato, asunto, operación ou actividade, se aproveite de tal circunstancia para forzar ou facilitarse calquera forma de participación, directa ou por persoa interposta, en tales negocios ou actuacións, incurrirá na pena de prisión de seis meses a dous anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de dous a sete anos.»

Douscentos vinte e seis. Modifícase o artigo 440, que queda redactado como segue:

«Os peritos, árbitros e contadores partidores que se conduzan do modo previsto no artigo anterior, respecto dos bens ou cousas en cuxa taxación, partición ou adjudicación interviñesen, e os titores, curadores ou testamenteiros respecto dos pertencentes aos seus pupilos ou testamentarías, e os administradores concursais respecto dos bens e dereitos integrados na masa do concurso, serán castigados coa pena de multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio, garda, tutela ou curatela, segundo os casos, por tempo de tres a seis anos, salvo que esta conduta estea sancionada con maior pena noutro precepto deste código.»

Douscentos vinte e sete. Modifícase o artigo 441, que queda redactado como segue:

«A autoridade ou funcionario público que, fóra dos casos admitidos nas leis ou regulamentos, realice, por si ou por persoa interposta, unha actividade profesional ou de asesoramento permanente ou accidental, baixo a dependencia ou ao servizo de entidades privadas ou de particulares, en asunto en que deba intervir ou interviñese por razón do seu cargo, ou nos que se tramiten, se sometan a informe ou se resolvan na oficina ou centro directivo en que estea destinado ou do cal dependa, incurrirá nas penas de multa de seis a doce meses e suspensión de emprego ou cargo público por tempo de dous a cinco anos.»

Douscentos vinte e oito. Modifícase o artigo 442, que queda redactado como segue:

«A autoridade ou funcionario público que faga uso dun segredo de que teña coñecemento por razón do seu oficio ou cargo, ou dunha información privilexiada, con ánimo de obter un beneficio económico para si ou para un terceiro, incurrirá nas penas de multa do tanto ao triplo do beneficio perseguido, obtido ou facilitado e inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de dous a catro anos. Se obtiver o beneficio perseguido, imporanse as penas de prisión dun a tres anos, multa do tanto ao séxtuplo do beneficio perseguido, obtido ou facilitado e inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de catro a seis anos.

Se resultar grave dano para a causa pública ou para terceiro, a pena será de prisión dun a seis anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de nove a doce anos. Para os efectos deste artigo enténdese por información privilexiada toda información de carácter concreto que se teña exclusivamente por razón do oficio ou cargo público e que non fose notificada, publicada ou divulgada.»

Douscentos vinte e nove. Modifícase a rúbrica do capítulo X do título XIX do libro II, que terá a seguinte redacción:

Capítulo X «Disposición común aos capítulos anteriores»



Douscentos trinta. Modifícase o artigo 445, que terá a seguinte redacción:

«A provocación, a conspiración e a proposición para cometer os delitos previstos neste título castigarase, respectivamente, coa pena inferior nun ou dous graos.»

Douscentos trinta e un. Modifícase o artigo 446, que queda redactado como segue:

«O xuíz ou maxistrado que, conscientemente, dite sentenza ou resolución inxusta será castigado:

1.º Coa pena de prisión dun a catro anos se se trata de sentenza inxusta contra o reo en causa criminal por delito grave ou menos grave e a sentenza non chegou a executarse, e coa mesma pena na súa metade superior e multa de doce a vinte e catro meses se se executou. En ambos os casos se imporá, ademais, a pena de inhabilitación absoluta por tempo de dez a vinte anos.

2.º Coa pena de multa de seis a doce meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de seis a dez anos, se se tratar dunha sentenza inxusta contra o reo ditada en proceso por delito leve.

3.º Coa pena de multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de dez a vinte anos, cando dite calquera outra sentenza ou resolución inxustas.»

Douscentos trinta e dous. Modifícase o número 1 do artigo 456, que queda redactado como segue:

«1. Os que, con coñecemento da súa falsidade ou temerario desprezo pola verdade, imputen a algunha persoa feitos que, de seren certos, constituirían infracción penal, se esta imputación se fixer ante funcionario xudicial ou administrativo que teña o deber de proceder á súa investigación, serán sancionados:

1.º Coa pena de prisión de seis meses a dous anos e multa de doce a vinte e catro meses, se se imputar un delito grave.

2.º Coa pena de multa de doce a vinte e catro meses, se se imputar un delito menos grave.

3.º Coa pena de multa de tres a seis meses, se se imputar un delito leve.»

Douscentos trinta e tres. Engádese un número 3 ao artigo 468, co seguinte contido:

«3. Os que inutilicen ou perturben o funcionamento normal dos dispositivos técnicos que fosen dispostos para controlar o cumprimento de penas, medidas de seguranza ou medidas cautelares, non os leven consigo ou omitan as medidas exixibles para manter o seu correcto estado de funcionamento serán castigados cunha pena de multa de seis a doce meses.»

Douscentos trinta e catro. Modifícase o artigo 485, que terá a seguinte redacción:

«1. quen mate o rei ou a raíña ou o príncipe ou a princesa de Asturias será castigado coa pena de prisión permanente revisable.

2. quen mate calquera dos ascendentes ou descendentes do rei ou da raíña, a raíña consorte ou o consorte da raíña, o rexente ou algún membro da rexencia será castigado coa pena de prisión de vinte a vinte e cinco anos, salvo que os feitos estean castigados cunha pena máis grave nalgún outro precepto deste código.

Se concorreren no delito dúas ou máis circunstancias agravantes, imporase a pena de prisión de vinte e cinco a trinta anos.

3. No caso de tentativa destes delitos, poderá imporse a pena inferior nun grao.»

Douscentos trinta e cinco. Modifícase o artigo 510, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Serán castigados cunha pena de prisión dun a catro anos e multa de seis a doce meses:

a) Os que publicamente fomenten, promovan ou inciten directa ou indirectamente ao odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra un grupo, unha parte del ou contra unha persoa determinada por razón da súa pertenza a aquel, por motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, a pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade.

b) Os que produzan, elaboren, posúan coa finalidade de distribuír, faciliten a terceiras persoas o acceso, distribúan, difundan ou vendan escritos ou calquera outra clase de material ou soportes que polo seu contido sexan idóneos para fomentar, promover ou incitar directa ou indirectamente ao odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra un grupo, unha parte deste ou contra unha persoa determinada por razón da súa pertenza a aquel, por motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, a pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade.

c) Os que publicamente neguen, trivialicen gravemente ou enaltezan os delitos de xenocidio, de lesa humanidade ou contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, ou enaltezan os seus autores, cando se cometesen contra un grupo ou unha parte del, ou contra unha persoa determinada por razón da súa pertenza a este, por motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, a situación familiar ou a pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade, cando deste modo se promova ou favoreza un clima de violencia, hostilidade, odio ou discriminación contra eles.

2. Serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos e multa de seis a doce meses:

a) Os que lesionen a dignidade das persoas mediante accións que entrañen humillación, menosprezo ou descrédito dalgún dos grupos a que se refire o número anterior, ou dunha parte deles, ou de calquera persoa determinada por razón da súa pertenza a eles por motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, a pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade, ou produzan, elaboren, posúan coa finalidade de distribuír, faciliten a terceiras persoas o acceso, distribúan, difundan ou vendan escritos ou calquera outra clase de material ou soportes que polo seu contido sexan idóneos para lesionar a dignidade das persoas por representar unha grave humillación, menosprezo ou descrédito dalgún dos grupos mencionados, dunha parte deles, ou de calquera persoa determinada por razón da súa pertenza a estes.

b) Os que enaltezan ou xustifican por calquera medio de expresión pública ou de difusión os delitos que fosen cometidos contra un grupo, unha parte del, ou contra unha persoa determinada por razón da súa pertenza a aquel, por motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, pola pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade, ou os que participasen na súa execución.

Os feitos serán castigados cunha pena dun a catro anos de prisión e multa de seis a doce meses cando dese modo se promova ou favoreza un clima de violencia, hostilidade, odio ou discriminación contra os mencionados grupos.

3. As penas previstas nos números anteriores imporanse na súa metade superior cando os feitos se levasen a cabo a través dun medio de comunicación social, por medio da internet ou mediante o uso de tecnoloxías da información, de modo que aquel se fíxese accesible a un elevado número de persoas.

4. Cando os feitos, á vista das súas circunstancias, resulten idóneos para alterar a paz pública ou crear un grave sentimento de inseguranza ou temor entre os integrantes do grupo, imporase a pena na súa metade superior, que poderá elevarse ata a superior en grao.

5. En todos os casos se imporá, ademais, a pena de inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre, por un tempo superior entre tres e dez anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta, se for o caso, na sentenza, atendendo proporcionalmente á gravidade do delito, o número dos cometidos e ás circunstancias que concorran no delincente.

6. O xuíz ou tribunal acordará que se destrúan, borren ou inutilicen os libros, arquivos, documentos, artigos e calquera clase de soporte obxecto do delito a que se refiren os números anteriores ou por medio dos cales se cometese. Cando o delito se cometese a través de tecnoloxías da información e a comunicación, acordarase a retirada dos contidos.

Nos casos en que, a través dun portal de acceso á internet ou servizo da sociedade da información, se difundan exclusiva ou preponderantemente os contidos a que se refire o número anterior, ordenarase o bloqueo do acceso ou a interrupción da prestación daquel.»

Douscentos trinta e seis. Introdúcese un novo artigo 510 bis, coa seguinte redacción:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos nos dous artigos anteriores, imporáselle a pena de multa de dous a cinco anos. Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.

Neste caso será igualmente aplicable o disposto no número 3 do artigo 510 do Código penal.»

Douscentos trinta e sete. Modifícase o artigo 511, que queda redactado como segue:

«1. Incorrerá na pena de prisión de seis meses a dous anos e multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo dun a tres anos o particular encargado dun servizo público que denegue a unha persoa unha prestación a que teña dereito por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa pertenza a unha etnia ou raza, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade.

2. As mesmas penas serán aplicables cando os feitos se cometan contra unha asociación, fundación, sociedade ou corporación ou contra os seus membros, por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a pertenza dos seus membros ou dalgún deles a unha etnia ou raza, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade.

3. Os funcionarios públicos que cometan algún dos feitos previstos neste artigo incorrerán nas mesmas penas na súa metade superior e na de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de dous a catro anos.

4. En todos os casos se imporá, ademais, a pena de inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre, por un tempo superior entre un e tres anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta, se for o caso, na sentenza, atendendo proporcionalmente á gravidade do delito e ás circunstancias que concorran no delincente.»

Douscentos trinta e oito. Modifícase o artigo 512, que queda redactado como segue:

«Os que no exercicio das súas actividades profesionais ou empresariais deneguen a unha persoa unha prestación a que teña dereito por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade, incorrerán na pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio e inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre por un período dun a catro anos.»

Douscentos trinta e nove. Modifícase o artigo 515, que queda redactado como segue:

«Son punibles as asociacións ilícitas e terán tal consideración:

- 1.º As que teñan por obxecto cometer algún delito ou, despois de constituídas, promovan a súa comisión.
- 2.º As que, aínda tendo por obxecto un fin lícito, empreguen medios violentos ou de alteración ou control da personalidade para a súa consecución.
- 3.º As organizacións de carácter paramilitar.
- 4.º As que fomenten, promovan ou inciten directa ou indirectamente ao odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra persoas, grupos ou asociacións por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a pertenza dos seus membros ou dalgún deles a unha etnia, raza ou nación, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, enfermidade ou discapacidade.»

Douscentos corenta. Modifícase o artigo 550, que queda redactado como segue:

«1. Son reos de atentado os que agridan ou, con intimidación grave ou violencia, opoñan resistencia grave á autoridade, aos seus axentes ou funcionarios públicos, ou os acometan, cando se achen no exercicio das funcións dos seus cargos ou con ocasión delas.

En todo caso, consideraranse actos de atentado os cometidos contra os funcionarios docentes ou sanitarios que se achen no exercicio das funcións propias do seu cargo, ou con ocasión delas.

2. Os atentados serán castigados coas penas de prisión dun a catro anos e multa de tres a seis meses se o atentado for contra autoridade e de prisión de seis meses a tres anos nos demais casos.

3. Non obstante o previsto no número anterior, se a autoridade contra a que se atenta for membro do Goberno, dos consellos de goberno das comunidades autónomas, do Congreso dos Deputados, do Senado ou das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, das corporacións locais, do Consello Xeral do Poder Xudicial, maxistrado do Tribunal Constitucional, xuíz, maxistrado ou membro do Ministerio Fiscal, imporase a pena de prisión dun a seis anos e multa de seis a doce meses.»

Douscentos corenta e un. Modifícase o artigo 551, que queda redactado como segue:

«Imporanse as penas superiores en grao ás respectivamente previstas no artigo anterior sempre que o atentado se cometa:

- 1.º Facendo uso de armas ou outros obxectos perigosos.
- 2.º Cando o acto de violencia executado resulte potencialmente perigoso para a vida das persoas ou poida causar lesións graves. En particular, están incluídos os supostos de lanzamento de obxectos contundentes ou líquidos inflamables, o incendio e a utilización de explosivos.
- 3.º Acometendo a autoridade, o seu axente ou o funcionario público mediante un vehículo de motor.
- 4.º Cando os feitos se leven a cabo con ocasión dun motín, resistencia ou incidente colectivo no interior dun centro penitenciario.»

Douscentos corenta e dous. Suprímese o artigo 552.

Douscentos corenta e tres. Modifícase o artigo 554, que queda redactado como segue:

«1. Os feitos descritos nos artigos 550 e 551 serán tamén castigados coas penas expresadas neles cando se cometan contra un membro das Forzas Armadas que, vestindo uniforme, estea prestando un servizo que lle fose legalmente encomendado.

2. As mesmas penas se imporán aos que acometan, empreguen violencia ou intimiden as persoas que acudan en auxilio da autoridade, os seus axentes ou funcionarios.

3. Tamén se imporán as penas dos artigos 550 e 551 aos que acometan, empreguen violencia ou intimiden gravemente:

a) Os bombeiros ou membros do persoal sanitario ou equipos de socorro que estean intervindo con ocasión dun sinistro, calamidade pública ou situación de emerxencia, coa finalidade de impedirles o exercicio das súas funcións.

b) O persoal de seguranza privada, debidamente identificado, que desenvolva actividades de seguranza privada en cooperación e baixo o mando das forzas e corpos de seguranza.»

Douscentos corenta e catro. Suprímese o artigo 555.

Douscentos corenta e cinco. Modifícase o artigo 556, que queda redactado como segue:

«1. Serán castigados coa pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis a dezaoto meses os que, sen estaren comprendidos no artigo 550, resistan ou desobedezan gravemente a autoridade ou os seus axentes no exercicio das súas funcións, ou o persoal de seguranza privada, debidamente identificado, que desenvolva actividades de seguranza privada en cooperación e baixo o mando das Forzas e Corpos de Seguranza.

2. Os que falten ao respecto e consideración debida á autoridade, no exercicio das súas funcións, serán castigados coa pena de multa dun a tres meses.»

Douscentos corenta e seis. Modifícase o artigo 557, que queda redactado como segue:

«1. Os que, actuando en grupo ou individualmente pero amparados nel, alteren a paz pública executando actos de violencia contra as persoas ou contra as cousas, ou ameazando outros con levarlos a cabo, serán castigados cunha pena de seis meses a tres anos de prisión.

Estas penas serán impostas sen prexuízo das que poidan corresponder aos actos concretos de violencia ou de ameazas que se leven a cabo.

2. Coas mesmas penas se castigarán os que actuaren sobre o grupo ou os seus individuos incitándoos a realizar as accións descritas no número anterior ou reforzando a súa disposición a levalas a cabo.»

Douscentos corenta e sete. Introdúcese un novo artigo 557 bis, coa seguinte redacción:

«Os feitos descritos no artigo anterior serán castigados cunha pena dun a seis anos de prisión cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

1.<sup>a</sup> Cando algún dos partícipes no delito porte unha arma ou outro instrumento perigoso, ou exhiba unha arma de fogo simulada.

2.<sup>a</sup> Cando o acto de violencia executado resulte potencialmente perigoso para a vida das persoas ou poida causar lesións graves. En particular, están incluídos os supostos de lanzamento de obxectos contundentes ou líquidos inflamables, o incendio e a utilización de explosivos.

3.<sup>a</sup> Cando os feitos se leven a cabo nunha manifestación ou reunión numerosa ou con ocasión dalgunha delas.

4.<sup>a</sup> Cando se leven a cabo actos de pillaxe.

5.<sup>a</sup> Cando o autor do feito se prevalecese da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público.

6.<sup>a</sup> Cando se leven a cabo con ocultación do rostro e así se dificulte a identificación dos seus autores.

Estas penas serán impostas sen prexuízo das que puideren corresponder aos actos concretos de violencia, ameazas ou pillaxe que se levasen a cabo.»

Douscentos corenta e oito. Introdúcese un novo artigo 557 ter, co seguinte contido:

«1. Os que, actuando en grupo ou individualmente pero amparados nel, invadan ou ocupen, contra a vontade do seu titular, o domicilio dunha persoa xurídica pública ou privada, un despacho, oficina, establecemento ou local, aínda que se encontre aberto ao público, e causen con isto unha perturbación relevante da paz pública e da súa actividade normal, serán castigados cunha pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a doce meses, salvo que os feitos xa estean castigados cunha pena máis grave noutro precepto deste código.

2. Os feitos serán castigados coa pena superior en grao cando concorran as circunstancias 1.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup>, 4.<sup>a</sup> ou 5.<sup>a</sup> do artigo 557 bis.»

Douscentos corenta e nove. Modifícase o artigo 559, que queda redactado como segue:

«A distribución ou difusión pública, a través de calquera medio, de mensaxes ou consignas que inciten a cometer dalgún dos delitos de alteración da orde pública do artigo 557 bis do Código penal, ou que sirvan para reforzar a decisión de levalos a cabo, será castigado cunha pena de multa de tres a doce meses ou prisión de tres meses a un ano.»

Douscentos cincuenta. Modifícase o artigo 561, que queda redactado como segue:

«Quen afirme falsamente ou simule unha situación de perigo para a comunidade ou a produción dun sinistro como consecuencia do cal sexa necesario prestar auxilio a outro, e con isto provoque a mobilización dos servizos de policía, asistencia ou salvamento, será castigado coa pena de prisión de tres meses e un día a un ano ou multa de tres a dezaioito meses.»

Douscentos cincuenta e un. Modifícase o artigo 566, que queda redactado como segue:

«1. Os que fabriquen, comercialicen ou establezan depósitos de armas ou municións non autorizados polas leis ou pola autoridade competente serán castigados:

1.º Se se tratar de armas ou municións de guerra ou de armas químicas, biolóxicas, nucleares ou radiolóxicas ou de minas antipersoas ou municións de fragmentación, coa pena de prisión de cinco a dez anos os promotores e organizadores, e coa de prisión de tres a cinco anos os que cooperasen á súa formación.

2.º Se se tratar de armas de fogo regulamentadas ou municións para elas, coa pena de prisión de dous a catro anos os promotores e organizadores, e coa de prisión de seis meses a dous anos os que cooperasen á súa formación.

3.º Coas mesmas penas será castigado, nos seus respectivos casos, o tráfico de armas ou municións de guerra ou de defensa, ou de armas químicas, biolóxicas, nucleares ou radiolóxicas ou de minas antipersoas ou municións de fragmentación.

2. As penas mencionadas no ordinal 1.º do número anterior imporanse aos que desenvolvan ou empreguen armas químicas, biolóxicas, nucleares ou radiolóxicas ou minas antipersoas ou municións de fragmentación, ou inicien preparativos militares para o seu emprego ou non as destrúan con infracción dos tratados ou convenios internacionais en que España sexa parte.»

Douscentos cincuenta e dous. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 567, que quedan redactados como segue:

«1. Considérase depósito de armas de guerra a fabricación, a comercialización ou a tenza de calquera das ditas armas, con independencia do seu modelo ou clase, mesmo que se achen en pezas desmontadas. Considérase depósito de armas químicas, biolóxicas, nucleares ou radiolóxicas ou de minas antipersoas ou de municións de fragmentación a súa fabricación, comercialización ou tenza.

O depósito de armas, na súa vertente de comercialización, comprende tanto a adquisición como o alleamento.

2. Considéranse armas de guerra as determinadas como tales nas disposicións reguladoras da defensa nacional. Considéranse armas químicas, biolóxicas, nucleares ou radiolóxicas, minas antipersoas ou municións de fragmentación as determinadas como tales nos tratados ou convenios internacionais en que España sexa parte.

Enténdese por desenvolvemento de armas químicas, biolóxicas, nucleares ou radiolóxicas, minas antipersoas ou municións de fragmentación calquera actividade consistente na investigación ou estudo de carácter científico ou técnico encamiñada á creación dunha nova arma química, biolóxica, nuclear ou radiolóxica, ou mina antipersoas ou munición de fragmentación ou a modificación dunha preexistente.»

Douscentos cincuenta e tres. Modifícase o número 1 do artigo 570 bis, que queda redactado como segue:

«1. Os que promovan, constitúan, organicen, coordinen ou dirixan unha organización criminal serán castigados coa pena de prisión de catro a oito anos se aquela tiver por finalidade ou obxecto cometer delitos graves, e coa pena de prisión de tres a seis anos nos demais casos, e os que participen activamente na organización, formen parte dela ou cooperen economicamente ou de calquera outro modo con ela serán castigados coas penas de prisión de dous a cinco anos se tiver como fin cometer delitos graves, e coa pena de prisión dun a tres anos nos demais casos.

Para os efectos deste código, enténdese por organización criminal a agrupación formada por máis de dúas persoas con carácter estable ou por tempo indefinido que, de maneira concertada e coordinada, se repartan diversas tarefas ou funcións co fin de cometer delitos.»

Douscentos cincuenta e catro. Modifícase o número 1 do artigo 570 ter, que queda redactado como segue:

«1. Os que constitúan, financien ou integren un grupo criminal serán castigados:

a) Se a finalidade do grupo for cometer delitos dos mencionados no número 3 do artigo anterior, coa pena de dous a catro anos de prisión cando se trate dun ou máis delitos graves e coa dun a tres anos de prisión cando se trate de delitos menos graves.

b) Coa pena de seis meses a dous anos de prisión se a finalidade do grupo for cometer calquera outro delito grave.

c) Coa pena de tres meses a un ano de prisión cando se trate de cometer un ou varios delitos menos graves non incluídos na alínea a) ou da perpetración reiterada de delitos leves.

Para os efectos deste código enténdese por grupo criminal a unión de máis de dúas persoas que, sen reuniren algunha ou algunhas das características da organización criminal definida no artigo anterior, teña por finalidade ou por obxecto a perpetración concertada de delitos.»

Douscentos cincuenta e cinco. Modifícase o número 1 do artigo 605, que queda redactado como segue:

«1. Quen mate o xefe dun Estado estranxeiro ou outra persoa internacionalmente protexida por un tratado que se encontre en España será castigado coa pena de prisión permanente revisable.»

Douscentos cincuenta e seis. Modifícase o artigo 607, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Os que, con propósito de destruír total ou parcialmente un grupo nacional, étnico, racial, relixioso ou determinado pola discapacidade dos seus integrantes, perpetren algún dos actos seguintes, serán castigados:

1.º Coa pena de prisión permanente revisable, se mataren algún dos seus membros.

2.º Coa pena de prisión permanente revisable, se agrediren sexualmente algún dos seus membros ou produciren algunha das lesións previstas no artigo 149.

3.º Coa pena de prisión de oito a quince anos, se someteren o grupo ou calquera dos seus individuos a condicións de existencia que poñan en perigo a súa vida ou perturben gravemente a súa saúde, ou cando lles produzan algunhas das lesións previstas no artigo 150.

4.º Coa mesma pena, se levaren a cabo desprazamentos forzosos do grupo ou dos seus membros, adoptaren calquera medida que tenda a impedir o seu xénero de vida ou reprodución, ou ben trasladaren pola forza individuos dun grupo para outro.

5.º Coa de prisión de catro a oito anos, se produciren calquera outra lesión distinta das sinaladas nos ordinais 2.º e 3.º deste número.

2. En todos os casos se imporá ademais a pena de inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre, por un tempo superior entre tres e cinco anos ao da duración da pena de privación



de liberdade imposta, se for o caso, na sentenza, atendendo proporcionalmente á gravidade do delito e ás circunstancias que concorran no delincente.»

Douscentos cincuenta e sete. Modifícanse os ordinais 1.º e 6.º do número 2 e engádesse un número 3 no artigo 607 bis, que quedan redactados como segue:

«1.º Coa pena de prisión permanente revisable se causaren a morte dalgunha persoa.»

«6.º Coa pena de prisión de doce a quince anos a desaparición forzada de persoas. Entenderase por desaparición forzada a aprehensión, detención ou o secuestro ou calquera outra forma de privación de liberdade que sexan obra de axentes do Estado ou de persoas ou grupos de persoas que actúan coa autorización, o apoio ou a aquiescencia do Estado, seguida da negativa a recoñecer a dita privación de liberdade ou do ocultamento da sorte ou do paradiro da persoa desaparecida, subtraéndoa da protección da lei.»

«3. En todos os casos previstos no número anterior imporase ademais a pena de inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre, por un tempo superior entre tres e cinco anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta, se for o caso, na sentenza, atendendo proporcionalmente á gravidade do delito e ás circunstancias que concorran no delincente.»

Douscentos cincuenta e oito. Substitución de termos no Código penal.

1. Todas as referencias contidas na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, aos termos «incapaz» ou «incapaces» son substituídas polos termos «persoa con discapacidade necesitada de especial protección» ou «persoas con discapacidade necesitadas de especial protección».

2. Todas as referencias contidas na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, ao termo «minusvalidez» son substituídas polo termo «discapacidade.»

Douscentos cincuenta e nove. Substitución de termos no Código penal.

1. Todas as referencias contidas na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, ao rei son substituídas polos termos «rei ou raíña».

2. Todas as referencias contidas na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, ao príncipe herdeiro da Coroa son substituídas por «príncipe ou princesa de Asturias».

Douscentos sesenta. Substitución de termos no Código penal.

(Esta substitución de termos non é aplicable ao galego)

**Disposición adicional primeira.** *Autorización xudicial de esterilización.*

A esterilización a que se refire o parágrafo segundo do artigo 156 do Código penal deberá ser autorizada por un xuíz no procedemento de modificación da capacidade ou nun procedemento contradictorio posterior, por instancia do representante legal da persoa sobre cuxa esterilización se resolve, oído o ditame de dous especialistas e o Ministerio Fiscal, e precedendo exame por parte do xuíz da persoa afectada que careza de capacidade para prestar o seu consentimento.

**Disposición adicional segunda.** *Instrución e axuizamento dos delitos leves.*

A instrución e o axuizamento dos delitos leves cometidos despois da entrada en vigor da presente lei substanciaranse conforme o procedemento previsto no libro VI da vixente Lei de axuizamento criminal, cuxos preceptos se adaptarán á presente reforma en todo aquilo que sexa necesario. As mencións contidas nas leis procesuais ás faltas entenderanse referidas aos delitos leves.

**Disposición adicional terceira.** *Regras para o exercicio da graza de indulto.*

O Goberno remitirá semestralmente ao Congreso dos Deputados un informe sobre a concesión e denegación de indultos. Para a presentación dos datos contidos no citado informe, e despois da súa revisión, un alto cargo do Ministerio de Xustiza solicitará a súa comparecencia ante a Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados.

**Disposición transitoria primeira.** *Lexislación aplicable.*

1. Os delitos e faltas cometidos ata o día da entrada en vigor desta lei vulgaranse conforme a lexislación penal vixente no momento en que se cometan. Non obstante o anterior, aplicarase esta lei, unha vez que entre en vigor, se as súas disposicións son máis favorables para o reo, aínda que os feitos fosen cometidos con anterioridade á súa entrada en vigor.

2. Para a determinación de cal é a lei máis favorable terase en conta a pena que correspondería ao feito xulgado coa aplicación das normas completas do Código na súa redacción anterior e coas do Código resultante da reforma operada pola presente lei e, se for o caso, a posibilidade de impor medidas de seguranza.

3. En todo caso, será oído o reo.

**Disposición transitoria segunda.** *Revisión de sentenzas.*

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial, no ámbito das competencias que lle atribúe o artigo 98 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, poderá asignar a revisión das sentenzas firmes ditadas antes da vixencia desta lei a un ou varios dos xulgados do penal ou seccións das audiencias provinciais dedicados en réxime de exclusividade á execución de sentenzas penais.

Os citados xuíces ou tribunais procederán a revisar as sentenzas firmes e en que o penado estea cumprindo efectivamente a pena, aplicando a disposición máis favorable considerada taxativamente e non polo exercicio do arbitrio xudicial. Nas penas privativas de liberdade non se considerará máis favorable esta lei cando a duración da pena anterior imposta ao feito coas súas circunstancias sexa tamén imposible conforme esta reforma do Código. Exceptúase o suposto en que esta lei conteña para o mesmo feito a previsión alternativa dunha pena non privativa de liberdade; en tal caso, deberá revisarse a sentenza.

2. Non se revisarán as sentenzas en que o cumprimento da pena estea suspendido, sen prexuízo de facelo en caso de que se revogue a suspensión e antes de proceder ao cumprimento efectivo da pena suspendida.

Igual regra se aplicará se o penado se encontra en período de liberdade condicional.

Tampouco se revisarán as sentenzas en que, consoante a redacción anterior dos artigos do Código e a presente reforma, corresponda exclusivamente pena de multa.

3. Non serán revisadas as sentenzas en que a pena estea executada ou suspendida, aínda que se encontren pendentos de executar outros pronunciamentos dela, así como as xa totalmente executadas, sen prexuízo de que o xuíz ou tribunal que no futuro poida telas en conta para efectos de reincidencia deba examinar previamente se o feito nelas penado deixou de ser delito ou puider corresponderlle unha pena menor da imposta no seu día, conforme esta lei.

4. Nos supostos de indulto parcial, non se revisarán as sentenzas cando a pena resultante que estea a cumprir o condenado se encontre comprendida nun marco impositivo inferior respecto a esta lei.

**Disposición transitoria terceira.** *Reglas de invocación da normativa aplicable en materia de recursos.*

Nas sentenzas ditadas conforme a lexislación que se derroga e que non sexan firmes por estaren pendentes de recurso, observaranse, unha vez transcorrido o período de *vacatio*, as seguintes regras:

- a) Se se tratar dun recurso de apelación, as partes poderán invocar e o xuíz ou tribunal aplicará de oficio os preceptos da nova lei, cando resulten máis favorables ao reo.
- b) Se se tratar dun recurso de casación, aínda non formalizado, o recorrente poderá sinalar as infraccións legais baseándose nos preceptos da nova lei.
- c) Se, interposto recurso de casación, estiver tramitándose, pasarase de novo ao recorrente, de oficio ou por instancia de parte, polo termo de oito días, para que adapte, se o considerar procedente, os motivos de casación alegados aos preceptos da nova lei, e do recurso así modificado informaranse as partes interesadas, o fiscal e o maxistrado relator e continuará a tramitación conforme dereito.

**Disposición transitoria cuarta.** *Xuízos de faltas en tramitación.*

1. A tramitación dos procesos por falta iniciados antes da entrada en vigor desta lei, por feitos que resultan tipificados como delitos leves, continuará tramitándose conforme o procedemento previsto para o xuízo de faltas no libro VI da vixente Lei de axuizamento criminal.

2. A tramitación dos procesos por falta iniciados antes da entrada en vigor desta lei, por feitos que resultan por ela despenalizados ou sometidos ao réxime de denuncia previa e que leven unida unha posible responsabilidade civil, continuarán ata a súa normal terminación, salvo que o lexitimado para isto manifeste expresamente non querer exercer as accións civís que o asistan, caso en que se procederá ao arquivamento do actuado, co visto do Ministerio Fiscal.

Se continuar a tramitación, o xuíz limitará o contido da disposición ao pronunciamento sobre responsabilidades civís e custas e ordenará a execución conforme o disposto na Lei de axuizamento criminal.

**Disposición derogatoria única.**

1. Queda derogado o libro III da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.
2. Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao previsto nesta lei orgánica.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da Lei do 18 de xuño de 1870, de regras para o exercicio da graza de indulto.*

Engádesse unha disposición adicional á Lei do 18 de xuño de 1870, de regras para o exercicio da graza de indulto, co seguinte contido:

«O Goberno remitirá semestralmente ao Congreso dos Deputados un informe sobre a concesión e denegación de indultos. Para a presentación dos datos contidos no citado informe, e despois da súa revisión, un alto cargo do Ministerio de Xustiza solicitará a súa comparecencia ante a Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados.»

**Disposición derradeira segunda.** *Modificación da Lei de axuizamento criminal aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882, polo que se aprobaba a Lei de axuizamento criminal.*

Modifícase a Lei de axuizamento criminal aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882 nos termos seguintes:

Un. Modifícanse o número 1 e a alínea d) do número 5 do artigo 14, que pasan a ter a seguinte redacción.

«1. Para o coñecemento e resolución dos xuízos por delito leve, o xuíz de instrución, salvo que a competencia corresponda ao xuíz de violencia sobre a muller de conformidade co número 5 deste artigo.»

«d) Do coñecemento e resolución dos xuízos polas infraccións tipificadas no parágrafo segundo do número 7 do artigo 171, parágrafo segundo do número 3 do artigo 172, e no número 4 do artigo 173 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, cando a vítima sexa algunha das persoas sinaladas como tales na alínea a) deste número.»

Dous. Modifícase o artigo 105, que pasa a ter a seguinte redacción.

«1. Os funcionarios do Ministerio Fiscal terán a obrigaón de exercer, consoante as disposicións da lei, todas as accións penais que consideren procedentes, haxa ou non acusador particular nas causas, menos aquelas que o Código penal reserva exclusivamente á querela privada.

2. Nos delitos perseguibles por instancia da persoa agraviada tamén poderá denunciar o Ministerio Fiscal se aquela for menor de idade, persoa con discapacidade necesitada de especial protección ou desvalida.

A ausencia de denuncia non impedirá a práctica de dilixencias por prevención.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 367 ter, que queda redactado como segue:

«3. O disposto nos dous números anteriores será tamén aplicable aos efectos intervidos en relación coa comisión de delitos contra a propiedade intelectual e industrial. Poderá igualmente procederse á súa destrución anticipada unha vez que tales efectos fosen examinados pericialmente, asegurando a conservación das mostras que resulten necesarias para garantir posteriores comprobacións ou investigacións, salvo que a autoridade xudicial acorde mediante resolución motivada a súa conservación íntegra no prazo dun mes desde a solicitude de destrución.»

Catro. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 367 quáter, que quedan redactados como segue:

«2. Cando concorra algún dos supostos previstos no número anterior, o xuíz, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal, das partes ou da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, e logo de audiencia do interesado, acordará a realización dos efectos xudiciais, salvo que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que estea pendente de resolución o recurso interposto polo interesado contra o embargo ou comiso dos bens ou efectos.

b) Que a medida poida resultar desproporcionada, á vista dos efectos que puiden supor para o interesado e, especialmente, da maior ou menor relevancia dos indicios en que se fundase a resolución cautelar de comiso.

3. Non obstante o disposto nos números anteriores, cando o ben de que se trate estea embargado en execución dun acordo adoptado por unha autoridade

xudicial estranxeira en aplicación da Lei de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, a súa realización non poderá levarse a cabo sen obter previamente a autorización da autoridade xudicial estranxeira.»

Cinco. Modifícase o número 3 do artigo 367 quinquies, que queda redactado do seguinte modo:

«3. A realización dos efectos xudiciais levarase a cabo conforme o procedemento que se determine regulamentariamente. Non obstante o anterior, previamente a acordala concederáse audiencia ao Ministerio Fiscal e aos interesados.

O produto da realización dos efectos, bens, instrumentos e ganancias aplicarase aos gastos que se causasen na conservación dos bens e no procedemento da súa realización, e a parte sobrante ingresarase na conta de consignacións do xulgado ou tribunal, que quedará afecta ao pagamento das responsabilidades civís e custas que se declaren, se for o caso, no procedemento. Tamén poderá asignarse total ou parcialmente de maneira definitiva, nos termos e polo procedemento que regulamentariamente se establezan, á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos e aos órganos do Ministerio Fiscal encargados da represión das actividades das organizacións criminais. Todo o anterior é sen prexuízo do disposto para o fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados.

No caso de realización dun ben embargado ou comisado por orde dunha autoridade xudicial estranxeira, aplicarase o disposto na Lei de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea.»

Seis. Modifícase o artigo 367 sexies, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Poderá autorizarse a utilización provisoria dos bens ou efectos comisados cautelarmente nos seguintes casos:

a) Cando concorran as circunstancias expresadas nas alíneas b) a f) do número 1 do artigo 367 quáter e a utilización dos efectos permita á Administración un aproveitamento do seu valor maior que coa realización anticipada, ou non se considere procedente esta realización anticipada.

b) Cando se trate de efectos especialmente idóneos para a prestación dun servizo público.

2. Cando concorra algún dos supostos previstos no número anterior, o xuíz, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, e logo de audiencia do interesado, autorizará a utilización provisoria dos efectos xudiciais, salvo que concorra algunha das circunstancias expresadas no parágrafo segundo do número 2 do artigo 367 quáter.

3. Corresponderá á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos resolver, conforme o previsto legal e regulamentariamente, sobre a adxudicación do uso dos efectos comisados cautelarmente e sobre as medidas de conservación que deban ser adoptadas. A oficina informará o xuíz ou tribunal, e o fiscal, do que acordase.»

Sete. Modifícase o artigo 367 septies, que queda redactado do seguinte modo:

«O xuíz ou tribunal, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou da propia Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, poderá encomendar a localización, a conservación e a administración dos efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas cometidas no marco dunha organización criminal á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

A organización e o funcionamento da citada oficina estableceranse regulamentariamente.»

Oito. Modifícase a rúbrica do libro VI da Lei de axuízamento criminal, que queda redactada do seguinte modo:

«LIBRO VI

**DO PROCEDEMENTO PARA O XUÍZO SOBRE DELITOS LEVES»**

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 962, que queda redactado como segue:

«1. Cando a Policía Xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres de delito leve de lesións ou maltrato de obra, de furto flagrante, de ameazas, de coaccións ou de injurias, cuxo axuízamento corresponda ao xulgado de instrución ao cal se debe entregar o atestado ou a outro do mesmo partido xudicial, procederá de forma inmediata a citar ante o xulgado de garda os ofendidos e prexudicados, o denunciante, o denunciado e as testemuñas que poidan dar razón dos feitos. Ao facer a citación apercibiranse as persoas citadas das respectivas consecuencias de non compareceren ante o xulgado de garda. Así mesmo, serán apercibidas de que poderá celebrarse o xuízo de forma inmediata no xulgado de garda, mesmo que non comparezan, e de que deben comparecer cos medios de proba de que se tenten valer. O denunciante e o ofendido ou prexudicado serán informados dos seus dereitos nos termos previstos nos artigos 109, 110 e 967.

No momento da citación solicitaráselles que designen, se dispoñen deles, un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono aos cales serán remitidas as comunicacións e notificacións que deban realizarse. Se non os puideren facilitar ou o solicitaren expresamente, as notificacións seranlles remitidas por correo ordinario ao domicilio que designen.»

Dez. Modifícase o artigo 963, que queda redactado como segue:

«1. Recibido o atestado conforme o previsto no artigo anterior, se o xuíz considerar procedente a incoación do xuízo, adoptará algunha das seguintes resolucións:

1.<sup>a</sup> Acordará o sobresemento do procedemento e o arquivamento das dilixencias cando o solicite o Ministerio Fiscal á vista das seguintes circunstancias:

a) Que o delito leve denunciado resulte de moi escasa gravidade á vista da natureza do feito, as súas circunstancias e as persoais do autor, e

b) non exista un interese público relevante na persecución do feito. Nos delitos leves patrimoniais, entenderase que non existe interese público relevante na súa persecución cando se procedese á reparación do dano e non exista denuncia do prexudicado.

Neste caso comunicará inmediatamente a suspensión do xuízo a todos aqueles que fosen citados conforme o número 1 do artigo anterior.

O sobresemento do procedemento será notificado aos ofendidos polo delito.

2.<sup>a</sup> Acordará a inmediata celebración do xuízo no caso de que comparecesen as persoas citadas ou de que, aínda sen ter comparecido algunha delas, o xulgado repute innecesaria a súa presenza. Así mesmo, para acordar a inmediata celebración do xuízo, o xulgado de garda terá en conta se resultará imposible a práctica dalgún medio de proba que se considere imprescindible.

2. Para acordar a celebración inmediata do xuízo, será necesario que o asunto corresponda ao xulgado de garda en virtude das normas de competencia e de repartición.»

Once. Modifícase o artigo 964, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Nos supostos non abranguidos polo artigo 962, cando a Policía Xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres dalgún delito leve, formará de maneira inmediata o correspondente atestado, que remitirá sen dilación ao xulgado de garda. Este atestado recollerá as dilixencias practicadas, así como o ofrecemento de accións ao ofendido ou prexudicado, practicado conforme os artigos 109, 110 e 967, e a designación, se dispuxeren deles, dun enderezo de correo electrónico e un número de teléfono aos cales serán remitidas as comunicacións e notificacións que deban realizarse. Se non os puideren facilitar ou o solicitaren expresamente, as notificacións seranlles remitidas por correo ordinario ao domicilio que designen.

2. Recibido o atestado conforme o previsto no parágrafo anterior, e en todos aqueles casos en que o procedemento se iniciase en virtude de denuncia presentada directamente polo ofendido ante o órgano xudicial, o xuíz poderá adoptar algunha das seguintes resolucións:

a) Acordará o sobresemento do procedemento e o arquivamento das dilixencias cando resulte procedente conforme o disposto no ordinal 1.<sup>a</sup> do número 1 do artigo anterior.

A resolución de sobresemento será notificada aos ofendidos polo delito.

b) Acordará celebrar de forma inmediata o xuízo se, estando identificado o denunciado, for posible citar todas as persoas que deban ser convocadas para que comparezan mentres dure o servizo de garda e concorran o resto dos requisitos exixidos polo artigo 963.

3. As citacións faranse ao Ministerio Fiscal, salvo que o delito leve sexa perseguible só por instancia de parte, ao querelante ou denunciante, se o houber, ao denunciado e ás testemuñas e peritos que poidan dar razón dos feitos. Ao practicar as citacións, serán apercibidas as persoas citadas das respectivas consecuencias de non compareceren ante o xulgado de garda e informadas de que poderá celebrarse o xuízo aínda que non asistan, e indícaráselles que deben comparecer cos medios de proba de que se tenten valer. Así mesmo, practícaranse co denunciado as actuacións sinaladas no número 2 do artigo 962.»

Doce. Modifícase o número 1 do artigo 965, que queda redactado como segue:

«1. Se non for posible a celebración do xuízo durante o servizo de garda, seguiranse as regras seguintes:

1.<sup>a</sup> Se o xuíz considerar que a competencia para o axuizamento corresponde ao propio xulgado de instrución e que non procede o sobresemento conforme o disposto no ordinal 1.<sup>a</sup> do número 1 do artigo 963, o secretario xudicial procederá, en todo caso, ao sinalamento para a celebración do xuízo e ás citacións procedentes para o día hábil máis próximo posible dentro dos predeterminados para tal fin e, en calquera caso, nun prazo non superior a sete días.

2.<sup>a</sup> Se o xuíz considerar que a competencia para o axuizamento corresponde a outro xulgado, o secretario xudicial remitíralle o actuado para que se proceda a realizar o sinalamento do xuízo e as citacións conforme o disposto na regra anterior.»

Trece. Modifícase o artigo 966, que queda redactado do seguinte modo:

«As citacións para a celebración do xuízo previsto no artigo anterior faranse ao Ministerio Fiscal, ao querelante ou denunciante, se o houber, ao denunciado e ás testemuñas e peritos que poidan dar razón dos feitos.

Para tal fin, solicitarase a cada un deles na súa primeira comparecencia ante a Policía Xudicial ou o xuíz de instrución que designen, se dispuxeren deles, un

endereço de correo electrónico e un número de teléfono aos cales serán remitidas as comunicacións e notificacións que deban realizarse. Se non os puideren facilitar ou o solicitaren expresamente, as notificacións seranlles remitidas por correo ordinario ao domicilio que designen.»

Catorce. Modifícase o número 1 do artigo 967, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Nas citacións que se efectúen ao denunciante, ao ofendido ou prexudicado e ao imputado para a celebración do xuízo, serán informados de que poden ser asistidos por avogado se o desexaren e de que deberán acudir ao xuízo cos medios de proba de que se tenten valer. Á citación do imputado xuntaráse copia da querela ou da denuncia que se presentase.»

Quince. Modifícase o número 2 do artigo 969, que queda redactado como segue:

«2. O fiscal asistirá aos xuízos por delito leve sempre que a eles sexa citado. No entanto, o fiscal xeral do Estado impartirá instrucións sobre os supostos en que, en atención ao interese público, os fiscais poderían deixar de asistir ao xuízo e de emitir os informes a que se refiren os artigos 963.1 e 964.2, cando a persecución do delito leve exixa a denuncia do ofendido ou prexudicado. Nestes casos, a declaración do denunciante no xuízo afirmando os feitos denunciados terá valor de acusación, aínda que non os cualifique nin sinale pena.»

Dezaseis. Modifícase o número 2 do artigo 973, que queda redactado como segue:

«2. A sentenza notificarase aos ofendidos e prexudicados polo delito leve aínda que non se mostrasen parte no procedemento. Na notificación faranse constar os recursos procedentes contra a resolución comunicada, así como o prazo para a súa presentación e o órgano xudicial ante o cal se deba interpor.»

Dezasete. Modifícase o número 3 do artigo 976, que queda redactado como segue:

«3. A sentenza de apelación notificarase aos ofendidos e prexudicados polo delito leve, aínda que non se mostrasen parte no procedemento.»

Dezaioito. Introdúcese un novo parágrafo cuarto no artigo 990, coa seguinte redacción, e permanece igual o resto do artigo:

«Nos supostos de delitos contra a Facenda pública, contrabando e contra a Seguridade Social, os órganos de recadación da Administración tributaria ou, se for o caso, da Seguridade Social terán competencia para investigar, baixo a supervisión da autoridade xudicial, o patrimonio que poida chegar a resultar afecto ao pagamento das responsabilidades civís derivadas do delito, exercer as facultades previstas na lexislación tributaria ou de Seguridade Social, remitir informes sobre a situación patrimonial e pór en coñecemento do xuíz ou tribunal as posibles modificacións das circunstancias de que poidan chegar a ter coñecemento e que sexan relevantes para que o xuíz ou tribunal resolva sobre a execución da pena, a súa suspensión ou a súa revogación.»

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación da Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado.*

Suprímese a alínea e) dos números 1 e 2 do artigo 1 da Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado. As alíneas f), g), h), i), j), k) e l) do número 2 do artigo 1 pasan a ser e), f), g), h), i), j) e k).



**Disposición derradeira cuarta.** *Modificación da Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea.*

Engádesse unha disposición adicional cuarta á Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, co seguinte contido:

«Disposición adicional cuarta. *Execución de resolucións de comiso ditadas por autoridades de terceiros Estados non membros da Unión Europea.*

Cando, en execución dunha resolución de comiso ditada pola autoridade competente dun Estado non membro da Unión Europea, os xuíces ou tribunais españois acorden o comiso de bens, valores ou efectos que se achen en España, a repartición destes levarase a cabo do seguinte modo:

1.º Se o valor dos bens, valores e efectos comisados, descontados os gastos realizados para a súa localización, administración e conservación, for inferior a 10.000 euros, adxudicaranse integramente ao Estado español e daráselles o destino que se determine legal ou regulamentariamente.

2.º No resto dos casos, descontados os gastos realizados para a súa localización, administración e conservación, corresponderá ao Estado de emisión o 50 por 100 do valor dos bens, valores e efectos comisados cando a resolución de comiso fose ditada pola autoridade competente dun Estado que garantise reciprocidade a España.

O resto dos bens, valores e efectos comisados serán adxudicados ao Estado español, que lles dará o destino que se determine legal ou regulamentariamente.

3.º O disposto no ordinal anterior será unicamente aplicable na falta de acordo entre o Reino de España e o Estado requirente.

4.º Disporase dos bens, valores ou efectos comisados do seguinte modo:

a) Se se tratar de diñeiro, transferirase ao Estado requirente a cantidade que corresponda.

b) Se se tratar de bens, valores ou efectos doutra natureza, transferiranse ao Estado requirente, na parte que corresponda, salvo que a resolución de comiso se referise a unha cantidade de diñeiro e o Estado requirente non se mostre conforme; procederase á súa venda conforme o procedemento que se determine regulamentariamente e transferirase o efectivo obtido, unha vez descontados os gastos de execución, ao Estado requirente, na parte que corresponda. Cando ningún dos dous procedementos anteriores poida ser aplicado, procederase conforme calquera outro procedemento autorizado legal ou regulamentariamente.

5.º Cando da execución da resolución de comiso resulten afectados bens integrantes do patrimonio histórico español, en ningún caso se procederá ao seu alleamento ou restitución ao Estado de emisión. En tal suposto, o comiso será inmediatamente comunicado ás autoridades españolas competentes e serán de aplicación as disposicións da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e a súa normativa de desenvolvemento.»

**Disposición derradeira quinta.** *Desenvolvemento regulamentario.*

Habílitase o Goberno para que aprobe as disposicións regulamentarias precisas para regular a estrutura, organización, funcionamento e actividade da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

**Disposición derradeira sexta.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpóranse ao dereito español:

a) A Decisión marco 2008/913/XAI do Consello, do 28 de novembro de 2008, relativa á loita contra determinadas formas e manifestacións de racismo e xenofobia mediante o dereito penal.

b) A Directiva 2009/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2009, pola que se establecen normas mínimas sobre as sancións e medidas aplicables aos empregadores de nacionais de terceiros países en situación irregular.

c) A Directiva 2011/93/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil.

d) A Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra o tráfico de seres humanos e á protección das vítimas.

e) A Directiva 2013/40/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de agosto de 2013, relativa aos ataques contra os sistemas de información e pola que se substitúe a Decisión marco 2005/222/XAI do Consello.

f) A Directiva 2014/42/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, sobre o embargo e o comiso dos instrumentos e do produto do delito na Unión Europea.

g) A Directiva 2014/62/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa á protección penal do euro e outras moedas fronte á falsificación.

**Disposición derradeira sétima.** *Disposicións con carácter de lei ordinaria.*

Teñen carácter de lei ordinaria os números cincuenta e catro a sesenta e oito do artigo único, as disposicións adicionais primeira, segunda e terceira, as disposicións transitorias terceira e cuarta e as disposicións derradeiras primeira, segunda, cuarta e quinta da presente lei orgánica, así como o artigo 128 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

**Disposición derradeira oitava.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o 1 de xullo de 2015.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Sevilla, 30 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY